

# Dende 1495 marcando o camiño a seguir

MEMORIA BIANUAL  
DE RESPONSABILIDADE  
SOCIAL 2014-2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA [USC]

“

**En cuestións de cultura e de saber,  
só se perde o que se garda,  
só se gaña o que se dá**

-Antonio Machado-

”

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) leva reportando en materia de Responsabilidade Social (RS) dende o ano 2003, e froito deste compromiso preséntase esta novena memoria, na que se reporta o enfoque e xestión do desempeño económico, ambiental e social correspondente ao exercicio dos anos 2014 e 2015.

A USC conta cun espazo web especialmente dedicado a reportar nesta materia, onde se pode atopar a información, os datos e indicadores, así como as versións dixitais desta memoria e das de anos anteriores. O espazo USC Responsable, que está vinculado á web [www.usc.es](http://www.usc.es), pode ser consultado publicamente a través da ligazón: [http://www.usc.es/gl/info\\_xeral/responsable/](http://www.usc.es/gl/info_xeral/responsable/).

## **Información xeral**

**Entidade:** Universidade de Santiago de Compostela (USC )

**CIF:** 0158001A

**Dirección:** Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n. 15782

Santiago de Compostela, A Coruña

**Responsable de RSE:** Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social

**Período comprendido:** anos 2014 e 2015.

**Difusión:** [www.usc.es](http://www.usc.es) e [http://www.usc.es/gl/info\\_xeral/responsable/](http://www.usc.es/gl/info_xeral/responsable/)

**Comunicación con Grupos de Interese (GI):** A estratexia de comunicación

da USC queda reflectida ao longo dos apartados deste informe en relación aos GI identificados.

**Edita:** Universidade de Santiago de Compostela

**Reitor:** D. Juan Viaño Rey

**Depósito dixital:** [http://www.usc.es/es/info\\_xeral/responsable/memoriars/](http://www.usc.es/es/info_xeral/responsable/memoriars/)



# Índice

INICIO	6
1. A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
2. CONTEXTO DA USC RESPONSABLE	35
SOCIEDADE	
3. XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO	48
4. XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO	64
5. EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO	99
6. RELACIÓNS CON ORGANIZACIÓNS	112
MEDIO AMBIENTE	
7. ECOLOXÍA INTERNA	122
8. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	135
DIMENSIÓN ECONÓMICA	
9. XESTIÓN ECONÓMICA	144
ANEXOS	152

# Inicio

INFORMACIÓN • • •

PRESENZA • • •

O REITOR • • •

O PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL • • •

A MEMORIA • • •

# Presenza



2 | 2 | 46 | 76 | 16  
CIDADES | CAMPUS | CENTROS\* | DEPARTAMENTOS | INSTITUTOS

\*Centros: facultades, escolas universitarias adscritas, escolas técnicas superiores, centros vinculados, escolas de especialización profesional, outros centros docentes (CPG e CETA), centros propios de investigación e centros singulares de investigación. Actualización Datos: Decembro de 2015

## **Reitor USC** *Juan Víaño Rey*



O sector público debe ser exemplar na rendición de contas e no seu compromiso social. Así o intenta a Universidade de Santiago de Compostela, que no ámbito da transparencia diante da sociedade ten un compromiso irrenunciabile. Non debe agardarse menos dunha institución de educación superior nin do seu equipo de goberno, de xeito que esta me-

moria de Responsabilidade Social Corporativa do goberno da USC non constitúe ningún mérito, senón unha obriga. Debemos predicar co exemplo e debemos asumir compromisos para poder falar de feitos.

Lonxe de poñerlle tachas á obra, somos cada vez máis os universitarios e universitarias que nos sentimos mellor facendo o que sempre soñamos e, agora, podemos levar adiante co apoio de toda a comunidade da USC, insignia da nosa identidade en Galicia e a nosa gran marca no mundo.

Nesta paisaxe de compromiso á que nos asomamos todos e todas, as universidades, especialmente as públicas, debemos ter presente a nosa responsabilidade coa sociedade. Estamos habituados a falar de financiamento, de cotas, de ránkings..., e temos avanzado moito

en diversos ámbitos do saber, sendo quen de crear ferramentas útiles no eido da medicina, da economía, da farmacia, da tecnoloxía... Pero somos conscientes de que, ante todo, temos a responsabilidade de formar persoas e profesionais capaces de aplicar e difundir mecanismos que incidan e melloren a calidade de vida da xente. Trátase de coidar do saber, de espallalo, de facernos mellores. Trátase dunha gran paixón compartida.

Dende a nosa posición, defendemos tamén a autonomía universitaria, exercida, xa que logo, con responsabilidade. Por esta razón, nestes anos de goberno temos introducido cambios nos mecanismos de toma de decisións que recollen todas as demandas -internas e externas, públicas e privadas-, movéndonos sempre no eixo da nosa razón de ser como universidade e como universitarios e universitarias.

A procura do consenso constante na toma de decisións e a responsabilidade de dirixir a institución cara un futuro de prosperidade plasmáronse na busca continua da calidade na docencia, o impacto da investigación e o empeño por transferir á sociedade o coñecemento xerado.

Este bienio 2014 - 2015 do que estamos a render contas ten sido o da consolidación dos aspectos fundamentais, tratando de manter o equilibrio orzamentario, a redución da débeda e o avance no compromiso social e medioambiental. Temos camiñado na reforma estrutural da organización académica e administrativa, mellorado nos servizos e en todos aqueles aspectos baseados nos tres

ámbitos propios da responsabilidade social: o económico, o social e o medioambiental.

En definitiva, somos unha universidade comprometida e a Responsabilidade Social Corporativa está presente en todas as tarefas que desenvolvemos no eido da docencia, da investigación, da transferencia de coñecemento, da integración, da vertebración no territorio, da cooperación cos distintos axentes sociais, etc.


A implicación de cada facultade, escola, departamento, instituto, área de coñecemento, unidade, servizo, persoal, alumnado, fai posible recoller este froito que, encadrado dentro do Plan Estratéxico 2011-2020, sitúa-

nos nunha mellor posición a nivel nacional e internacional. Os vellos compromisos adquiridos mantémolos, e os novos camiñan na boa senda, dando xa algún deles os seus froitos.

Convídevos a ler con calma esta Memoria que recolle todas estas dimensións e constitúe unha mostra do exercicio de transparencia e avaliación pública, froito do traballo de todos e de todas.

**Sr. Juan Víaño Rey**  
Reitor USC

## **Presidente do Consello Social** *José María Arias Mosquera*



Dende hai tempo xa está xeneralizada a idea de que a universidade é o principal motor do desenvolvemento económico, social e cultural dun país, e nese senso a Universidade de Santiago de Compostela está comprometida co exercicio desta función en favor do progreso social. Pero non debe quedar aí o papel da nosa institución, senón que esta debe de render contas do que acontece dentro dela ante o conxunto da sociedade, que non nos esquezamos, ao ser unha universidade pública é a súa propietaria.

Esta Memoria de Responsabilidade Social Corporativa facilita esta tarefa no senso de que comunica e ofrece unha visión integrada das políticas e actuacións que se levan a cabo dentro da USC nos diferentes ámbitos da Responsabilidade Social, dos obxectivos acadados, dos feitos máis relevantes que aconteceron, da transferencia de resultados cara á sociedade, do desenvolvemento dunha actividade investigadora de primeiro nivel, etc. e todo iso nun escenario que non é o idóneo debido ás dificultades económicas polas que atravesamos o país e concretamente nosa universidade.

Dende sempre o compromiso do Consello Social da USC coa transparencia é tamén un dos seus trazos distintivos, na medida en que boa parte dos nosos esforzos encamiñanse a facilitar o coñecemento da universidade en todas as súas facianas e difundir o seu labor entre a sociedade, deixando ver os claros beneficios que xera para ela e procurando obter o seu recoñecemento e colaboración.

Como presidente do Consello Social comprácame presentar esta Memoria de Responsabilidade Social Corporativa que pon de manifesto a resposta da USC ante a magnitude dos retos que houbo que afrontar, e todo isto para facer unha institución máis grande e de recoñecido prestixio, procurando ser eficiente e competitiva pero sen renunciar ao seu compromiso coa calidade e a responsabilidade social.

Debemos agradecer o esforzo e dedicación de todas as persoas que contribuíron aos resultados que se dan conta nesta memoria, así como animar á USC a dar continuidade con este exercicio de responsabilidade de rendición de contas, para o que sempre se contará co Consello Social.

**Sr. D. José María Arias Mosquera**  
Presidente do Consello Social

# A memoria

A Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Santiago de Compostela correspondente aos cursos 2013-14 e 2014-15, presenta un informe bianual, sendo a primeira que se redacta de acordo coa versión G4 da guía para elaboración de memorias de sostibilidade de Global Reporting Initiative (GRI). Esta versión contempla unha serie de novidades que obrigan a realizar unha adaptación dos contidos e indicadores reportados con anterioridade.

Os principios aplicados na determinación do contido da Memoria de Responsabilidade Social dos anos 2014 e 2015 foron:

- **Participación dos nosos Grupos de Interese (GI):** Dende a USC considérase que todos os mecanismos de reporte en materia responsabilidade social (RS) afianzan o compromiso cos grupos de interese ou stakeholders, e polo tanto coa sociedade. Na elaboración desta Memoria RS ínstase á colaboración de todas as partes e facilítase a súa participación no proceso de mellora da eficiencia e efectividade da rendición de contas.
- **Contexto da sostibilidade:** Ao longo do documento faise referencia ao impacto da USC na súa contorna, tendo en conta a dimensión interna e externa e dende un enfoque económico, social e medioambiental.

## Especificacións

### Período

Ano 2014 e Ano 2015 (Curso académico 2013-14 e 2014-15)

### Data anterior memoria

Ano 2013 (Curso académico 2012-13)

- **Materialidade:** O interese de cada aspecto material foi establecido con base no descritor recollido nos principios e contidos de elaboración das memorias GRI4 de cada aspecto, así como nos indicadores asociados a cada un deles. A elaboración da matriz baseouse na experiencia das informacións das memorias anteriores e na selección de aspectos materiais realizada no modelo GRI3. No caso dos efectos económicos, sociais e ambientais realizouse unha aproximación o máis simplificada posible cara a posterior presentación da información dos indicadores dentro do informe de xestión.

- **Exhaustividade:** Este documento dá cumprimento ao obxectivo de xerar un informe integrado que ofrezca unha visión completa da actividade baixo o marco da responsabilidade social, tomando como referencia as políticas e liñas de actuación establecidas no Plan Estratégico 2011 – 2020. Esta memoria constitúe unha referencia para a institución no seu compromiso coa rendición de contas e a transparencia en materia de RS, proponendo un estilo de reporte simplificado, práctico e visual no que se destacan os principais datos e accións do período. A web USC potencia e completa o valor comunicativo da memoria con información detallada e contidos explicativos, datos e indicadores sobre a actividade da mesma.

### Ciclo de presentación de memorias

Bianual

### Verificación externa

Non se realiza proceso de verificación externa

# I. A Universidade de Santiago de Compostela


QUE É A USC? . . .

ENFOQUE DA XESTIÓN . . .

ESTRUTURA ORGANIZATIVA . . .

ESTRUTURA DE GOBERNO . . .

FITOS DA USC 2014-15 . . .







“

A USC é a universidade de maior tradición de Galicia e unha das máis antigas do mundo, tendo superado os 500 anos.

”

## Perfil

O Artigo 1 dos estatutos establece que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, no marco da lexislación vixente.

Como Administración Pública vinculada á Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela, nos termos legalmente establecidos: a potestade regulamentaria, de autoorganización e sancionadora; a executividade, execución e potestade de revisión de oficio dos actos e resolucións producidos polos seus órganos de goberno; a equiparación coas prerrogativas procesuais da Administración do Estado e das comunidades autónomas nos procesos xudiciais nos que sexa parte, consonte á lexislación vixente; a facultade de instar conflitos de competencias; a inalienabilidade, inembargabilidade e imprescritibilidade dos seus bens de dominio público, así como as potestades de deslinde e recuperación de oficio de todos os seus bens; a exención tributaria, nos termos previstos na normativa vixente, incluídos impostos, taxas, prezos públicos e demais depósitos establecidos polo Estado, comunidades autónomas ou administracións locais; a exención de todo tipo de consignacións e depósitos; e, por último, a improcedencia de interditos, sempre que a súa actuación se axuste ao procedemento establecido.

## Que é a USC? ...

“

**A USC é unha institución pública dotada de personalidade xurídica plena e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo.**

”

Son funcións básicas da Universidade de Santiago de Compostela:

- A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, de xeito que se potencie unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos.
- A preparación para o exercicio de actividades profesionais.
- A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social.
- A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.
- O apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta.

Sempre baixo os principios de legalidade, eficacia, eficiencia, transparencia e calidade que rixen todas as súas actuacións, a USC desenvolve outras actividades de extensión universitaria que teñen por finalidade



procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria; potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias; proxectar as funcións e os servizos da Universidade á contorna social e atender especialmente á defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega.

A USC mantén unha relación fluída con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural, un compromiso permanente coa protección da saúde da comunidade universitaria e coa integración das persoas con discapacidade, a aplicación do principio de igualdade de xénero, e un modelo de desenvolvemento baseado no respecto, na preocupación e na conservación do ambiente.

O logro dun desenvolvemento sostible e a asunción e formación da súa responsabilidade social son obxectivos inherentes a misión da USC na súa relación cos seus grupos de interese ou stakeholders, polo tanto coa sociedade, o que vén a complementar o tradicional compromiso coa calidade e a eficacia na docencia, a investigación e a transferencia. A responsabilidade social non é unha parcela máis da actividade da USC, senón que define o qué é, o qué se fai e por suposto, cómo se fai.

Nesta liña o “Plan Estratégico da USC para o período 2011-2020” formula a misión, visión e valores da universidade e marca os obxectivos estratéxicos segundo os distintos ámbitos específicos que guiarán a xestión da institución nestes anos, recollendo unha liña que contempla o “compromiso e a implicación coa sociedade”, na que se inclúe o obxectivo de “reforzar o compromiso da USC coa responsabilidade social”.





## Misión – que somos?

“A USC é unha universidade dedicada principalmente á preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable. A universidade conta cunha ampla oferta académica e unha importante actividade investigadora caracterizadas pola excelencia. Valorada como unha das mellores universidades españolas, a USC é pioneira en políticas de emprendemento, de transferencia e valorización dos resultados da investigación, estando permanentemente ao servizo da sociedade galega”.



## Visión - que queremos ser?


- ➔ UNIVERSIDADE DE RECOÑECIDO PRESTIXIO
- ➔ FIRMEMENTE COMPROMETIDA COA SOCIEDADE
- ➔ EXEMPLAR NA XESTIÓN DOS RECURSOS
- ➔ PARTICIPATIVA EN TORNO A UN PROXECTO COMÚN

- Unha universidade de recoñecido prestixio, que continúe destacando a todos os niveis pola súa solvencia académica e por unha oferta atractiva capaz de captar o mellor estudiantado, así como por unha actividade investigadora recoñecida que responda ás demandas da contorna e aos criterios de excelencia científica que afiancen a súa proxección internacional.
- Unha universidade firmemente comprometida coa sociedade, que actúe como motor do desenvolvemento socioeconómico da contorna e que sexa un referente na cooperación social, no desenvolvemento sostible, no respecto ao medio ambiente e na creación e difusión da cultura.
- Unha universidade exemplar na xestión dos recursos, cun modelo de xestión áxil e transparente, cunha economía saneada e que saiba vincular o funcionamento das diferentes unidades estruturais coa estratexia institucional.
- Unha universidade participativa en torno a un proxecto común, na que todas as estratexias estean centradas nas persoas e nas súas competencias e condicións de traballo para conseguir que todo o seu persoal estea altamente cualificado e motivado.

- SINAI DE IDENTIDADE PROPIOS
- DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
- RESPECTO
- TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO
- TRANSPARENCIA
- SERVIZO Á SOCIEDADE.
- CONFIANZA



## Valores - como somos?







## A QUEN NOS DIRIXIMOS?

A Universidade de Santiago de Compostela xunto coa Universidade de A Coruña e a Universidade de Vigo forman o Sistema Público Universitario Galego (SUG) e comparten como principal público obxectivo a sociedade galega. A natureza de Universidade Pública da USC marca os seus principais compromisos coa sociedade, poñendo a disposición do seu estudiantado unha oferta académica variada, de calidade e que garante a accesibilidade igualitaria a todas as persoas; e establece un compromiso coa promoción da I+D e o apoio á transferencia do coñecemento.

A responsabilidade social da USC está condicionada á relación cos seus grupos de interese: estudiantado, persoal, provedores, empresas, institucións docentes, administracións públicas, terceiro sector e sociedade. O compromiso cos axentes fundamentais e grupos de interese afiánzase a través da representación e a presenza directa nos órganos de goberno da Universidade permitindo a defensa dos seus intereses e a consecución das súas expectativas. Nas seguintes páxinas pódense consultar as cifras relacionadas coa representación dos grupos de interese nos distintos órganos de goberno da USC.

## LIÑAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA USC PARA O PERÍODO DO 2011-2020

A USC conta cun plan estratéxico para acadar os retos que se lle presentan nos próximos anos. Para a súa elaboración foron consideradas as ideas e directrices da Estratexia Europea 2020, que marca a senda de crecemento da Unión para esta década, establecendo cinco grandes obxectivos vinculados a cinco grandes materias: emprego, innovación, educación, integración social, e clima - enerxía.

Xunto con ela, as achegas do documento do Ministerio de Educación Estratexia Universidade 2015 e o documento "USC horizonte 2015" complementan o plan de acción conxunto. Sobre estes fundamentos foron seleccionados os ámbitos de actuación do plan, as liñas estratéxicas e os obxectivos específicos, que asentan as políticas de xestión e as accións que desenvolve a USC en materia de responsabilidade social.

### Plan Estratéxico 2011-2020



# Dende 1495 marcando o camiño a seguir

Ámbitos de actuación e liñas estratéxicas recollidas no plan:



## ÁMBITO: PERSOAS

- Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
- Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
- O estudiantado: valor presente e futuro



## ÁMBITO: ACTIVIDADE UNIVERSITARIA

- Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
- Procura de excelencia na docencia
- Cara á excelencia investigadora



## ÁMBITO: XESTIÓN INSTITUCIONAL

- Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
- Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos



## ÁMBITO: RELACIÓN COA CONTORNA

- Transferencia efectiva de coñecemento
- O compromiso e a implicación coa sociedade

A USC define os obxectivos para cada ámbito e liña definida no plan, entre os que se estipula o esforzo e o compromiso coa responsabilidade social.

Na web da USC pódese consultar información detallada sobre o Plan, e no Anexo I desta memoria recóllese a correlación entre os ámbitos do Plan e o reporte en materia de sostibilidade.





PERSOAS		AE1
<b>Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostiabilidade</b>		<b>AE1LE1:</b>
1. Definir e implantar un modelo de xestión de recursos humanos máis flexible e diverso que, en base a un deseño do cadro de persoal nas áreas de docencia, investigación e administración, supoña un aproveitamento equilibrado dos recursos e das potencialidades.		AE1LE1OB1
2. Incorporar perfís polivalentes, capaces de acompañar á Universidade no proceso de internacionalización, excelencia e calidade.		AE1LE1OB2
3. Definir e implantar unha estrutura de apoio que garanta o desenvolvemento das actividades de docencia e transferencia de coñecemento e investigación, creando os mecanismos que permitan a reconversión dos servizos tradicionais.		AE1LE1OB3
<b>Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal</b>		<b>AE1LE2:</b>
1. Establecer un modelo de carreira profesional e promoción do PDI e do PAS que recoñeza as diversas capacidades e potencialidades para dar resposta ás necesidades da Universidade.		AE1LE2OB1
2. Prover ao persoal de formación e habilidades en eidos diversos que lle permita avanzar na súa carreira profesional, desenvolver o seu talento e mellorar as oportunidades de promoción, ao tempo que atende ás necesidades da Universidade.		AE1LE2OB2
3. Crear as condicións que permitan captar e reter o talento, favorecendo o cambio progresivo e renovador do persoal.		AE1LE2OB3
<b>O estudiantado: valor presente e futuro</b>		<b>AE1LE3:</b>
1. Incrementar o talento na USC a través da atracción de alumnas/os con altas capacidades, aproveitando para iso a boa imaxe de marca da USC.		AE1LE3OB1
2. Contribuír á formación integral do estudiantado transformando os servizos non académicos converténdoo en ferramentas de apoio.		AE1LE3OB2
3. Potenciar a orientación dos servizos académicos cara á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.		AE1LE3OB3
4. Mellorar a empregabilidade dos egresados e profesionais formados na Universidade.		AE1LE3OB4
ACTIVIDADE UNIVERSITARIA		AE2
<b>Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade</b>		<b>AE2LE1:</b>
1. Optimizar a oferta de títulos de grao para axustala á realidade actual e ás necesidades emerxentes		AE2LE1OB1
2. Conformar unha oferta de posgrao especializada e competitiva respecto á contorna universitaria, nacional e internacional, incrementando o prestixio social dos estudos de posgrao.		AE2LE1OB2
3. Ampliación da oferta formativa para o recoñecemento de competencias transversais en todos os estudos de grao da USC.		AE2LE1OB3
4. Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade.		AE2LE1OB4
<b>Procura da excelencia na docencia</b>		<b>AE2LE2:</b>
1. Xeneralizar o uso do novo modelo de ensino-aprendizaxe derivado da adaptación ao EEES.		AE2LE2OB1
2. Reforzar a interacción entre a docencia e a investigación.		AE2LE2OB2
3. Valorar e recoñecer a calidade da actividade docente do profesorado.		AE2LE2OB3
<b>Cara á excelencia investigadora</b>		<b>AE1LE2:</b>
1. Mellorar a posición internacional da USC no eido da investigación.		AE3LE3OB1
2. Potenciar o desenvolvemento dos Campus de Excelencia Internacional nos que participa a USC e sacar proveito do seu impacto cara á proxección internacional da		AE3LE3OB2

Universidade	AE3LE3OB3
3. Incrementar a porcentaxe de PDI activo en investigación.	AE3LE3OB4
4. Optimizar a utilización dos servizos de apoio á investigación	AE3LE3OB5

<b>XESTIÓN INSTITUCIONAL</b>	<b>AE3</b>
------------------------------	------------

<b>Unha universidade de recoñecido prestixio internacional</b>	<b>AE3LE1:</b>
--	----------------

1. Avanzar no proceso de internacionalización da universidade na docencia, investigación e xestión.	AE3LE1OB1
2. Incrementar as relacións con universidades estranxeiras, servindo de ponte entre a Unión Europea e Latinoamérica e aproveitando as novas oportunidades en Estados Unidos, Canadá e países de economía emerxente.	AE3LE1OB2
3. Internacionalización da colaboración coas empresas tanto con fins docentes coma de investigación, transferencia e emprendemento	AE3LE1OB3

<b>Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos</b>	<b>AE3LE2:</b>
---	----------------

1. Xestión Transparente	AE3LE2OB1
2. Incrementar o financiamento	AE3LE2OB2
3. Optimizar o uso dos recursos, establecendo un sistema de información e xestión integral	AE3LE2OB3
4. Adaptar a estrutura organizativa de xestión e de servizos á realidade da USC.	AE3LE2OB4
5. Conseguir unha maior articulación entre os campus de Santiago e Lugo.	AE3LE2OB5

<b>RELACIÓN COA CONTORNA</b>	<b>AE4</b>
------------------------------	------------

<b>Transferencia efectiva de coñecemento</b>	<b>AE4LE1:</b>
--	----------------

1. Incrementar o compromiso da USC coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna, non só para contribuír ao seu desenvolvemento socio-económico, mais tamén como fórmula de progreso social.	AE4LE1OB1
2. Dar un novo pulo á innovación e transferencia de coñecemento aproveitando a experiencia nos ámbitos disciplinares con actividade recoñecida neste eido e propondo novos modelos axeitados para outros ámbitos.	AE4LE1OB2
3. Facilitar e promover a actividade de transferencia en Humanidades e en Ciencias Sociais e Xurídicas.	AE4LE1OB3
4. Facilitar o desenvolvemento de procesos de maduración dos resultados de investigación para facelos máis aplicables e, deste xeito, lograr a súa transferencia efectiva.	AE4LE1OB4
5. Fomentar a cultura emprendedora a través da docencia e da investigación entre toda a comunidade universitaria, e en especial, entre as/os investigadoras/es en formación e o estudiantado.	AE4LE1OB5

<b>O compromiso e a implicación coa sociedade</b>	<b>AE4LE2:</b>
---	----------------

1. Reforzar o compromiso da USC coa responsabilidade social.	AE4LE2OB1
2. Acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural	AE4LE2OB2
3. Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao desenvolvemento.	AE4LE2OB3
4. Implicar a toda a comunidade universitaria no compromiso coa conservación e a mellora do medio ambiente facendo copartícipe deste obxectivo á sociedade	AE4LE2OB4
5. Difundir cara á sociedade a cultura da USC e pór en valor o seu patrimonio histórico, cultural, científico, técnico e natural.	AE4LE2OB5




# Enfoque da xestión ●●●

## ÉTICA E INTEGRIDADE

“ O Código Ético da USC reúne os principios, valores e normas que guían e rexen a actividade interna da universidade e a súa acción social. ”

A USC a través desta norma establece os fundamentos para a actuación dos membros da comunidade universitaria, contribuíndo a previr accións e condutas que se poidan considerar reprobables. O valedor da comunidade universitaria é a figura responsable de coordinar o Observatorio do Código Ético. A través deste servizo a universidade realiza un seguimento e avaliación do cumprimento do Código Ético, canalizando as suxestións e as queixas para tramitar unha resposta, ademais de realizar informes periódicos desta norma recibindo as suxestións e as queixas da comunidade universitaria. Este servizo conta cun espazo web propio a través do que se pode acceder a toda a información.



## **TRANSPARENCIA**

A USC, como universidade pública establece a transparencia como un dos piares fundamentais sobre os que se asenta a súa xestión e a súa relación cos principais grupos de interese. O principio de transparencia non só se reflicte no compromiso de rendición de contas sobre o conxunto da actividade da universidade, senón que tamén na mellora da accesibilidade á información, a través dos distintos espazos web desta institución.

Froito deste compromiso coa transparencia fanse públicos diferentes informes de investigación, económicos, de servizos e centros, entre outros. A USC é a universidade española que máis tempo leva reportando en materia de responsabilidade social. O primeiro informe "Memoria de Responsabilidade Social 2003" foi presentado no ano 2004.

Nas publicacións periódicas recóllense os principais fitos da USC e reflíctese a preocupación polos problemas da súa contorna e polo seu impacto económico, social e medioambiental.

Sometemento das contas económicas a auditoría externa e ao control do Consello Social.

A intranet corporativa, a través da que se informa ao persoal sobre asuntos de especial relevancia.

Publicación da memoria de Responsabilidade Social.

A páxina web, con información xeral sobre a estrutura, a actividade e os servizos da USC. Este espazo conta con seccións específicas para o PDI e o PAS así como para o estudiantado. Cumpre coas especificacións de páxinas web accesibles para persoas con discapacidades ("Test Accesibilidad Web").

Publicación das memorias de diversos servizos, unidades ou programas

O periódico/diario on-line da institución (Xornal da USC)

Publicación dos plans estratéxicos, normativa, acordos dos órganos de goberno, etc.

Publicación de informes sobre a situación e desempeño económico.



## XESTIÓN DA CALIDADE

O compromiso coa calidade esténdese a todos os ámbitos da actividade universitaria e require despregar ferramentas e procedementos en diversos frentes de acción. Ademais daqueles relacionados coa docencia e a investigación centrados na calidade da oferta, do proceso de ensino-aprendizaxe-avaliación, do profesorado e dos procesos e resultados de investigación; a USC centráse na calidade da xestión, que abarca tanto a prestación dos servizos, os avances na administración electrónica, a xestión da información e dos recursos económicos. Ao longo dos apartados desta memoria irase expoñendo en maior profundidade esta información.

Procedementos da CALIDADE	Calidade dos servizos	Calidade dos avances na administración electrónica.
Aprobación, control e revisión periódica de títulos e programas	Criterios e procedementos públicos de avaliación do estudiantado	Publicación da información sobre os programas e títulos
Xestión dos recursos (humanos, económicos, materiais e naturais)	Recollida e análise da información da actividade universitaria	



O recoñecemento da xestión da calidade na USC vén sendo valorado polas múltiples certificacións acadadas. Na área Académica certificáronse, segundo a norma ISO 9001 procesos que engloban o **Servizo de Xestión Académica** e o **Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica** e que inclúen a xestión dos procesos de admisión e matrícula, a recepción de actas e títulos, a libre elección e recoñecemento de actividades, adaptacións e validacións, actos académicos e certificacións para titulacións oficiais e propias de primeiro e segundo ciclo, grao e máster oficial. Dentro do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica certificáronse: a oferta da libre elección, a determinación do límite de prazas e a planificación académica anual (elaboración e aprobación PDA, elaboración e aprobación POD e confección da oferta académica) para titulacións oficiais e propias de 1º e 2º ciclo, grao e máster oficial. Certificouse, tamén, o tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos recibidos.



Certificáronse, segundo a norma ISO 14001 os procesos do **Servizo de Prevención de Riscos** relativos á xestión da prevención de riscos laborais, da vixilancia da saúde do persoal, da vixilancia e seguridade no traballo, do almacenamento, a coordinación e a entrega ao xestor autorizado dos residuos perigosos xerados e da vixilancia e control documental dos aparellos e dispositivos con fonte de radiacións ionizantes existentes na USC.



O **Servizo de Xenética Forense do Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro** está acreditado por ENAC dende 2012 para a determinación de identificadores de ADN en fluídos e tecidos humanos, de acordo cos requisitos da Norma UNE-EN-ISO/IEC 17025. Este laboratorio acreditou, segundo esta norma, as actividades de análises preliminares para a detección de fluídos biolóxicos e a obtención de perfís xenéticos humanos, tanto para STRs autosómicos e de cromosoma Y, como para o haplotipo mitocondrial. En 2013 este laboratorio renovou a súa acreditación e ampliou o seu alcance engadindo ensaios adicionais para os análises preliminares.

---



No **Instituto de Cerámica** certificáronse, segundo os requisitos do estándar OHSAS 18001, as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación en materiais cerámicos, materiais metálicos e rocas industriais, a realización de ensaios fisicoquímicos e a determinación de propiedades físicas en materiais cerámicos, materiais metálicos e rocas industriais.

---



A **Escola Infantil Breogán** ten certificado o Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo en xullo de 2008 baixo os requisitos do estándar OHSAS 18001 no Servizo de Prevención de Riscos, que alcanza a prestación do servizo de gardería e comedor aos fillos dos traballadores e alumnos da Universidade de Santiago de Compostela na Escola Infantil Breogán.

---



No **Servizo Universitario de Residencias** certificouse o Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo en xullo de 2008 baixo os requisitos do estándar OHSAS 18001 no Servizo de Prevención de Riscos, que alcanza o aloxamento de membros pertencentes á comunidade da Universidade de Santiago de Compostela. A formación integral de residentes e colexiais a través da realización de actividades culturais, sociais e deportivas. Estes procesos están asociados ás instalacións do SUR.

---



O **Instituto de Investigación e Análises Alimentarias** certificou segundo a norma ISO 9001, o Laboratorio de Microbioloxía para a análise de: augas superficiais destinadas á produción de auga potable, augas potables destinadas ao consumo público, augas subterráneas (pozos e mananciais) destinadas ao consumo público, augas envasadas, augas de baño, augas de piscinas, auga de mar, augas residuais e outros tipos de augas.

---



A **Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con** conta co Selo de Compromiso cara á Excelencia Europea, 200+ polo seu Sistema de Xestión. Xestionado pola EFQM (European Foundation for Quality Management) este recoñecemento é outorgado polo representante en España do "Committed to Excellence". Trátase dun recoñecemento ao traballo da EHEC á longa experiencia e capacitación en Hidrobioloxía con prácticas excelentes de xestión.

---



O **Laboratorio de Análise de Radiacións** renovou en 2014 a súa certificación, segundo a norma ISO 9001, para o Deseño e realización de análises de radiactividade ambiental en matrices líquidas e gaseosas.

---



A **Estación de Bioloxía Mariña da Graña** certificou o Sistema de Xestión Medioambiental, segundo a norma ISO 14001, que alcanza: traballos de apoio docente e investigación en Zooloxía Mariña que inclúen a recolección, separación e identificación de fauna bentónica; determinación de parámetros fisicoquímicos en auga (temperatura, salinidade, condutividade, potencial redox, pH e osíxeno disolto) e en sedimento (temperatura, potencial redox, pH e osíxeno disolto) e análises sedimentolóxicos (análise granulométrica e contido en materia orgánica e en carbonatos). Tamén conta coa certificación do seu Sistema de Xestión de Calidade, segundo a norma ISO 9001, que alcanza: traballos de apoio docente e investigación de fauna bentónica; determinación de parámetros fisicoquímicos en auga (temperatura, salinidade, condutividade, potencial redox, pH e osíxeno disolto) e en sedimento (temperatura, potencial redox, pH e osíxeno disolto) e análises sedimentolóxicos (análise granulométrica e contido en materia orgánica e en carbonatos).

---



O **Servizo de Publicacións e Intercambio Científico** dispón dun Sistema de Xestión de Calidade conforme á norma UNE-EN ISO 9001:2008 para as actividades de deseño, edición e distribución de libros e publicacións universitarias baixo o selo USC Editora.

---



A **Escola Técnica Superior de Enxeñaría** dispón dun Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde no Traballo, conforme coa especificación OHSAS 18001:2007, para a prestación de servizos de educación universitaria, docencia e investigación.

---




Por último o **Laboratorios de Enxeñaría Ambiental e Bioprocesos e Tecnoloxía Ambiental do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas xunto co Laboratorio de Química Física do Medio Ambiente da Facultade de Química e o Laboratorio de Química Analítica do Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias**: cumpren as condicións que permiten á USC obter o Título de Idoneidade como Empresa Colaboradora dos Organismos de Cuenca en materia de control de vertidos de augas residuais, concedido pola Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Aguas do Ministerio de Medio Ambiente.

---

# Estrutura organizativa ●●●


Evolución da estrutura organizativa da USC entre 2013 e 2015



● Campus de Santiago de Compostela  
○ Campus de Lugo

	2013	2014	2015
Campus universitarios	2	2	2
Facultades	23	23	23
Escolas universitarias adscritas	3	3	3
Escolas técnicas superiores	2	2	2
Centros vinculados	2	2	2
Escolas de especialización profesional	1	1	1
Outros centros docentes (CPG, Ceta)	2	2	2
Hospitais universitarios	3	3	3
Institutos universitarios	16	▲17	▼16
Centros propios de investigación	8	▲10	10
Centros singulares de investigación	3	3	3
Departamentos	75	▲76	76
Grupos de investigación	▲355	▼342	▼317

# Estrutura de Goberno ●●●



## **EQUIPO DE GOBERNO**

DENDE O 27 DE XUÑO DE 2012\*

- **Reitor**  
Sr. Juan José Casares Long
- **Vicerreitor de Investigación e Innovación**  
Sr. Francisco González García
- **Vicerreitora de Economía e Infraestruturas**  
Sra. Sara Cantorna Agra
- **Vicerreitor de Coordinación e Planificación do Campus Lugo**  
Sr. Pedro García Herradón
- **Vicerreitor de Titulacións e Persoal Docente e Investigador**  
Sr. Jesús López Romalde
- **Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua**  
Sr. Francisco R. Durán Villa
- **Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade**  
Sra. Benita Silva Hermo
- **Vicerreitora adxunta de Investigación e Innovación. Campus de Lugo**  
Sra. M<sup>ª</sup> Isabel González
- **Comisionado para Ciencias da Saúde**  
Sr. Manuel Macía Cortiñas
- **Secretaría Xeral**  
Sra. Lourdes Noya Ferreiro
- **Xerente**  
Sra. Lourdes Batán


DENDE O 9 DE XUÑO DE 2014

- **Reitor**  
Sr. Juan Viaño Rey
- **Vicerreitora de Investigación e Innovación**  
Sra. Isabel Rodríguez Moldes-Rey
- **Vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador**  
Sr. Luís Lima Rodríguez
- **Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa**  
Sr. Roberto Javier López López
- **Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social**  
Sra. M<sup>ª</sup> Dolores Álvarez Pérez
- **Vicerreitor de Comunicación e Coordinación**  
Sr. José Pereira Fariña
- **Vicerreitora de Internacionalización**  
Sra. Almudena Hospido Quintana
- **Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo**  
Sr. Javier Bueno Lema
- **Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo**  
Sr. Andrés Barreiro Lois
- **Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo**  
Sra. M<sup>ª</sup> do Carme Silva Domínguez
- **Secretaría Xeral**  
Sra. Consuelo Ferreiro
- **Xerente**  
Sr. José Manuel Villanueva Prieto




**MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO SEGUNDO GRUPOS DE INTERESE\***

GRUPOS DE INTERESE	%	Nº
Consello de dirección	22,2	12
Persoal doutor con vinculación permanente	14,8	8
Restantes categorías de PDI	7,4	4
Representantes do estudiantado	16,7	9
Representantes do PAS	7,4	4
Decanatos de facultades e directores/as de escola	16,7	9
Directores/as de departamentos	9,3	5
Directores/as de instituto, escola de doutoramento e doutras estruturas de investigación	3,7	2
Representantes do consello social	1,9	1
Total	100,0	54



MULLERES



HOMES

**MEMBROS DO CONSELLO SOCIAL SEGUNDO GRUPOS DE INTERESE\***

GRUPOS DE INTERESE	%	Nº
Presidente/a	3,2	1
Representantes do consello de goberno da universidade	19,4	6
Representantes dos intereses sociais: designados polo Parlamento de Galicia	19,4	6
Representantes dos intereses sociais: designados pola Xunta	19,4	6
Representantes dos intereses sociais: designados polos sindicatos	9,7	3
Representantes dos intereses sociais: designados polas organizacións empresariais	12,9	4
Representantes dos intereses sociais: designados polas corporacións dos concellos dos campus	6,5	2
Representantes dos intereses sociais: designados polos colexios profesionais	3,2	1
Representantes dos intereses sociais: designados pola asociación de antigos alumnos da usc	3,2	1
Secretario/a	3,2	1
Total	100,0	31



MULLERES



HOMES

\*Datos correspondentes ao 31 de decembro de 2015

## **MEMBROS DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO POR GRUPOS DE INTERESE**

O Artigo 75 dos Estatutos da Universidade de Compostela establece a seguinte composición segundo grupos de interese para o claustro universitario, indicando que estará integrado por 300+3 persoas desagregada por sectores:

GRUPOS DE INTERESE	%*	Nº
Reitor/a	-	1
Secretario/a Xeral	-	1
Xerente	-	1
Representante do profesorado doutor con vinculación permanente	51,0	153
Representantes das restantes categorías de persoal docente e investigador	11,0	33
Representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais	28,0	84
Representantes do persoal de administración e servizos	10,0	30

\*Distribución porcentual recollida no artigo 75 dos Estatutos da USC.

No espazo web do Claustro pódese ampliar a información.



## ■ Fitos da USC 2014-15 ●●●

**44**  
TITULACIÓNS  
OFICIAIS DE GRAO

**29.551**  
ESTUDANTES  
NO CURSO 2013-14

**3,8**  
NOTA SATISFACCIÓN DO  
ESTUDANTADO COA DOCENCIA  
(GRAOS E MÁSTERES OFICIAIS)

**57**  
MÁSTERES  
OFICIAIS

**29.264**  
ESTUDANTES  
NO CURSO 2014-15

**628**  
TESES DE DOUTORAMENTO  
DEFENDIDAS EN 2014 E 2015

**54**  
PROGRAMAS DE  
DOUTORAMENTO/ANO

**+60%**  
ESTUDANTES MULLERES EN  
TITULACIÓNS OFICIAIS E PROPIAS,  
DE 1º E 2º CICLO, GRAOS E  
MÁSTERES OFICIAIS

**3.423**  
ARTIGOS JCR PUBLICADOS  
NOS ANOS 2014 E 2015

Neste período impartíronse 44 titulacións oficiais de grao (sen contar repeticións), 57 másteres oficiais e 54 programas de doutoramento. A USC conta con 29.551 estudantes no curso 2013-14 e con 29.264 no curso 2014-15, cunha taxa de feminidade que supera o 60% en titulacións de 1º e 2º ciclo (oficiais e propias) graos e másteres oficiais, chegando ao 72,8% en IV ciclo e descendendo ata o 55,1% nos programas de doutoramento.

A satisfacción do estudiantado coa docencia (graos e másteres oficiais) supera o 3,8 sobre 5 en todos os niveis formativos. Defendéronse 253 teses en 2014 e 375 en 2015, o que supón máis de 600 neste período. No eido da investigación publicáronse máis de 3.400 artigos en revistas JCR.



Dende 1495 marcando  
o camiño a seguir

3.271

TRABALLADORES E TRABALLADORAS

2.043

PROFESIONAIS DA DOCENCIA E Á  
INVESTIGACIÓN

1.228

PROFESIONAIS DE ADMINISTRA-  
CIÓN E SERVIZOS

Dende o punto de vista dos recursos huma-  
nos, a USC conta con máis de 3.000 traballa-  
dores e traballadoras. O PDI ascende a 2.043  
persoas no ano 2015, das que arredor do 40%  
son mulleres.




A continuación preséntase unha serie de datos considerados como fitos para os curso 2013-14 e 2014-15.

**“ A USC presenta os datos máis destacados relacionados cos dous principais grupos de interese: o estudiantado e o persoal. ”**

De entre todas as cifras destacan as máis salientables relacionadas cos dous principais grupos de interese, o estudiantado e o persoal.

### Oferta académica

	2012-13	2013-14	2014-15
Nº titulacións oficiais (1º e 2º ciclo, incluíndo duplicados Santiago -Lugo)	63	63	63
Nº graos (incluíndo duplicados Santiago -Lugo)	48	42	50
Nº másteres oficiais (POP ata 2009-2010)	78	71	57
Nº titulacións propias (1º e 2º ciclo)	3	2	2
Nº programas doutoramento	74	49	54
Nº másteres propios impartidos	25	25	23
Nº cursos especialización impartidos	32	22	16
Nº cursos formación continua impartidos	89	47	56



### Estudiantado matriculado

	2012-13	2013-14	2014-15
Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos	23.835	22.706	21.656
Titulacións propias	404	382	385
Másteres oficiais	1.716	2.048	2.044
Doutoramento	2.697	2.849	3.048
Másteres propios	380	422	360
Cursos especialización	192	216	217
Cursos formación continua	627	616	1.267
IV ciclo	308	312	287

## Resultados académicos

	2012-13	2013-14	2014-15
Taxa de éxito en 1º e 2º ciclo (%)	87,5	85,6	86,4
Taxa de éxito en graos (%)	83,3	85,7	85,6
Taxa de éxito en másteres oficiais (%)	99,6	98,9	95,3
Taxa de rendemento en 1º e 2º ciclo (%)	72,3	67,66	72,8
Taxa de rendemento en graos (%)	76,4	77,4	76,9
Taxa de rendemento en másteres oficiais (%)	91,0	89,3	90,9
Taxa global de abandono do título no 1º e 2º ciclo e nos graos (%)	32,80	24,08	26,7
Satisfacción do estudantado coa docencia (1º e 2º ciclo)-Escala 1 a 5	3,84	3,62	3,76
Satisfacción do estudantado coa docencia (graos)-Escala 1 a 5	3,74	3,78	3,81
Satisfacción do estudantado coa docencia (másteres oficiais)-Escala 1 a 5	3,94	3,83	3,89

## Investigación

	2012-13	2013-14	2014-15
Libros e monografías publicados	119	158	182
Concesións da "Oficina Española de Patentes y Marcas"	26	18	26
Concesións de patentes noutros países	5	5	30
Artigos publicados en revistas	1.783	2.000	2.073
Teses de doutoramento defendidas	293	253	375

## Recursos humanos (a 31 de decembro)

	2012-13	2013-14	2014-15
Persoal docente e investigador	2.094	2.099	2.043
Persoal de administración e servizos	1.235	1.240	1.228

Ao longo dos distintos apartados da memoria recóllense datos e estatísticas destacables doutras áreas e grupos de interese (todos eles están dispoñibles na web USC Responsable).

# 2. Contexto da USC responsable

A UNIVERSIDADE RESPONSABLE • • •

PREMIOS, PACTOS, INICIATIVA E REDES • • •

DIMENSIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL DA USC • • •

ASPECTOS MATERIAIS E COBERTURA • • •

OS GRUPOS DE INTERESE • • •

G4-PR

9	8
---	---

G4-SO

11	1
----	---

G4-HR

12	3
----	---

G4

32	30	29	28	26	25	24	23	22	21	20	19	18	16	15	12
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----





“

Coñecemento ao servizo da sociedade.

”



# A Universidade Responsable ●●●


A responsabilidade social é unha misión consubstancial para as institucións universitarias. Estas teñen un papel clave na xeración e difusión do coñecemento, dos valores e os principios éticos e humanos. A docencia, a investigación e a transferencia deben manter un diálogo aberto coa sociedade para poder dar resposta ás necesidades de cada momento. Nos pasados anos, a USC ten amosado un sólido compromiso coa asunción da súa responsabilidade social, promovendo os valores de liberdade, igualdade, solidariedade, respecto pola contorna e sostibilidade, perseverando deste xeito no seu principal obxectivo: a creación de valor para todos os grupos de interese. Ademais a universidade, na súa actividade docente e investigadora, pode e debe contribuír a desenvolver e difundir o coñecemento en materia de sostibilidade e responsabilidade social.



DOCENCIA



INVESTIGACIÓN  
E TRANSFERENCIA



RESPONSABILIDADE  
COA CONTORNA E  
COA COMUNIDADE

Nun marco común de coresponsabilidade, a **Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social** traballa de forma coordinada con outras vicerreitorías na implantación e o fomento da autoxestión dos diferentes centros, baixo as directrices xerais marcadas e antes sinaladas. Todas elas veñen enmarcadas dentro da planificación estratéxica. O principal instrumento é o Plan Estratéxico (2011-2020) que se desenvolve a través de distintas ferramentas, en función do ámbito do que se trate: o Plan de Desenvolvemento Sostible, o Plan estratéxico de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (vixente na súa segunda edición 2014-18), etc.

Periodicamente, e de acordo co mandato dos Estatutos, as actuacións da universidade concrétnanse na Programación Plurianual, que encaixa a estratexia da universidade na dimensión económica necesaria para desenvolve-la a medio prazo.

Pero a planificación estratéxica non se esgota a nivel institucional senón que, á súa vez, esténdese aos centros docentes a través dos sistemas de garantía de calidade. Así, nos seus respectivos ámbitos de actuación, e mantendo a coherencia e adecuación co Plan Estratéxico da USC, as escolas e facultades aproban plans estratéxicos propios, que despregan as actuacións conducen-tes á mellora dos seus programas formativos e que se plasman nas súas propias programacións plurianuais e plans anuais de mellora.

**Documentos que instrumentan a xestión  
socialmente responsable**



CÓDIGO ÉTICO DA USC



PLAN ESTRATÉXICO

instrumentos para a súa implantación:



PLANS ESTRATÉXICOS SECTORIAIS

Plan estratéxico de igualdade de oportunidades  
entre mulleres e homes (segunda edición 2014-18)

Plan estratéxico de desenvolvemento sostible

Plans estratéxicos TICS

Plan estratéxico centros



PROGRAMACIÓN PLURIANUAL

Planificación anual de mellora nos centros

Planificación separada da xestión académica



## INTEGRACIÓN ESTRATÉGICA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL

### “Non hai responsabilidade social sen calidade”



CALIDADE

Os conceptos de calidade e responsabilidade son inseparables. Na USC existe un marcado compromiso coa calidade na docencia, na investigación e nos servizos que conta coa implicación e participación de toda a comunidade universitaria.

Actuacións en calidade: melloras na metodoloxía de ensino-aprendizaxe, adaptación da oferta de titulacións, apoio financeiro á mellora da calidade, formación do PDI e o PAS, fomento da innovación na docencia, aposta polas TIC, oferta de materias de nivelación e programas de titorías personalizadas ou apoio titorial extraordinario, programas de inserción laboral do estudiantado, consolidación dos grupos de investigación e fomento da participación do profesorado nas tarefas de investigación.

### “As persoas son o centro desta institución”



PERSOAS

A USC mantén un compromiso coas persoas e insiste na necesidade de respectar os seus dereitos e, de forma semellante, promover os seus deberes e capacidades. Na xestión do capital humano a USC preocúpase pola mellora da capacitación e da seguridade e saúde do persoal, impulsa diversos tipos de beneficios económicos e sociais, fomenta a igualdade de xénero e promove a conciliación da vida familiar e laboral.

Actuacións en coidado das persoas: Xestión do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX), creación da Oficina de Igualdade de Xénero, elaboración do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, xestión do Servizo de Participación e Integración Universitaria e a compensación e beneficios sociais entre os que se inclúen -entre outros- os anticipos reintegrables, as dotacións en plans de pensións, o servizo de gardería ou as axudas á formación.

### “Poñemos o coñecemento ao servizo da sostibilidade”



DESENVOLVEMENTO  
SOSTIBLE

A USC mantén un compromiso co desenvolvemento sostible e por mor disto traballa na educación, divulgación e concienciación ambiental así como no desenvolvemento de accións de voluntariado, participación e cooperación internacional, promoción social e formación en valores.

Actuacións en materia de desenvolvemento sostible: xestión da Oficina de Desenvolvemento Sostible, do Servizo de Relacións Exteriores e do Servizo de Participación e Integración Universitaria, elaboración do proxecto “USC en Transición”, oferta de mestrados, cursos de especialización e programas de doutoramento orientados ao desenvolvemento sostible e oferta cursos, xornadas e materias de libre elección de temática ambiental e social.

# Premios, Pactos, Iniciativa e Redes ●●●

A USC reconece o traballo dos membros da súa comunidade e da sociedade coa concesión de premios, medallas e distincións entre as que destacan a Insignia e Medalla de Ouro, o Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia e o Premio Fonseca de Divulgación Científica e o nomeamento de Doutores e Doutoradas Honoris Causa. Co obxectivo de promover e incentivar os valores relacionados coa responsabilidade social, e nunha mostra do seu compromiso, a universidade concede os seguintes premios:

## Premios vinculados á responsabilidade social



INSIGNIA E MEDALLA DE OURO



PREMIO INTERNACIONAL GRUPO COMPOSTELA - XUNTA DE GALICIA



PREMIO FONSECA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA



PREMIO ARESA de Desenvolvemento Rural  
Eido agrícola e gandeiro, medio rural galego



PREMIO HUMANITAS  
Actividades solidarias, sociais e humanitarias



PREMIO DE ACCIÓNS SOSTIBLES DE EMPREDEMENTO SOCIAL  
Emprendemento con proxección no ámbito social

A USC potencia a colaboración con outras institucións e entidades participando en numerosas redes de traballo e suscribindo diversos pactos e iniciativas destinados a promoción da responsabilidade social entre os que destacan:

## Participación da USC en iniciativas, asociacións e redes no ámbito da RS

- Magna Charta Universitarium
- Pacto Mundial das Nacións Unidas
- Declaración de Principios para Construír a Sociedade da Información
- Declaración de Compostela
- Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE)
- Grupo Compostela de Universidades
- RCE (Rede de Comités de Ética das Universidades e Organismos de Investigación Públicos de España)
- Rede Copernicus (Cooperation Program in Europe for Research on Nature and Industry through Coordinated University Studies)
- Rede Unisc (Universidad para la Sociedad del Conocimiento)
- Rede de Universidades polo Clima
- Rede Universale (Universidades e Responsabilidade Social en América Latina, Asia e Europa)
- Rede ISEP (International Student Exchange Program)
- CINDA (Centro Interuniversitario de Desenvolvemento)
- RedUNIRSE (Rede Iberoamericana de Universidades pola Responsabilidade Social Empresarial)
- RedEmprendia (Rede de Universidades Iberoamericanas para a Incubación de Empresas)
- Membro do Consello Consultivo de INEO (Asociación multisectorial de TICs)
- Asociación EUNIS (European University Information Systems)
- AEPUM (Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores)

# Dimensións da Responsabilidade Social da USC ●●●

A dimensión interna da RS comprende as actuacións relacionadas coa responsabilidade social que se desenvolve no seo da USC, orientadas aos propios membros da comunidade universitaria.

A USC procura facer valer os dereitos de todas as persoas que forman a comunidade universitaria e sendo corresponsables do cumprimento dos seus deberes. A dimensión externa da estratexia de responsabilidade social contempla as relacións cos seguintes grupos de interese: provedores, administracións públicas, empresas e institucións e a sociedade no seu conxunto. Para a USC é prioritario reverter de xeito positivo na contorna e na comunidade, a través da actividade da universidade:

Formación de profesionais competentes e responsables

Desenvolvemento e a transferencia de coñecemento en resposta ás necesidades sociais

Colaboración con organismos, institucións e co conxunto da sociedade

Accións encamiñadas á mellora da calidade de vida da cidadanía

Fomento dun desenvolvemento sostible

A actividade docente e de investigación conforman un ámbito intermedio da responsabilidade social da USC que pode ser identificado como o ámbito da xestión social do coñecemento. Co obxectivo de manter o compromiso, a USC preocúpase por formar ao alumnado en valores éticos e humanos contando con accións formativas específicas e posibilitando o recoñecemento curricular de actividades de participación e voluntariado.

Este compromiso contribúe a impulsar a internacionalización, participando de forma activa nos diversos programas de mobilidade de estudiantado e profesorado no ámbito nacional, europeo e internacional e fomentando a formación en idiomas. A prioridade é garantir a calidade e a pertinencia tanto da formación impartida como da investigación que se desenvolve, transferindo os resultados da investigación e asegurando de que a USC está dando resposta ás demandas da sociedade e do mercado de traballo, procurando a inserción laboral do estudiantado egresado.

## Ámbitos da responsabilidade social na USC





## Aspectos materiais e cobertura ●●●

Cada un dos ámbitos e aspectos significativos da sostibilidade son identificados na USC a partir da información obtida do diálogo cos grupos de interese. Para a súa valoración emprégase un enfoque dobre no que se inclúe a perspectiva interna e a perspectiva externa da organización. Para a elaboración do presente documento seguírase a liña básica marcada na elaboración das memorias anteriores, á que se incorpora unha adaptación da estrutura tendo en conta as pautas que marcan o G4 do Global Reporting Initiative (GRI). Neste senso, elaborouse unha matriz que recolle os principais parámetros que establecen, definen e dan prioridade aos aspectos materiais para a USC e sobre os que se reporta nesta memoria.




**Co obxectivo de facer un reporte eficaz que cumpra co compromiso de transparencia, esta memoria estende o seu alcance ao conxunto da actividade levada a cabo pola USC.**



A aplicación desta metodoloxía permite recoñecer os riscos que afectan aos grupos de interese e identificar as oportunidades, para abordar progresivamente todos e cada un dos asuntos materiais identificados.

No interese da universidade por adecuarse ao estándar GRI, lévase a cabo un labor esforzado de asignación e integración das dimensións Social, Ambiental e Económica nos 7 ámbitos da Responsabilidade Social establecidos na USC.

### As dimensións das Responsabilidades Sociais na USC




- A** Dimensión Económica
- B** Dimensión Medio Ambiental
- C** Dimensión Social

- D** D. Económica + D. Social
- E** D. Medio Ambiental + D. Económica
- F** D. Social + D. Medio Ambiental
- \*** Políticas e accións transversais

## Parámetros establecidos para o proceso de definición do contido do informe



O interese de cada aspecto para os grupos de interese ou no desempeño económico, social ou ambiental foi establecido con base no descritor recollido nos principios e contidos de elaboración das memorias GRI4 de cada aspecto así como nos indicadores asociados a cada un deles. A elaboración da matriz baseouse na experiencia das informacións das memorias anteriores e na selección de aspectos materiais realizada no anterior modelo GRI3. No caso dos efectos económicos, sociais e ambientais realizouse unha aproximación o máis simplificada posible cara a posterior presentación da información dos indicadores dentro do informe de xestión. Pódese ampliar a información sobre o proceso e os resultados da análise de materialidade no Anexo II desta memoria.



# Os grupos de interese ●●●

A estratexia en materia de responsabilidade social da USC implica identificar e coñecer aos seus grupos de interese para integrar as súas necesidades de cara á xestión de actividades e a creación de valor compartido, para lograr obxectivos e metas comúns, conseguindo unha mellora da sostibilidade. Entre os GI identificados pola USC destacan o persoal docente e investigador, o persoal de administración e servizos, o estudantado, o estudantado egresado, os provedores, as empresas, as administracións públicas e as comunidades locais e globais.

## OS GRUPOS DE INTERESE IDENTIFICADOS

Cómpre realizar unha análise dos axentes e unidades que conforman a estrutura administrativa da universidade e que permita identificar ao grupo de actores da sociedade que recibe o impacto da actividade da USC.

GRUPOS DE PRINCIPAL INTERESE



No modelo de responsabilidades social tómanse en consideración o conxunto de GI que aparecerán agrupados nas dimensións e ámbitos de actuación de Responsabilidade Social definidos pola USC permitindo presentar o seguinte esquema de organización:

### Responsabilidade social na USC



## PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE NA USC

A responsabilidade social da USC está condicionada a relación cos seus grupos de interese. Para facer explícito este compromiso os axentes fundamentais contan con representación e presenza directa nos distintos órganos de goberno da Universidade, no Claustro Universitario, no Consello de Goberno, nas Xuntas de Facultade e Escola e nos Consellos de Departamento.

A representación dos GI nos órganos de goberno posibilita a defensa dos seus intereses e a consecución das súas expectativas. A participación activa dos GI nestes órganos de representación e decisión da comunidade universitaria resulta primordial para mellorar a actividade universitaria.

“**A USC determina os contidos relevantes para o reporte en materia de responsabilidade social logo de realizar a análise da información obtida a través do diálogo cos seus grupos de interese.**”

## Intereses e expectativas dos GI

<b>ESTUDANTADO</b>	Espera recibir unha oferta académica atractiva e de calidade acorde coas necesidades do mercado de traballo que incorpore valores éticos.
<b>PERSONAL</b>	Preocupado pola xestión das condicións profesionais nas que debe desvelover o seu traballo, a súa formación e promoción.
<b>PROVEDORES</b>	Interesados en establecer relacións de confianza e colaboración e aos que se debe estender o compromiso co desenvolvemento sustentable.
<b>EMPRESAS E INSTITUCIÓNS</b>	Demandan que a oferta educativa e a xeración de coñecemento se axuste aos seus requirimentos e ás necesidades sociais e laborais, e un incremento da colaboración para impulsar a docencia e a creación de coñecemento aplicado.
<b>OUTROS CENTROS E INSTITUCIÓNS DOCENTES</b>	É preciso estreitar a colaboración para facilitar o movemento dos estudantes e promover proxectos conxuntos tanto docentes coma de investigación.
<b>ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS</b>	Requiren o cumprimento coa normativa e a colaboración no desenvolvemento das políticas públicas.
<b>TERCEIRO SECTOR</b>	Disposto a traballar de maneira conxunta e acadar sinerxias que permitan mellorar o benestar da sociedade.
<b>SOCIEDADE</b>	Debe recibir dividendo social das universidades mediante o impulso ao desenvolvemento económico e a dinamización social e cultural.

O persoal e a comunidade universitaria da USC poden acudir á figura de Valedor da Comunidade Universitaria. Esta institución é independente dentro da universidade e non está sometida a mandato ou autoridade de ningún dos órganos de goberno. As súas actuacións réxense polos principios de independencia e autonomía e está encargada da garantía e defensa dos dereitos da comunidade universitaria, tamén pode instar e promover ante os órganos correspondentes actuacións e iniciativas destinadas a mellorar os dereitos e liberdades da comunidade universitaria e a calidade en calquera ámbito da universidade.

### Evolución das queixas ao valedor da comunidade universitaria

	 ESTUDANTES	 PDI	 PAS	 DE OFICIO	 OUTROS	TOTAL
13	55	6	1	1	-	63
14	55	11	3	-	-	69
15	50	9	5	3	1	68

Nos anos 2014 e 2015 recóllense un total de 137 instancias relacionadas fundamentalmente cos estudos de 3º Ciclo, posgrao e formación continua, e os servizos á comunidade universitaria. A axilidade da actuación desta institución permitiu que tres cuartas partes destas queixas fosen tramitadas dentro dos trinta días seguintes da súa presentación.

## DIÁLOGO COS GRUPOS DE INTERESE

A USC mantén un compromiso e diálogo fluído, diversificado e constante coa sociedade e os grupos de interese, un diálogo de carácter aberto e institucionalizado que permita identificar as súas expectativas e dar a coñecer as accións e actuacións que se desenvolven dende a institución, dando resposta ás necesidades concretas dos GI. Entre os mecanismos de comunicación que a USC pon á disposición dos seus GI destaca o espazo web no que se recollen as opinións e invítase a todos os membros da comunidade universitaria a compartir as súas actuacións socialmente responsables.



CON TODOS OS GRUPOS DE INTERESE É UN DOS ELEMENTOS CLAVES DA POLÍTICA DE SOSTIBILIDADE DESTA UNIVERSIDADE.




Na procura da información sobre o grao de satisfacción dos GI a USC tamén realiza enquisas periódicas entre as que destacan aquelas que miden a satisfacción do estudantado e do profesorado. A través da páxina web vinculada á Área de Calidade e Mellora dos Procedemen-

tos, a USC pon á disposición de todas as persoas interesadas a documentación relacionada coas enquisas realizadas. Poden consultarse, entre outros documentos, os cuestionarios, as ficha técnicas e os informes estatísticos.

### Relación de Enquisas realizadas/ Principais Grupos de interese

ESTUDANTADO	PROFESORADO	DOCENCIA	PAS	EMPRESAS/INSTITUCIÓN
Satisfacción coa docencia recibida	Satisfacción coa docencia impartida	Cuestionario Satisfacción para o profesorado participante	Formación	Prácticas Externas
Cuestionario	Cuestionario	Cuestionario Satisfacción para o/a decano/a ou director/a do centro	Cuestionario Satisfacción coa acción formativa	Cuestionario Titor/a Profesional
Procedemento	Procedemento	Cuestionario Satisfacción para o/a director/a de departamento	Cuestionario Satisfacción co profesorado da acción formativa	Procedemento
Informe procedemento enquisas satisfacción coa docencia recibida	Prácticas Externas	Procedemento		
Egresados/as	Cuestionario Titor/a Académico			
Cuestionario Grao	Procedemento			
Procedemento	Formación e Innovación Docente			
Mobilidade	Cuestionario Satisfacción coa acción formativa			
Cuestionario Saínte Grao	Cuestionario Satisfacción co profesorado da acción formativa			
Cuestionario Saínte Máster	Procedemento			
Cuestionario entrante				
Procedemento mobilidade saínte				
Prácticas Externas				
Cuestionario estudantes				
Procedemento				



# 3. Xestión do capital humano

PERFIL DO PERSOAL . . .


REPRESENTACIÓN DO PERSOAL . . .

FORMACIÓN . . .

IGUALDADE E CONCILIACIÓN . . .

PROMOCIÓN, COMPENSACIÓN E BENEFICIOS SOCIAIS . . .

SEGURIDADE E SAÚDE . . .







“

Comprometidos co benestar das persoas que conforman a USC.

”

O compromiso da USC co seu persoal recóllese explicitamente no Código Ético da Institución. O benestar do persoal é un requisito indispensable para converter a USC nun referente no ámbito da formación universitaria e avanzar na eficacia da xestión e na mellora da calidade dos servizos que se ofrecen á sociedade. É por isto que o persoal, xunto co estudiantado, conforman os dous principais grupos de interese da USC.

Para lograr os obxectivos, a USC desenvolve políticas dirixidas a mellorar o benestar e a satisfacción do persoal, fundamentadas no respecto á legalidade vixente nos ámbitos de selección, formación, recoñecemento, beneficios sociais, conciliación da vida familiar e laboral e de igualdade de oportunidades, saúde e seguridade no traballo, entre outros.

## A xestión de persoas

O Plan Estratéxico da USC 2011-2020 establece os obxectivos do ámbito Persoas, marcando as directrices do sistema de xestión. As liñas estratéxicas establecidas neste ámbito son:

**PE**

**AE1LE1** - Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade.

**PE**

**AE1LE2** - Compromiso co desenvolvemento profesional do persoal.

O período comprendido entre os cursos 2013-14 e 2014-15 vén marcado pola limitación orzamentaria imposta polos gobernos autonómico e central, que afectaron á contratación, á estabilización e aos dereitos económicos das persoas empregadas públicas desta universidade. Neste contexto a USC redobrou o esforzo necesario para manter e garantir os postos de traballo.

## Perfil do persoal ●●●

“A USC conta con máis de **3.000** profesionais entre **PDI e PAS**.”

⇒ TRABALLADORES E TRABALLADORAS

2013 3.329 | 2014 3.339 | 2015 3.271

⇒ IDADE MEDIA

2013 53,2 anos | 2014 53,8 anos | 2015 51,6 anos

⇒ MULLERES

2013 46,3% | 2014 46,4% | 2015 46,9%

⇒ HOMES


2013 53,7% | 2014 53,6% | 2015 53,1%

A TAXA DE MULLERES

dentro do persoal PDI e PAS


registra un  aumento nos últimos 10 anos

### Evolución do Persoal da USC



A idade media do persoal da USC incrementouse nos últimos dez anos situándose na actualidade nos 52,7 anos para o PDI e nos 49,6 anos para o PAS.

### Evolución da idade media do PDI e PAS (2012–2015)



O impulso da USC ao I+D tradúcese, entre outras accións, na contratación de persoas para o desenvolvemento da actividade investigadora.

A pesar do contexto económico, contamos no ano 2014 cun total de 913 persoas e no ano 2015 con 933 persoas con cargo a actividades de I+D.

**No difícil contexto económico actual, a USC segue apostando pola investigación e a promoción da carreira investigadora.**


### O PERSOAL PDI

Das máis de 2.000 persoas que desenvolven o seu labor na USC como Persoal Docente Investigador (PDI) no ano 2015 o 63,5% é PDI funcionario e o 36,5% é PDI contratado. En canto ao reparto por sexo o 40,8% do PDI no 2014 son mulleres, cifra que aumenta ata ao 41,3% no 2015.

No tocante ás áreas de coñecemento, as Ciencias da Saúde son as que contemplan un maior volume de PDI, concentrando o 27,8% do total no ano 2014 e o 27,9% no ano 2015, cifras similares ás rexistradas no ano 2013. Cabe destacar que na área de Ciencias Sociais e Xurídicas o PDI femenino alcanza o seu máximo, chegando a representar o 47,3% do total en 2014 e o 48,4% no ano 2015. Pese á melloría que amosan os datos do reparto por sexo no PDI, a porcentaxe de mulleres diminúe a medida que se avanza na carreira académica.



**Evolución do Persoal Docente Investigador (PDI) da USC**



“ **As ramas de coñecemento que concentran máis PDI son as Ciencias da Saúde, seguida das Ciencias Sociais e Xurídicas.** ”

**Distribución Porcentual do PDI por ramas de coñecemento**




**Evolución da Distribución do PDI por categorías**


	13	14	15
Catedráticos/as Universidade	363	354	330
Titulares Universidade	926	910	897
Catedráticos/as Escola Universitaria	9	8	6
Titulares Escola Universitaria	82	69	65
Axudantes	-	-	-
Axudantes Doutores/as	14	23	25
Contratados/as Doutores/as	240	234	244
Asociados/as	336	345	329
Eméritos	4		
Colaboradores/as	14	14	13
Lectores/as	11	11	12
Interinos/as	95	124	122
Outros	0	7	0

## O PERSOAL PAS

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) sitúase nas 1.240 persoas no ano 2014, entre persoal funcionario, persoal laboral e persoal eventual, e en 1.228 no ano 2015. O reparto por sexo rexistra un 55,9% de mulleres no ano 2014 ascendendo ata o 56,4% en 2015.



### Evolución do Persoal de administración e servizos (PAS) por categorías



### Persoal de administración e servizos (PAS) laboral por categorías

	13	14	15
Grupo I	91	91	94
Grupo II	35	36	35
Grupo III	198	215	214
Grupo IV	262	250	249
Sen grupo asignado	2	9	0
TOTAL	588	601	592

## Representación do persoal

O persoal da USC, PDI e PAS, ten dereito á liberdade de expresión, asociación, sindicación, reunión, manifestación e folga, dentro do ámbito universitario, e tamén conta con representación tanto na Xunta de Persoal como no Comité de Empresa o que permite defender, negociar e acordar as condicións económicas, laborais e profesionais do traballo.

No Consello de Participación Sindical e no Comité de Empresa débátese as cuestións sobre negociación colectiva de acordo a lexislación vixente. Os sindicatos que rexistran unha maior afiliación son UGT, CCOO e CSI-CSIF.

Todo o persoal do PAS e o PDI da USC está incluído nos convenios colectivos, sendo o convenio do PDI común ás tres universidades de Galicia.

“**Todo o persoal da USC atópase representado na Xunta de Persoal e no Comité de Empresa. Ademais a USC conta con convenios colectivos tanto para o persoal PAS como para o PDI.**”

## Formación ●●●

A USC aposta polo impulso do desenvolvemento profesional do seu equipo a través da formación tanto para o persoal docente investigador como para o persoal de administración e xestión.



Os anos 2014 e 2015 rexistraron un aumento significativo da participación do persoal PDI e PAS nas actividades formativas, sumando 2.590 asistentes en 2015.



A formación continua do persoal é un dereito recoñecido polos estatutos da USC e tamén unha obriga, polo que o persoal da universidade debe manter actualizados os seus coñecementos relacionados co seu posto; neste senso, a USC comprométese a prestar as ferramentas e as accións formativas necesarias para o correcto desempeño do traballo.

2013

1.830 ASISTENTES

2014▲

2.328 ASISTENTES

2015▲

2.590 ASISTENTES

▲ en actividades formativas

### Programas de formación

■ O **Plan de Formación de PAS** conta cun total de 6 áreas: Iniciación, Formación para a Promoción, Formación Operativa, Seguridade e PRL, Desenvolvemento Directivo, e Formación externa.

A área que sufriu unha maior demanda entre o persoal PAS foi a de Formación Operativa.

■ O **Programa de Formación e Innovación Docente** (PFID) procura a mellora do proceso de ensino - aprendizaxe no marco da posta en marcha do EEES, contando con unha ampla variedade de cursos aos que poden acollerse tanto o PDI como persoal investigador en formación. Ofrécese formación en diferentes temáticas relacionadas coa aplicación das TIC á docencia, á metodoloxía docente, ao desenvolvemento profesional e a outros ámbitos específicos.

CURSOS DE FORMACIÓN

2014 79 | 2015 98

PERSOAS MATRICULADAS NOS CURSOS

2014 913 | 2015 1320

Para a impartición das diferentes accións, nestes dous anos contouse con máis de 100 persoas relatoras.

O profesorado que reúna 100 horas de dedicación dentro do Plan Xeral de Formación nun período de tres cursos académicos recibe o Diploma en Docencia Universitaria (DDU). No 2014 concedéronse 16 diplomas, sendo 18 no ano 2015.

### Número de persoas matriculadas por tipo de actividade do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID)

	12/13	13/14	14/15
Espazo Europeo de Educación Superior	-	33	-
Guías docentes	-	-	10
Habilidades docentes	270	10	186
Metodoloxía e avaliación	19	51	76
Orientación e titoría universitaria	-	-	-
Prácticas docentes innovadoras na USC	-	39	80
TIC aplicadas á docencia	819	493	438
Prevenición de riscos laborais	30	76	186
Igualdade de xénero	13	62	25
Tratamento e xestión de información	-	83	271
Actualización de contidos	11	11	12
Interinos/as	65	66	48
Matrícula total	1216	913	1.320

O Plan de Formación e Innovación Docente tamén recolle a convocatoria de axudas orientadas ao profesorado que propoña unha innovación no proceso de ensino-aprendizaxe, relacionada coa creación de materiais dixitais, que favorezan a aprendizaxe autónoma do alumnado, ou de accións de formación de grupos de innovación docente dirixidas á innovación e mellora continua da docencia.

#### Diplomas de docencia universitaria

2013 21 | 2014 16 | 2015 18

##### ➔ CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


2013 18 | 2014 10 | 2015 12

##### ➔ CAMPUS DE LUGO

2013 2 | 2014 1 | 2015 2

##### ➔ NOVÉIS

2013 1 | 2014 5 | 2015 4




# Igualdade e Conciliación ●●●

## IGUALDADE

A USC comprométese coa sociedade na consecución da igualdade de xénero como elemento fundamental da vida universitaria. A Oficina de Igualdade de Xénero cumpre con esta misión.

A elaboración dos Plans de Igualdade da USC funciona como ferramenta efectiva para a eliminación da discriminación, e para a mellora da conciliación da vida persoal, familiar e laboral xunto á corresponsabilidade. A USC dispón do II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (II PEIOMH), que comezou a súa andadura no ano 2014 e constitúe a folia de ruta en materia de políticas de igualdade de xénero da universidade para o período 2014-2018.

### II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (II PEIOMH)



**9** OBXECTIVOS XERAIS **24** OBXECTIVOS ESPECÍFICOS **75** ACCIÓN S


Para realizar un seguimento da implantación dos seus plans a USC mide periodicamente o seu grao de cumprimento. O diagnóstico do grao de cumprimento do primeiro Plan de Igualdade I PEIOMH levouse a cabo no II PEIOMH -2014-2018- e pode destacarse o cumprimento do 72% do total das accións establecidas:

### Grao de cumprimento do I PEIOMH



Os resultados da avaliación anual deste II PEIOMH, desenvolvida pola Oficina de Igualdade de Xénero, indican que se avanzou dende un grao de cumprimento do 65,33% das accións (un 29,33% de forma parcial) no 2014 a un 74,67% (36% de forma parcial) no 2015.

### Grao de cumprimento do II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (2014-2018)





Este segundo plan presenta unha serie de novidades e avances que radican na transversalidade da perspectiva de xénero na formación, docencia e investigación, con accións como a creación dun itinerario formativo de xénero entre as actividades de formación transversal da Escola de Doutoramento Internacional en 2014, cursos formativos para o PAS, PDI e alumnado, así como a convocatoria anual da Xornada Universitaria Galega en Xénero en colaboración coas outras dúas universidades galegas.

## Acto institucional do Día Internacional das Mulleres

Recoñecementos pola súa traxectoria:



### 2014 - Escola Infantil Breogán.

Servizo fundamental nas políticas activas de conciliación da vida laboral e persoal da comunidade universitaria.



### 2015 - Programa Woman Emprende.

Servizo fundamental nas políticas activas de conciliación da vida laboral e persoal da comunidade universitaria.

O Plan tamén contempla avances no establecemento de comisións ou enlaces de xénero nos centros, na ampliación das campañas de sensibilización contra a violencia de xénero, coa posta en marcha do I Concurso de Lemas contra a Violencia de Xénero para o alumnado residente no Sistema Universitario de Residencias no 2014, e os avances na elaboración dun Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero en 2015.

“A Oficina de Igualdade de Xénero, a través da web da USC, fai pública a súa memoria de actividades por anos e áreas de actuación do II PEIOMH.”

Neste bienio 2014-2015, cabe destacar os recoñecementos no marco do Acto Institucional do Día Internacional das Mulleres, a potenciación do programa Verán CampUSC (campamentos urbanos para fillos e fillas do persoal e alumnado da USC) e a consolidación dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación. Esta última acción foi seleccionada, no 2015, dentro do proxecto do European Institute for Gender Equality de identificación de boas prácticas de “Integración da Igualdade de xénero nas universidades e centros de investigación”.

## CONCILIACIÓN

Na defensa da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na USC, o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar, destaca como unha das medidas que permiten unha distribución máis igualitaria dos roles masculino e feminino, facilitando que homes e mulleres poidan compatibilizar a súa proxección profesional coas responsabilidades persoais e familiares. A USC promove distintas iniciativas no ámbito da conciliación entre as que destacan:

■ **Programa Verán CampUSC.** É unha iniciativa deportiva, cultural, socioeducativa e de lecer dirixida á infancia que permite conciliar a vida laboral e familiar durante as vacacións escolares. A iniciativa está dirixida tamén ao conxunto da cidadanía de Santiago e a súa área de influencia.

### VERÁN CAMPUSC. 2014

Número de solicitudes de participación nos campamentos:

- NAIS SOLICITANTES: 81
- PAIS SOLICITANTES: 68

Número de participantes nos campamentos:

- NENAS PARTICIPANTES: 69
- NENOS PARTICIPANTES: 80

No terceiro e cuarto criterio suman o total de inscricións posto que repiten en varias quedas.

### VERÁN CAMPUSC. 2015

Número de solicitudes de participación nos campamentos:

- NAIS SOLICITANTES: 69
- PAIS SOLICITANTES: 41

Número de participantes nos campamentos:

- NENAS PARTICIPANTES: 74
- NENOS PARTICIPANTES: 84

■ **Lumieira CUP 11.** Contempla descontos oficiais no campamento urbano Lumieira CUP 11 para nenas e nenos de entre 6 e 12 anos, grazas á colaboración coa asociación A.D.C. Lumieira Lugo.

■ **Escola Infantil Breogán.** Esta escola conta con profesionais con cualificación e a certificación de calidade do seu Sistema de Xestión, Seguridade e Saúde no Traballo conforme á norma OHSAS 18001:2007, sendo a única escola infantil universitaria en España que a posúe.




PRAZAS DA ESCOLA  
•2013: 88 •2014:84 •2015:77



PRAZAS DO COMEDOR  
•2013: 63 •2014:50 •2015:48

■ **Escolas infantís públicas.** Nos anos 2014 e 2015 foron concedidos pola USC máis de 75.000 euros en axudas do “cheque bebé” no campus de Lugo, pasando de 36.505 euros a 39.541,67 euros no 2015.

### Evolución do Número de “Cheque Bebé”: Axudas concedidas no Campus de Lugo



■ **Tarxeta Alares® Trabajo-Familia.** A USC asinou un convenio coa empresa Alares (Experta en Asistencia Familiar) para comercializar, en condicións preferentes, a Tarxeta Alares para a conciliación da vida laboral e familiar do seu persoal dando acceso a un conxunto de servizos entre os que destaca: persoal a domicilio, teleasistencia fixa e móbil, consultas telefónicas a persoal médico, avogacía ou xestión de reparacións no fogar.

# Promoción, compensación e beneficios sociais ●●●

Segundo se establece nos estatutos da USC, a contratación do PDI e PAS xestiónase, dende o Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, mediante procedementos rigorosos e transparentes de concurso público con comisións de avaliación.



**A USC garante mecanismos de selección e promoción xustos e equitativos baseados na capacidade e os méritos. Artellando instrumentos de compensación e distribución equitativa dos beneficios sociais.**



O Servizo de Planificación e Programación de PAS é a unidade de apoio técnico á xerencia, que asume o compromiso da súa estabilización. As distintas incidencias administrativas e económicas dos colectivos universitarios resólvense dende o Servizo de Xestión de Persoal.

O Portal do Empregado permite ao persoal o acceso e consulta do seu historial de nóminas, retribución e retencións. Toda a información de interese para o persoal relativa aos procesos de oposición, servizos, etc., pode consultarse na web da USC dentro dos bloques temáticos de contidos do PAS e o PDI.

## RETRIBUCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS

O persoal da USC recibe unha retribución ligada á súa categoría profesional e á súa antigüidade, garantindo a igualdade e os principios de bo goberno e o código ético da institución.

### RETRIBUCIÓN DO PDI FUNCIONARIO ↷

Vén establecida pola lexislación xeral de funcionarios, sendo uniforme en todas as universidades. O PDI funcionario pode recibir retribucións adicionais ligadas aos seus méritos docentes, investigadores e/ou de xestión.

### RETRIBUCIÓN DO PDI CONTRATADO ↷

Está regulado pola Comunidade Autónoma, e poden establecerse retribucións adicionais ligadas aos méritos docentes, investigadores e/ou de xestión.

### RETRIBUCIÓN DO PAS FUNCIONARIO ↷


A USC establece o seu réxime retributivo, sempre dentro dos límites máximos que determina a Comunidade Autónoma e o Estado.

### RETRIBUCIÓN DO RESTO DO PERSOAL LABORAL ↷

Calcúlase tendo en conta a lexislación laboral vixente e o convenio colectivo aplicable.

“O salario correspondente ao nivel retributivo máis baixo da USC (PAS laboral grupo IV 2) supera en máis do dobre o salario mínimo interprofesional en España.”

### Comparación entre o nivel salarial máis baixo da USC e o salario mínimo interprofesional (2005-2014)



(\*) Prorratedo ás 15 pagas ao ano existentes na USC para este nivel salarial

(\*\*) Prorratedo ás 14 pagas ao ano existentes, como mínimo, para o salario mínimo interprofesional

(\*\*\*) Fonte: BOE

Na web da USC poden consultarse as táboas salariais do PDI e do PAS funcionario e laboral




## COMPENSACIÓNS E BENEFICIOS SOCIAIS

A USC pon a disposición do seu persoal unha ampla variedade de beneficios sociais que superan aos establecidos pola lexislación e que comprenden as seguintes compensacións:

- ANTICIPOS REINTEGRABLES
- DOTACIÓNS A PLANS DE PENSÍONS
- AXUDAS FINANCEIRAS POR INCAPACIDADE OU FORMACIÓN
- SERVIZO DE GARDERÍA
- INTERCAMBIO DE VACACIÓNS
- PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA

**Evolución do número de Prazas de intercambio de vacacións para PAS**



No período reportado foron 12 as persoas que fixeron uso da Póliza de Vida e en total tivo un custo de 182.921,91 € nos dous anos.





# Seguridade e Saúde ●●●

A USC preocúpase pola saúde, seguridade e benestar do seu persoal para o que deseña e implanta distintas políticas tales coma o Servizo de Prevención de Riscos, que traballa en coordinación co Servizo de Protección Radiolóxica; o Servizo de Vixianza da Saúde e a Unidade de Xestión de Residuos. O Servizo de Prevención de Riscos divide a súa actividade en:



SEGURIDADE



HIXIENE E ERGONOMÍA



PSICOSOCIOLOXÍA

**“A USC comprométese a garantir os mellores niveis de seguridade e saúde, e a formar e informar ao persoal dos riscos existentes e das medidas preventivas aplicables ao seu posto.”**

## SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE

Todo o persoal da USC pode someterse a recoñecementos preventivos a través das campañas de diagnóstico precoz de enfermidades e as campañas de vacinación que desenvolve o Servizo de Vixilancia da Saúde en Santiago e Lugo.

A boa acollida das campañas de vixilancia da saúde polo persoal da USC reflítese no dato de que cada mil persoas que participan nos recoñecementos médicos. Ademais, no ano 2014 576 persoas foron vacinadas, chegándose ás 553 no ano 2015. Os días de baixa por sinistralidade reducíronse no período reportado, dende 734 no ano 2014 e 960 no ano 2015, cifras inferiores aos 1.219 días do ano 2013.

	13	14	15
■ CAMPAÑAS DE DIAGNÓSTICO PRECOZ DE DIVERSAS ENFERMIDADES	7.612	10.789	12.157
■ RECOÑECEMENTOS MÉDICOS	842	1.028	1.082
■ CAMPAÑAS DE VACINACIÓN	499	576	553
499 traballadores e traballadoras vacinadas			

NESTES DOUS ANOS O SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE REALIZOU

**+ 2.100 RECOÑECEMENTOS MÉDICOS**

**+ DO 80% NA CATEGORÍA DE "PERIÓDICOS ORDINARIOS"**

### Evolución do número de accidentes laborais


	13	14	15
Accidentes laborais "in itinere"	7	6	7
Accidentes laborais no centro de traballo	11	9	11
En circulación	3	2	1
Enfermidade profesional	-	-	-
Días de baixa por sinistralidade	1.219	734	960
Duración media da baixa por sinistralidade	56,14	43,17	50,53

## SEGURIDADE NO TRABALLO

O Comité de Seguridade e Saúde da USC realiza avaliacións periódicas dos plans de protección e das áreas de Hixiene, Ergonomía e Psicosocioloxía, como parte do seu compromiso coa prevención. No período 2014-15 leváronse a cabo un total de 18 actualizacións das avaliacións iniciais de risco.

A través dos plans de autoprotección dos edificios, a USC organiza os recursos humanos e medios técnicos necesarios para a prevención de situacións de emerxencia, garantido a evacuación das persoas que se encontren no centro no que se produce a emerxencia e evitando tanto os danos humanos como materiais. Cabe destacar que os Colexios Maiores e as Residencias Universitarias, a Escola Infantil Breogán, o Instituto de Cerámica e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría teñen implantado un sistema de "xestión da saúde e seguridade no traballo" certificado de acordo coa norma OHSAS 18001.

### Número de avaliacións específicas por área



### Novas elaboracións de plans de autoprotección



### Mantemento de plans de autoprotección




“O servizo de PRL conta cos certificados segundo a norma UNE-EN-ISO 1400.”

### Formación en Prevención de Riscos Laborais



### Formación de emerxencias (Persoas Asistentes)



\* HORAS DE FORMACIÓN

# 4. Xestión do Coñecemento

4.1	PERFIL DO NOSO ESTUDANTADO OFERTA ACADÉMICA CALIDADE NA DOCENCIA INTEGRACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ORIENTACIÓN LABORAL E EMPREGO APOIO ECONÓMICO E ACADÉMICO MOBILIDADE INTERNACIONAL RESULTADOS ACADÉMICOS
4.2	CAMPUS DE EXCELENCIA CAPACIDADE INVESTIGADORA TRANFERENCIA, VALORIZACIÓN E EMPRENDEMENTO DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO PRODUCCIÓN CIENTÍFICA E RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN PREMIOS RECIBIDOS E RANKINGS
4.3	BIBLIOTECA E ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO SERVIZO DE PUBLICACIÓN E INTERCAMBIO CIENTÍFICO TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓN SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA XESTIÓN DA CALIDADE DOS SERVIZOS SATISFACCIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN ACADÉMICA

Xestión social do coñecemento a través da docencia

• • •

Xestión social do coñecemento a través da investigación e a transferencia

• • •

Outros servizos

• • •

G4-LA

10

G4-PR

5

G4-SO

11

G4-EC

7 4

G4

27 9 8 6 4

## 4.1 Xestión social do coñecemento a través da docencia ●●●

O modelo de responsabilidade social integra as accións orientadas a garantir a calidade e a pertinencia da docencia, da investigación e da transferencia do coñecemento.

A xestión do coñecemento é o obxecto en torno ao que xira toda a actividade da universidade e polo tanto é un dos piares fundamentais do **Plan Estratégico da USC para o período 2011-2020** no que se establecen varias liñas relacionadas co estudantado e o persoal docente e investigador.

**PE** AE1LE3 - O estudantado: valor, presente e futuro

**PE** AE2LE1 - Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade

**PE** AE2LE2 - Procura da excelencia na docencia

**PE** AE2LE3 - Cara a excelencia investigadora

A universidade quere proporcionar ao seu estudantado o coñecemento, as competencias e as capacidades que precisen para competir no mercado de traballo, sen descoidar os valores de cidadanía e responsabilidade. Para responder ás necesidades do alumnado a USC traballa na mellora constante da oferta formativa asegurando a súa calidade e tamén a pertinencia da mesma, mantendo a orientación cara a inserción laboral do estudantado recentemente egresado.

**“ A USC traballa para asegurar a calidade e pertenza da nosa oferta formativa. ”**

Compártese con outros organismos a responsabilidade de crear mecanismos que posibiliten que as persoas con talento poidan acceder aos estudos universitarios con independencia dos seus recursos familiares e bríndase apoio a través de titorías e de labores de orientación ao estudantado que así o precise fortalecendo o proceso de ensino – aprendizaxe. Resulta igualmente esencial garantir a integración e igualdade de oportunidades de toda persoa que queira formarse na USC. O papel do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) é clave neste eido.

## PERFIL DO ESTUDANTADO

Debido ao propio obxecto da USC, o estudantado é obrigatoriamente un dos principais grupos de interese, polo que se presta especial atención ao seu perfil e necesidades concretas.

NOS 2 ÚLTIMOS ANOS  
REXISTRÁSE  
UN AUMENTO  
NA MATRÍCULA

**GRAOS  
MÁSTER  
DOUTORAMENTO**


### Número de persoas matriculadas por tipo de estudo

	2012-13			2013-14			2014-15		
	TOTAL	% M	% H	TOTAL	% M	% H	TOTAL	% M	% H
TITULACIÓNS OFICIAIS DE 1º E 2º CICLO E GRAOS	23.835	63,7	36,3	22.706	63,4	36,6	21.656	62,7	37,3
TITULACIÓNS PROPIAS	404	63,7	36,3	382	63,4	36,6	385	62,7	37,2
MÁSTERES OFICIAIS	1.716	60,3	39,7	2.048	61,2	38,8	2.044	61,1	38,9
DOUTORAMENTO	2.697	55,2	44,8	2.849	55,1	44,9	3.048	55,1	44,9
MÁSTERES PROPIOS	380	62,5	37,5	422	67,5	32,5	360	58,9	41,1
CURSOS ESPECIALIZACIÓN	192			216			217		
CURSOS FORMACIÓN CONTINUA	627			616			1.267		
IV CICLO	380	69,2	30,8	312	72,8	17,2	287	72,8	17,2

LENDIA: %M: PORCENTAXE MULLERES / %H: PORCENTAXE HOMES

**“ Na actualidade o número de mulleres supera o de homes en todos os niveis formativos. ”**

## Alumnado matriculado en titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos



## Programas de doutoramento



NÚMERO DE ESTUDANTES EN ETAPA DE TESE

• 2012-13: 2.684 • 2013-14: 2.849 • 2014-15: 3.048



NÚMERO DE TESES DEFENDIDAS CON DOUTORAMENTOS EUROPEOS

• 2012-13: 64 • 2013-14: 63 • 2014-15: 72








NÚMERO DE DOUTORAMENTOS INTERUNIVERSITARIOS

• 2012-13: 15 • 2013-14: 38 • 2014-15: 22



Ao mesmo tempo que continúa o descenso de estudantes de primeiro e segundo ciclo acorde coa extinción destas titulacións como parte da adaptación ao EEES, aumenta notoriamente o número de persoas matriculadas nos graos ofertados nos dous campus, de Santiago e Lugo, chegando a 18.297 estudantes de grao no curso 2013-14 e a 19.727 en 2014-15. Nos programas de doutoramento sobe o número de estudantes en etapa de tese e o número de teses defendidas con doutoramentos europeos.

### Distribución do estudantado por áreas (titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos)

 <b>CIENCIAS DA SAÚDE</b>	<b>USC</b> • 2012-13: 27,93% • 2013-14: 29,93% • 2014-15: 31,21%	<b>SUE</b> • 2012-13: 14,40% • 2013-14: 16,35% • 2014-15: 17,30%
 <b>CIENCIAS</b>	<b>USC</b> • 2012-13: 10,20% • 2013-14: 10,04% • 2014-15: 10,07%	<b>SUE</b> • 2012-13: 5,90% • 2013-14: 5,77% • 2014-15: 5,88%
 <b>CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS</b>	<b>USC</b> • 2012-13: 42,15% • 2013-14: 40,76% • 2014-15: 39,23%	<b>SUE</b> • 2012-13: 47,80% • 2013-14: 46,95% • 2014-15: 46,46%
 <b>ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA</b>	<b>USC</b> • 2012-13: 8,98% • 2013-14: 8,58% • 2014-15: 8,42%	<b>SUE</b> • 2012-13: 21,70% • 2013-14: 21,37% • 2014-15: 20,66%
 <b>ARTE E HUMANIDADES</b>	<b>USC</b> • 2012-13: 10,74% • 2013-14: 10,69% • 2014-15: 11,70%	<b>SUE</b> • 2012-13: 10,30% • 2013-14: 9,55% • 2014-15: 9,71%

“ **A Universidade de Santiago é a Universidade de referencia en Galicia, aglutinando ao 40% do estudantado matriculado e egresado do SUG.** ”

A comparación da distribución por áreas do estudantado da USC en comparación co estudantado do Sistema Universitario Español (SUE) mostra unha porcentaxe superior para as áreas relacionadas coas Ciencias da Saúde, chegando ao 29,93% e o 31,21% nos cursos 2013-14 e 2014-15, trece e catorce puntos por riba da media do SUE.

As Artes e Humanidades presentan tamén unha porcentaxe de estudantado levemente superior á media do SUE, chegando ao 10,69% no curso 2013-14 e ao 11,07% no 2014-15.

### Datos de matrícula e titulados na USC en relación co SUG

➔ PORCENTAXE DE ESTUDANTADO MATRICULADO SOBRE O TOTAL DO SUG EN 1º E 2º CICLO E GRAOS



➔ PORCENTAXE DE PERSOAS GRADUADAS DE 1º E 2º CICLO E GRAOS SOBRE O TOTAL DO SUG



## Dende 1495 marcando o camiño a seguir

A USC conta co seu Programa de Apoio Titorial Extraordinario. Os resultados do programa continúan a ser positivos e aumenta a porcentaxe de materias aprobadas, no curso 2013-14 contou coa participación de 104 estudantes que superaron máis do 75% das materias, no curso 2014-15 o programa prestou apoio a 50 estudantes cunha porcentaxe de materias aprobadas similar á do ano anterior.

### Resultados Programa de Apoio Titorial Extraordinario

#### ⇒ Nº DE ESTUDANTES DO PROGRAMA

2012-13	156	2013-14	104	2014-15	50
---------	-----	---------	-----	---------	----

#### ⇒ Nº DE MATERIAS APROBADAS NA CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA

2012-13	36	2013-14	11	2014-15	0
---------	----	---------	----	---------	---

#### ⇒ Nº DE MATERIAS APROBADAS EN CONVOCATORIA ORDINARIA

2012-13	66	2013-14	69	2014-15	37
---------	----	---------	----	---------	----

#### ⇒ Nº DE MATERIAS APROBADAS NA CONVOCATORIA DE SETEMBRO

2012-13	14	2013-14	7	2014-15	0
---------	----	---------	---	---------	---

#### ⇒ Nº DE MATERIAS NON PRESENTADAS

2012-13	27	2013-14	13	2014-15	4
---------	----	---------	----	---------	---

#### ⇒ Nº DE MATERIAS SUSPENSAS

2012-13	13	2013-14	4	2014-15	9
---------	----	---------	---	---------	---

No tocante a procedencia xeográfica do estudiantado, 9 de cada 10 estudantes proceden da comunidade autónoma galega, sendo os estudos de terceiro ciclo e os másteres propios os que conseguen atraer unha maior porcentaxe de alumnado estranxeiro.



## OFERTA ACADÉMICA

A oferta formativa da USC destaca como unha das máis completas. Tanto no seu Campus Vida, como no Campus Terra e Campus Mar a docencia nesta universidade é recoñecida pola súa calidade e afán innovador. O Campus de Lugo incorpora dúas novas titulacións contando cun total de 44 graos ofertados no curso 2014-15.

### Distribución por áreas de coñecemento das titulacións de grao

2012-13			
	CAMPUS SANTIAGO	CAMPUS DE LUGO	TOTAL*
CIENCIAS DA SAÚDE	6	3	8
CIENCIAS	4	0	4
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	13	4	13
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	2	6	8
ARTES E HUMANIDADES	8	2	9
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>	<b>15</b>	<b>42</b>
2013-14			
	CAMPUS SANTIAGO	CAMPUS DE LUGO	TOTAL*
CIENCIAS DA SAÚDE	6	3	8
CIENCIAS	4	0	4
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	13	4	13
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	2	6	8
ARTES E HUMANIDADES	8	2	9
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>	<b>15</b>	<b>42</b>
2014-15			
	CAMPUS SANTIAGO	CAMPUS DE LUGO	TOTAL*
CIENCIAS DA SAÚDE	6	3	8
CIENCIAS	4	0	4
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	13	5	14
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	2	7	9
ARTES E HUMANIDADES	8	2	9
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>	<b>17</b>	<b>44</b>

\*TOTAL sen duplicadas

## Oferta de másteres oficiais

Nº DE MÁSTERES CON LÍMITE DE PRAZAS

- 2012-13: 11
- 2013-14: 12
- 2014-15: 13



CIENCIAS DA SAÚDE

- 2012-13: 12
- 2013-14: 14
- 2014-15: 10



CIENCIAS

- 2012-13: 19
- 2013-14: 24
- 2014-15: 15



CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS

- 2012-13: 5
- 2013-14: 11
- 2014-15: 8



ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

- 2012-13: 9
- 2013-14: 10
- 2014-15: 11



ARTE E HUMANIDADES

- 2012-13: 56
- 2013-14: 71
- 2014-15: 57

**TOTAL**

PRAZAS OFERTADAS

- 2012-13: 292
- 2013-14: 335
- 2014-15: 368

- 2012-13: 259
- 2013-14: 337
- 2014-15: 271

- 2012-13: 829
- 2013-14: 1.036
- 2014-15: 770






- 2012-13: 90
- 2013-14: 287
- 2014-15: 232

- 2012-13: 218
- 2013-14: 251
- 2014-15: 240

- 2012-13: 1.688
- 2013-14: 2.246
- 2014-15: 1.881

O número de prazas ofertadas en estudos de máster aumenta ata as 2.246 prazas ofertadas no curso 2013-14 repartidas en 71 titulacións, rexistrando un descenso no curso 2014-15, contando con 1.881 prazas repartidas en 57 titulacións. Os programas de doutoramento ofertados repártese de forma equilibrada en relación ao volume de estudantes da USC segundo áreas de coñecemento, destaca así que o 25,9% de programas de doutoramento son na área de Ciencias da Saúde, sendo a USC unha referencia nesta materia.

### Programas de doutoramento por grandes áreas

Nº • 2012-13: 17 • 2013-14: 14 • 2014-15**: 14	 CIENCIAS DA SAÚDE	% • 2012-13: 23 • 2013-14: 25,9 • 2014-15**: 25,9
Nº • 2012-13: 15 • 2013-14: 12 • 2014-15**: 12	 CIENCIAS	% • 2012-13: 20,3 • 2013-14: 22,2 • 2014-15**: 22,2
Nº • 2012-13: 18 • 2013-14: 11 • 2014-15**: 11	 CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS	% • 2012-13: 24,3 • 2013-14: 20,4 • 2014-15**: 20,4
Nº • 2012-13: 5 • 2013-14: 7 • 2014-15**: 7	 ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	% • 2012-13: 6,8 • 2013-14: 13,0 • 2014-15**: 13,0
Nº • 2012-13: 19 • 2013-14: 10 • 2014-15**: 10	 ARTE E HUMANIDADES	% • 2012-13: 25,7 • 2013-14: 18,5 • 2014-15**: 18,5
Nº • 2012-13: 74 • 2013-14: 54 • 2014-15**: 54	<b>TOTAL</b>	% • 2012-13: 100 • 2013-14: 100 • 2014-15**: 100

\*\* Programas de doutoramento RD 99/2011

### Oferta de IV ciclo, posgrao propio e cursos de especialización

➔ IV CICLO	2012-13 42 materias   2013-14 31 materias   2014-15 32 materias
➔ POSGRAO PROPIO	2012-13 23 titulacións   2013-14 25 titulacións   2014-15 23 titulacións
➔ CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN	2012-13 33 cursos   2013-14 22 cursos   2014-15 16 cursos

**Na web da USC pódense consultar a oferta detallada da formación e titulacións que se poden cursar na universidade.**

### CALIDADE NA DOCENCIA

Co obxectivo de lograr a maior satisfacción do alumnado e un bo rendemento académico, a universidade desenvolve tarefas sistemáticas de avaliación da xestión da docencia, a investigación, a oferta académica e o labor do persoal.

A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) teñen un papel salientable neste labor. Os programas VERIFICA, MONITOR, FIDES-AUDIT e Docentia, o programa de avaliación institucional, o programa de acreditación do profesorado ou as mencións de excelencia son unha mostra das actuacións en materia de calidade na docencia que desenvolve a USC.

**“ A satisfacción media do alumnado sitúase por riba de 3,5 puntos en todas as áreas avaliadas. ”**

### Satisfacción do alumnado e do profesorado

Coa finalidade de deseñar accións para avanzar na procura da mellora na calidade da formación e satisfacer ás expectativas dos grupos de interese da USC, realízase unha medición periódica e sistemática da satisfacción do alumnado, do alumnado egresado e do profesorado.

## Satisfacción media do alumnado coa docencia recibida por grandes áreas\*

	12-13	13-14	14-15	
TITULACIÓN DE 1º E 2º CICLO	CIENCIAS	3,81	3,71	-
	CIENCIAS DA SAÚDE	3,74	3,64	3,89
	ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	3,58	3,68	-
	ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	3,72	3,51	3,64
	ARTES E HUMANIDADES	3,69	3,76	-
GRAOS	CIENCIAS	3,63	3,74	3,75
	CIENCIAS DA SAÚDE	3,71	3,81	3,82
	ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	3,60	3,65	3,79
	ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	3,68	3,77	3,80
	ARTES E HUMANIDADES	3,87	3,85	3,88
MÁSTERES	CIENCIAS	3,88	3,70	3,81
	CIENCIAS DA SAÚDE	3,98	3,82	4,04
	ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	3,97	4,08	3,77
	ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	3,90	3,76	3,84
	ARTES E HUMANIDADES	4,06	3,94	4,02

\*Escala dende 1 (Nada satisfeito/a) ata 5 (Moi satisfeito/a)

Un reporte máis detallado dos resultados pódese consultar nos informes periódicos sobre a calidade docente publicadas na web da USC.

“O PDI valora positivamente con puntuacións próximas ao 4 a calidade da docencia impartida na USC.”

## Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

2012-13			
	1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTER
Satisfacción coa docencia desenvolvida	3,84	3,74	3,94
Satisfacción cos servizos de apoio á docencia	3,87	3,91	3,86
Satisfacción coa formación	3,22	-	-
2013-14			
	1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTER
Satisfacción coa docencia desenvolvida	4,01	3,72	4,04
Satisfacción cos servizos de apoio á docencia	3,84	3,96	3,95
Satisfacción coa formación	3,92	-	-
2014-15			
	1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTER
Satisfacción coa docencia desenvolvida	3,99	3,72	4,05
Satisfacción cos servizos de apoio á docencia	4,13	3,90	3,85
Satisfacción coa formación	3,85	-	-

\*Escala dende 1 (Nada satisfeito/a) ata 5 (Moi satisfeito/a)

Algunhas iniciativas destacables na mellora da calidade docente da USC son a convocatoria anual de axudas aos centros para impulsar a calidade, o proxecto docente e editorial “Unidades Didácticas, materiais docentes de calidade”, o fomento do uso do inglés nas aulas e a utilización de novos recursos ou espazos didácticos, entre outros.



## **INTEGRACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES**

Dende o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), a USC coordina a posta en marcha das actuacións en materia de igualdade e equidade entre as persoas membro da comunidade universitaria. En colaboración con outros servizos propios e externos, a USC traballa para favorecer a incorporación sociolaboral en igualdade de futuros egresados e egresadas.

A SEPIU		29 estudantes	no 2014
atendeu		40 estudantes	no 2015

Entre as medidas a destacar, a USC conta cun protocolo de atención, integración e accesibilidade do estudiantado con discapacidade. En todas as titulacións e residencias resérvase unha porcentaxe de prazas para persoas con necesidades especiais. Para tratar de garantir a igualdade de oportunidades das familias con menos recursos, convócanse bolsas de aloxamento e comedor no Servizo Universitario de Residencias (SUR) complementarias ás do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

“

**O número de estudantes con necesidades especiais que estiveron aloxados no SUR, aumentou de 20 a 23 entre 2014 e 2015.**

”



## ORIENTACIÓN LABORAL E EMPREGO

Na formación do estudiantado inclúese a adquisición das técnicas que faciliten o inicio do seu exercicio profesional. Os Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) da USC asumen esta misión, mediante a Área de Orientación Laboral (AOL) e a Área de Autoemprego.

O Obxectivo xeral da AOL é a planificación e o desenvolvemento de accións de información, orientación laboral e busca activa de emprego. Estes servizos inclúen a intermediación laboral con empresas, a información sobre as convocatorias de bolsas de emprego ou de formación e cursos de interese, a realización de actividades encamiñadas á elaboración do currículo vitae e a formación en técnicas de busca de emprego. Algunhas destas actividades realízanse como centro colaborador do Servizo Público de Emprego da Xunta de Galicia. No curso 2014-15 engadiuse a xestión e difusión das ofertas de emprego de ABANCA cun total de 21 persoas seleccionadas para participar no programa. Como complemento a estas accións o Consello Social edita unha guía coas principais saídas profesionais de cada unha das titulacións que se imparten na USC.

**“ Das 64 candidaturas presentadas á oferta de emprego ABANCA formalizáronse 21 contratos. ”**

A Área de Autoemprego está integrada dentro do Plan para a Creación de Empresas da USC (Uniemprende) e da Rede de Técnicos de Emprego de

### Área de Orientación Laboral. Actividades de orientación/información



#### ENTREVISTAS DE ORIENTACIÓN

2013	621	2014	440	2015	420
------	-----	------	-----	------	-----



#### Nº DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

2013	37	2014	34	2015	24
------	----	------	----	------	----



#### MEDIA DE ASISTENTES

2013	794	2014	750	2015	-
------	-----	------	-----	------	---



#### ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN - SAEE (presentacións, seminarios, xornadas de benvinda, medios de comunicación, etc.)

2013	-	2014	4	2015	-
------	---	------	---	------	---



#### ENTREVISTAS INFORMATIVAS

2013	1.855	2014	1.623	2015	-
------	-------	------	-------	------	---



#### Nº DE PRÁCTICAS SANTANDER CRUE CEPYME

2013	157	2014	141	2015	141
------	-----	------	-----	------	-----

\*Compútanse os datos da AOL do Campus de Santiago de Compostela a decembro de 2014

Galicia da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e ofrece un servizo integral relacionado co desenvolvemento da idea de negocio, a información xurídica e sobre as posibles axudas, asesoramento, análises de viabilidade económica-financeira e actividades de difusión, a todos os membros da comunidade universitaria que teñan algunha inquiredanza relacionada co autoemprego e a creación de empresas.

## **APOIO ECONÓMICO E ACADÉMICO**

O estudiantado da USC ten acceso a diversas formas de apoio económico, estas axudas artículanse con cargo aos orzamentos da propia USC ou de organismos e institucións autonómicos e estatais, e diríxense a compensar os gastos de cursar estudos na universidade, a participación en programas de mobilidade e o impulso no inicio e consolidación da carreira investigadora. O Ministerio de Educación e Ciencia concedeu un total de 7.092 bolsas por importe de 20.674.062 euros no curso 2013-14, chegando ás 6.945 por un total de 20.848.370 euros no ano académico 2014-15. Entre a normativa xeral da universidade tamén se establecen unha serie de exencións de pagamento de matrícula para integrantes de familias numerosas, persoas con discapacidade e vítimas de actos terroristas e de violencia de xénero.

Como complemento a estas axudas, a Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC) e o Centro de Linguas Modernas (CLM) xestionan a oferta de cursos enfocados á mellora das competencias do estudiantado en materias complementarias relacionadas coas novas tecnoloxías da información (TIC) e das comunicacións e as linguas modernas. A integración das TIC lévase a cabo nas aulas mediante a renovación dos equipamentos utilizados na docencia, a través da promoción do uso e difusión do software libre na universidade e na xestión e os servizos accesibles a través da USC Virtual.

### **Bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do “Ministerio de Educación y Ciencia”**

	12-13	13-14	14-15
BOLSAS SOLICITADAS	11.378	10.898	10.638
BOLSAS CONCEDIDAS	7.015	7.092	6.945
CONTÍAS TOTAIS	26.580,290	20.674.062	20.848.350

O apoio da USC ao estudiantado tamén pode reflectirse nas facilidades que se poñen á súa disposición para integrarse na vida universitaria a través dos tres colexios maiores onde non só se ofrece aloxamento ao estudiantado senón que tamén se promove a formación integral a través de actividades culturais, sociais e deportivas. Por outra banda, concédense bolsas anuais de colaboración na biblioteca, nas aulas de informática, relacionadas coa organización de actividades socio-culturais e deportivas. A USC promove unha contorna democrática e participativa entre o seu estudiantado fomentado o tecido asociativo a través de convocatorias de “Axudas a programas de actividades estudiantís”. Por último cabe destacar que a universidade mantén os prezos concertados para os produtos básicos na rede de cafeterías e comedores e as subvencións de parte do prezo do billete do transporte urbano.

## Evolución, por módulos, da distribución do número de axudas

### concedidas polo MEC

#### ➔ LIBROS

2012-13	6.428	2013-14	-	2014-15	-
---------	-------	---------	---	---------	---

#### ➔ RESIDENCIA / CONTÍA FIXA POR RESIDENCIA\*

2012-13	4.343	2013-14	3.998	2014-15	3.953
---------	-------	---------	-------	---------	-------

#### ➔ DESPRAZAMENTO

2012-13	1.274	2013-14	-	2014-15	-
---------	-------	---------	---	---------	---

#### ➔ MOBILIDADE

2012-13	267	2013-14	-	2014-15	-
---------	-----	---------	---	---------	---

#### ➔ COMPENSATORIA

2012-13	2.226	2013-14	-	2014-15	-
---------	-------	---------	---	---------	---

#### ➔ CONTÍA FIXA POR RENDA\*

2012-13	-	2013-14	2.059	2014-15	2.133
---------	---	---------	-------	---------	-------

#### ➔ VARIABLE MÍNIMA\*

2012-13	-	2013-14	299	2014-15	218
---------	---	---------	-----	---------	-----

#### ➔ VARIABLE COEFICIENTE\*

2012-13	-	2013-14	5.576	2014-15	5.550
---------	---	---------	-------	---------	-------

#### ➔ TAXAS DE MATRÍCULA\*

2012-13	-	2013-14	1.217	2014-15	1.177
---------	---	---------	-------	---------	-------

\*Bolsas que comenaron a partir do curso 2013-14

## Evolución da formación a persoas usuarias da biblioteca

	13	14	15
Postos de lectura totais	6.806	6.806	6.925
Novos postos de lectura	-87	0	119
Total metros cadrados de bibliotecas universitarias	37.617	37.617	37.617
Novos metros cadrados de bibliotecas universitarias	-268	-	-
Novos metros de andeis de libre acceso	744	-	-
Metros totais de andeis de libre acceso	31.419	31.419	31.419
Novas monografías	21.925	21.785	18.447
Total monografías	1.373.839	1.407.996	1.429.224
Orzamento	2.353.000	2.009.500	1.944.015

## Prazas ocupadas e prazas subvencionadas no SUR

	13	14	15
Número de prazas ocupadas no SUR	1.136	1.119	1.124
Número de prazas subvencionadas no SUR	981	962	972
Importe total das subvencións de prazas no SUR	1.521.018	1.454.607	1.430.865

## Bolsas comedor

	13	14	15
Número de bolsas concedidas	652	547	590
Importe (euros)	738.650€	571.859€	634.300€



## **MOBILIDADE INTERNACIONAL**

A internacionalización é un elemento clave no Plan Estratéxico da USC, creando unha universidade máis atractiva, produtiva e competitiva. O papel do Servizo de Relacións Exteriores (SRE) céntrase na internacionalización, na atracción do talento e no intercambio de boas prácticas a través da mobilidade de profesorado, estudantes e xestores, con actuacións en varios ámbitos. Entre as accións realizadas por este servizo incrementouse a captación de fondos de financiamento externas para programas Tempus (proxectos UNIVIA, MONPROG) e Erasmus Mundus (PEACE II; EUPHRATES; MARHABA) de cooperación con países industrializados (VIA LACTEA con XAPÓN) e proxectos de Asociacións Estratéxicas (LANDCARE, Q-Safe, e outros). Esta captación de fontes reforza e mellora a posición de prestixio da universidade a nivel mundial e establece novos lazos institucionais.

**“ A USC recibe estudantes de máis de 20 países no programa Erasmus, sendo Alemaña e Italia os principais países de procedencia deste alumnado. ”**

A tradición e existencia de numerosos convenios internacionais da USC e de cooperación con outros países vése reforzado no centro e sudeste de Asia e países do Magreb, mellorando a capacidade para desenvolver iniciativas de ámbito internacional de cooperación. No curso 2013-14 o SRE pon en marcha un servizo personalizado e profesional de captación de estudantado internacional (PATEX).





En programas de mobilidade específicos, a través do programa Erasmus (programa de Aprendizaxe Permanente PAP) a USC recibe estudantes de 419 universidades, de 29 países, a través de 1.105 convenios Erasmus asinados, sendo Italia o país de procedencia principal deste alumnado e tamén o destino máis atractivo para o alumnado da USC.

## Italia

É O DESTINO MÁIS  
ATRACTIVO PARA O  
ALUMNADO DA USC



Grazas á promoción do programa e a estabilidade das bolsas da Xunta de Galicia e do Banco Santander (para Latinoamérica) as estadias de alumnado en países fóra da UE incrementáanse dende os 76 no curso 2013-14 ata 110 no curso 2014-15.

### Programa Erasmus (programa de Aprendizaxe Permanente PAP)

	13-14	14-15
Número de acordos de intercambio asinados	1.066	1.105
Número de universidades	447	419
Número de países europeos	30	29

A Vicerreitoría de Internacionalización da USC desenvolve diversas actividades de acollida dirixidas a axudar á integración do estudiantado estranxeiro, entre as que destaca o "International Day", organizado en colaboración coa Asociación Erasmus Santiago. En Santiago de Compostela está asentada unha sección da federación europea "Erasmus Students Network" (ESN), asociación estudiantil de ámbito europeo, presente en máis de catrocentas universidades e institucións de educación superior dos países europeos. O seu principio fundamental é o de "students help students", que consiste na colaboración voluntaria de estudantes que participaron en programas de intercambio e axudan ao alumnado estranxeiro que visita a USC mediante accións de apadriñamento.

+ 100  
estadias

de alumnado  
fóra da UE

NO CURSO 2014-2015

**Programa Erasmus (programa de Aprendizaxe Permanente PAP):  
alumnado enviado e recibido**

  
ALUMNADO ENVIADO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 507	• 2013-14: 58,6%	• 2013-14: 41,4%
• 2014-15: 350	• 2014-15: 62%	• 2014-15: 38%

  
ALUMNADO RECIBIDO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 495	• 2013-14: 73,7%	• 2013-14: 26,3%
• 2014-15: 431	• 2014-15: 67,7%	• 2014-15: 32,3%

**Programa SICUE**

  
ALUMNADO ENVIADO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 161	• 2013-14: 64%	• 2013-14: 36%
• 2014-15: 184	• 2014-15: 71,7%	• 2014-15: 28,3%

  
ALUMNADO RECIBIDO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 78	• 2013-14: 76,9%	• 2013-14: 23,1%
• 2014-15: 61	• 2014-15: 64,9%	• 2014-15: 35,1%

**Programas bilaterais**

  
ALUMNADO ENVIADO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 76	• 2013-14: 69,7%	• 2013-14: 30,3%
• 2014-15: 110	• 2014-15: 62,7%	• 2014-15: 37,3%

  
ALUMNADO RECIBIDO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 477	• 2013-14: 74,4%	• 2013-14: 25,6%
• 2014-15: 506	• 2014-15: 25,6%	• 2014-15: 74,4%

**Programa ISEP**

  
ALUMNADO ENVIADO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 0	• 2013-14: 0%	• 2013-14: 100%
• 2014-15: 0	• 2014-15: 0%	• 2014-15: 100%

  
ALUMNADO RECIBIDO

TOTAL	MULLERES	HOMES
• 2013-14: 9	• 2013-14: 44,4%	• 2013-14: 55,6%
• 2014-15: 5	• 2014-15: 60%	• 2014-15: 40%

## RESULTADOS ACADÉMICOS

O seguimento dos resultados do estudantado resulta fundamental para poder deseñar accións que permitan correxir posibles desequilibrios e potenciar o maior aproveitamento académico. De entre os indicadores que ofrecen información sobre os resultados académicos nas seguintes tablas recóllese a taxa de éxito global, a taxa de rendemento global e a taxa de abandono. Na web da USC poden consultarse os informes completos para estes e outros indicadores.

**“ A taxa de éxito global é superior ao 80% para todos os niveis educativos chegando ao 98% nos másteres oficiais. As taxas de rendemento sitúanse arredor do 70% nos estudos de grao superando o 90% nos másteres oficiais. ”**

O rendemento académico do estudantado da USC vén sendo recoñecido mediante a concesión dos Premios Nacionais á Excelencia e os Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia e nos resultados acadados nas convocatorias dos programas de formación MIR (Médicos Internos Residentes), FIR (Farmacéuticos Internos Residentes) e PIR (Psicólogos Internos Residentes).

rexístrase un  
▼ DESCENSO  
no nº de ABANDONOS

### Taxa de éxito (%)

2012-13			
TAXA DE ÉXITO ▶	NO 1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTERES OFICIALES
CIENCIAS DA SAÚDE	89,4 %	89,1%	99,7%
CIENCIAS	85,8%	72,1%	100%
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	85%	86,1%	99,4%
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	84%	82,7%	99,6%
ARTES E HUMANIDADES	91,1%	86,3%	99,6%
<b>TOTAL DA TAXA MEDIA</b>	<b>87,5%</b>	<b>83,3%</b>	<b>99,6%</b>

2013-14			
TAXA DE ÉXITO ▶	NO 1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTERES OFICIALES
CIENCIAS DA SAÚDE	88,7 %	89,4%	99,6%
CIENCIAS	83,2%	72,3%	99,5%
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	83,9%	87,4%	98,7%
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	82,8%	81,2%	98%
ARTES E HUMANIDADES	88,3%	84,0%	98,4%
<b>TOTAL DA TAXA MEDIA</b>	<b>85,6%</b>	<b>85,7%</b>	<b>98,9%</b>

2014-15			
TAXA DE ÉXITO ▶	NO 1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTERES OFICIALES
CIENCIAS DA SAÚDE	88,2 %	89,7%	99,7%
CIENCIAS	85,5%	72,7%	99,9%
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	80,9%	86,8%	98,9%
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	87,6%	80,3%	99,3%
ARTES E HUMANIDADES	74,3%	83,6%	99,3%
<b>TOTAL DA TAXA MEDIA</b>	<b>86,4%</b>	<b>85,6%</b>	<b>95,3%</b>

## Taxa de rendemento (%)

2012-13			
TAXA DE RENDEMENTO ▶	NO 1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTERES OFICIALES
CIENCIAS DA SAÚDE	77,1 %	83,2%	94,4%
CIENCIAS	77,1%	62,5%	97,6%
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	68,1%	76,7%	90%
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	67,7%	70,4%	89,1%
ARTES E HUMANIDADES	67,5%	76,5%	82,2%
<b>TOTAL DA TAXA MEDIA</b>	<b>72,3%</b>	<b>76,4%</b>	<b>91%</b>


2013-14			
TAXA DE ÉXITO ▶	NO 1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTERES OFICIALES
CIENCIAS DA SAÚDE	76,3 %	84,2%	93,9%
CIENCIAS	63,1%	62,9%	91,5%
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	64,7%	78,8%	89,3%
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	61,9%	69%	85,9%
ARTES E HUMANIDADES	65,7%	74,3%	83,7%
<b>TOTAL DA TAXA MEDIA</b>	<b>67,7%</b>	<b>77,4%</b>	<b>89,3%</b>

2014-15			
TAXA DE ÉXITO ▶	NO 1º E 2º CICLO	GRAOS	MÁSTERES OFICIALES
CIENCIAS DA SAÚDE	77,2 %	84,7%	94,4%
CIENCIAS	63,9%	63,7%	97,6%
CIENCIAS SOCIAS E XURÍDICAS	61,7%	77,3%	90%
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	77,7%	66%	90,2%
ARTES E HUMANIDADES	50,7%	72,3%	82,2%
<b>TOTAL DA TAXA MEDIA</b>	<b>72,8%</b>	<b>76,9%</b>	<b>90,9%</b>

## Taxa global de abandono do título no 1º e 2º ciclo e nos graos dende 2010-11



## Taxa global de abandono do título no 1º e 2º ciclo e nos graos (%)



\* Dende o curso 2013-2014 calculouse a taxa de abandono para titulacións de grao, sen incluír titulacións de centros adscritos. Soamente pode obterse para o estudiantado da cohorte de novo ingreso polo que o título de grao ten que estar implantado cando menos 5 cursos consecutivos.  
(Exclúense as titulacións de centros adscritos)

## 4.2 Xestión social do coñecemento a través da Investigación e Transferencia ●●●

Na estratexia e cultura investigadora da USC intégrase a **xestión social do coñecemento** a partir dunha visión colaborativa das capacidades colectivas, asumindo o compromiso da dinamización do sistema de innovación rexional na procura dun novo modelo de crecemento económico e social sostible, baseado no talento, o emprendemento e a internacionalización.

Ese compromiso faise visible no Plan Estratéxico da USC con accións que se fundamenta en tres principios:

**Especialización**, para consolidar e optimizar a actual solvencia científico-tecnolóxica das capacidades de especial repercusión académica, económica e social, seleccionando os focos sobre os que centrar e proxectar os obxectivos institucionais de excelencia e internacionalización.

**Excelencia científica**, un obxectivo, e tamén un compromiso, que reafirma os principios de excelencia na docencia e na investigación, como base competencia e proxección internacional e reforzando o papel actual da USC como referente social.

**Impacto dos resultados**, materializado nunha estratexia institucional que asegura o valor social e o impacto económico da Investigación. Partindo do concepto de innovación aberta, a USC quere maximizar o talento existente entre todos os actores do sistema de innovación de Galicia, para acadar resultados de interese, apoiar a abordaxe dos retos sociais e impulsar a competitividade do noso sector produtivo.

NOVO MODELO  
DE CRECIMENTO  
ECÓNOMICO E  
SOCIAL SOSTIBLE

talento  
emprendemento  
internacionalización

Dende a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, e a través da Área de Xestión de I+D+I, a Área de Recursos de Apoio á Investigación e Proxección Exterior e a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE), a USC encárgase da difusión da información máis relevante relacionada coa investigación. Con esta intención, a USC elabora anualmente as memorias relacionadas coa actividade investigadora. Nos informes de I+D+i+E fanse constar as contas sobre o financiamento obtido para a investigación, os proxectos financiados en convocatorias competitivas e os contratos e convenios asinados con empresas e institucións, os recursos humanos captados para a investigación e os resultados acadados. Nas memorias de Actividade da AVTE, recóllense os resultados de investigación identificando a súa protección mediante patente e outras formas xurídicas, os procesos de transferencia de coñecemento iniciados e os contratos de licenza asinados con empresas e institucións. Tamén se recolle a creación de novas empresas baseadas en resultados de investigación como as spin-off da USC.



## **CAMPUS DE EXCELENCIA**

No discurso europeo existe unha idea imperante sobre a organización e orientación da I+D+i, centrada na promoción de estratexias e procesos de especialización, para territorios e institucións de investigación. O obxectivo é promover unha organización das capacidades de I+D+i arredor das áreas do coñecemento nas que se posúa unha vantaxe competitiva e que estean arraigadas aos outros activos e competencias da contorna.

A USC está a impulsar a orientación das súas accións estratéxicas en docencia e investigación, cara a unha especialización marcada pola excelencia e o aliñamento coas estratexias europeas, estatais e autonómicas definidas nos programas H2020, ENCYT e RIS3 tal e como se recolle na Programación Plurianual 2015-2016. Con ese obxectivo, a USC traballa na organización da mesma a través do impulso de dous Campus de Excelencia Internacional, recoñecidos polo MINECO:



**CAMPUS VIDA**, focalizado no ámbito das ciencias da vida. Integra un dinámico BIOCLUSTER que aglutina aos principais axentes rexionais do ámbito biosanitario e biotecnolóxico e conta co recoñecemento político e científico nas estratexias de especialización do goberno rexional.



**CAMPUS DO MAR** centrado en obxectivos científicos, tecnolóxicos e socioeconómicos no ámbito marítimo-pesqueiro, integra un consorcio no que participan as tres universidades galegas, e no que a USC lidera as capacidades de investigación de interese para o desenvolvemento competitivo da Acuicultura.



A USC pretende continuar organizando de maneira eficiente as súas capacidades científicas arredor de obxectivos específicos en dous novos campus.



**CAMPUS TERRA** que integra as capacidades científico técnicas en ámbitos de investigación relacionados coa produción agraria e forestal, a produción e o benestar animal, a xestión da biodiversidade, a seguridade alimentaria e o desenvolvemento rural. No ano 2015 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aprobou o Plan Estratéxico e a Gobernanza deste novo proxecto que deberá converter ao Campus de Lugo nun referente científico e social nos ámbitos de coñecemento vencellados á sostibilidade económica social e medioambiental do uso da TERRA.

campus  
da cidadanía

**CAMPUS DA CIDADANÍA**, a USC ten a vontade de crear un campus transdisciplinar en obxectivos científicos e de innovación relacionados cos dereitos dos seres humanos, a inclusión, a cidade patrimonio ou a cidadanía. Este permitirá á USC posicionarse como un referente nacional e internacional no ámbito da investigación e a docencia en Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas.

## OS CAMPUS DA USC



### CAMPUS VIDA

Campus de Excelencia

USC, campus de Santiago de Compostela



### CAMPUS DO MAR

Campus de Excelencia Internacional

Proxecto común das tres universidades galegas, o CSIC, o Instituto Español de Oceanografía e catro universidades portuguesas



### CAMPUS TERRA

Especialización na sustentabilidade económica, social e ambiental

USC, campus de Lugo

## CAPACIDADE INVESTIGADORA

O desenvolvemento da actividade de investigación finánciase a través da consecución de fondos aportados por entidades públicas e privadas. No período 2014-2015 o financiamento de I+D na USC continúa afectado pola crise e os recortes asociados, o que dá, se cabe, máis valor aos **recursos externos captados para I+D**.

### Recursos externos captados para I+D (contías en miles de euros)

	2013		2014		2015	
	Nº	CONTÍA	Nº	CONTÍA	Nº	CONTÍA
<b>CONVOCATORIAS COMPETITIVAS</b>						
Proxectos / Accións Internacionais	16	3.067	16	3.644	27	7.513
Proxectos / Accións Nacionais	18	871	103	9.279	108	11.242
Proxectos /Accións Autonómicas	46	7.302	114	14.847	21	3.798
Programa de Recursos Humanos de I+D	-	11.500	10	5.055	15	8.868
Outras Accións por Conv. Competitiva	-	-	7	322	17	620
<b>TOTAL</b>	-	22.704	-	33.147	-	32.041
<b>CONTRATOS E CONVENIOS</b>						
Con Administracións	207	2.529	140	2.053	135	4.435
Con Empresas/Entidades	418	8.700	373	5.239	349	5.499
Servizos Técnicos e Asesoría	172	9.729	343	1.180	347	1.452
<b>TOTAL</b>	-	12.202	-	8.472	-	11.386
<b>ACCIÓNES INSTITUCIONAIS</b>						
Apoio á investigación	-	-	15	3.236	29	4.750
Apoio á infraestrutura científica	-	-	11	3.438	0	0
Apoio á promoción e transferencia	-	-	43	42	57	50
<b>TOTAL</b>	-	6.226	69	6.716	86	4.800
<b>TOTAL RECURSOS EXTERNOS CAPTADOS PARA I+D</b>	-	41.169	-	48.335	-	48.227

**15%**  
AUMENTO  
EN CAPTACIÓN  
DE RECURSOS

A captación de recursos externos por parte do persoal investigador aumentou salientablemente con respecto as cifras do 2013. Chegándose aos 65 millóns de euros captados en convocatorias competitivas, e aos 20 millóns de euros en convocatorias non competitivas.

**211**  
PROXECTOS  
EN PROGRAMAS  
NACIONAIS

211 proxectos en programas nacionais por un importe de 20,4 millóns de euros o que supón un incremento do 30% dos recursos acadados nestas convocatorias respecto do ano 2012 (último ano de referencia) e representa aproximadamente un **52% do total adxudicado ás universidades do SUG**.

**135**  
PROXECTOS  
EN PROGRAMAS  
AUTONÓMICOS

135 proxectos autonómicos por un importe de 18,6 millóns de euros no marco fundamentalmente dos Programas de Consolidación de Unidades de Investigación e Grupos Emerxentes, e da Convocatoria de Unidades Mixtas.

**4**  
NOVAS  
INICIATIVAS

4 novas iniciativas con participación da USC no programa autonómico de Unidades Mixtas de colaboración estratéxica en I+D con empresas.

**43**  
PROXECTOS

43 proxectos en convocatorias e programas internacionais por un importe de máis de 10 millóns de euros.

**271**  
INCORPORACIÓN DE  
PERSONAS INVESTIGADORAS

Incorporación de 271 de persoas investigadoras nas diferentes categorías de investigadores e investigadoras predoutorais, posdou e persoal de apoio.









## Convocatorias de captación de persoal en actividades de I+D

	2013			2014			2015		
	TOTAL	% ♀	% ♂	TOTAL	% ♀	% ♂	TOTAL	% ♀	% ♂
<b>Nacionais</b>									
Ramón y Cajal	8	25%	75%	3	0%	100%	2	50%	50%
Novos/as doutores/as (antigo Juan de la Cierva)	2	50%	50%	2	50%	50%	1	0%	100%
Técnicos	-	-	-	1	0%	100%	0	0%	100%
FPI/FPU	44	50%	50%	52	46%	54%	46	45%	55%
<b>TOTAL</b>	<b>54</b>	<b>47%</b>	<b>53%</b>	<b>58</b>	<b>43%</b>	<b>57%</b>	<b>49</b>	<b>24%</b>	<b>76%</b>
<b>Autónomicas</b>									
Axudas de apoio á etapa posdoutoral	41	44%	56%	32	78%	22%	26	50%	50%
Axudas de apoio á etapa predoutoral	58	57%	43%	51	55%	45%	52	56%	44%
<b>TOTAL</b>	<b>99</b>	<b>52%</b>	<b>48%</b>	<b>83</b>	<b>62%</b>	<b>38%</b>	<b>78</b>	<b>34%</b>	<b>66%</b>





## Contratos posdoutorais activos


	 CIENCIAS EXPERIMENTAIS	 CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	 CIENCIAS DA SAÚDE	 HUMANIDADES	 TÉCNICAS	 TOTAL
RAMÓN Y CAJAL	13 14 15 14 13 8	13 14 15 - - -	13 14 15 1 2 1	13 14 15 1 1 3	13 14 15 6 6 2	13 14 15 22 22 14
I. PARGA PONDAL	13 14 15 12 5 1	13 14 15 1 1 -	13 14 15 6 2 -	13 14 15 2 4 -	13 14 15 6 1 -	13 14 15 27 13 1
J. DE LA CIERVA	13 14 15 6 3 1	13 14 15 - - -	13 14 15 - 1 1	13 14 15 2 1 1	13 14 15 - - 2	13 14 15 8 5 5
AXUDAS DE APOIO Á ETAPA POSDOUTORAL	13 14 15 20 28 30	13 14 15 1 3 8	13 14 15 11 15 16	13 14 15 10 19 21	13 14 15 4 8 9	13 14 15 46 73 84



## TRANSFERENCIA, VALORIZACIÓN E EMPRENDEMENTO

A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento traballa para trasladar á sociedade o impacto dos resultados de investigación que se obteñen en centros de investigación e laboratorios da USC, co obxectivo de redundar na mellora de procesos, servizos ou produtos, para favorecer o crecemento económico e o benestar social.

O maior reto no proceso de transferencia dos resultados de investigación dende a universidade á empresa, está en conseguir salvar a etapa de maduración imprescindible para incorporar socios industriais e financeiros nos proxectos de desenvolvemento de novos produtos e servizos, esta etapa coñecida como o “val da morte” trata de salvarse deseñando programas específicos que permitan a ciencia europea chegar á cidadanía.



Neste contexto, o informe elaborado pola Fundación CYD no ano 2014 para analizar dende a óptica da empresa privada a contribución das universidades ao desenvolvemento económico e social de España, sitúa a Universidade de Santiago de Compostela na 4ª posición en número de solicitudes de patentes españolas, o que reflicte unha traxectoria de compromiso coa innovación e coa transferencia de tecnoloxía moi por enriba da media.

A USC é a

INFORME FUNDACIÓN CYD 2014

1ª


NO NÚMERO DE SOLICITUDES PCT

4ª

NO NÚMERO DE SOLICITUDES DE PATENTES ESPAÑOLAS

Consciente da necesidade de ir un paso máis aló no proceso de maduración tecnolóxica do coñecemento xerado polos seu persoal investigador, impúlsase un programa propio de proba de concepto, o Acelerador de Transferencia, ao tempo que mantén a súa participación nas iniciativas doutras institucións, como a Fundación Botín ou a Fundación Barrié. O balance do funcionamento do “Acelerador de Transferencia”, tras dúas roldas de financiamento de proxectos e tres anos de funcionamento, é positivo: activáronse 12 novos procesos de transferencia, asináronse dous contratos de licenza con empresas externas, e xeráronse tres novas spin-off.

### Acordos de transferencia asinados



## Ingresos por contratos de licenza e transferencia de coñecemento

TOTAL 2014: 98.579

TOTAL 2015: 99.422

En paralelo a USC traballa tamén no eido da creación de empresas de base tecnolóxica. Esta aproximación fai posible o deseño de procesos completos de maduración da tecnoloxía, e facilita a captación de financiamento. Ademais ten unha importante dimensión social ao posibilitar a xeración de emprego de alta calidade e a creación de riqueza.

### Empresas creadas



A captación de financiamento polas spin-off da USC en 2015 superou o 1.600.000 €, o que supón unha importante inxección de capital nos procesos de maduración e posta no mercado dos resultados de investigación da USC.

## DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO

Parte das relacións da Universidade coa comunidade académica científica e coa sociedade desenvólvense nos congresos e reunións específicas de carácter técnico e investigador que se celebran periodicamente relacionados coas distintas áreas de coñecemento, aínda que tamén cabe mencionar outros exemplos de divulgación do coñecemento:



PROXECTO ESTALMAT



GRANXA FAMILIAR



PROGRAMA ConCiencia



AULA TIC-PEME-

Por outra banda, as facultades de Psicoloxía (Servizo de Psicoloxía), Óptica e Optometría (Servizo de Optometría), Medicina, Odontoloxía, Veterinaria entre outras, contan con diversas unidades de consulta e diagnóstico que poñen ao servizo da cidadanía.

O Complexo Universitario Hospitalario de Santiago de Compostela tamén traballa en estreita colaboración coa Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC e do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA E RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN

### Producción científica: cifras representativas



#### NÚMERO DE ARTIGOS PUBLICADOS EN REVISTAS

- 2013: 1.783
- 2014: 2.000
- 2015: 2.073




#### NÚMERO DE ARTIGOS PUBLICADOS EN REVISTAS JCR

- 2013: 1.468
- 2014: 1.723
- 2015: 1.700



#### NÚMERO DE CONGRESOS/REUNIÓN CIENTÍFICAS CELEBRADAS

- 2013: 119
- 2014: 158
- 2015: 182



#### NÚMERO DE TESES DEFENDIDAS

- 2013: 293
- 2014: 253
- 2015: 375



#### NÚMERO DE LIBROS E MONOGRAFÍAS PUBLICADOS

- 2013: 119
- 2014: 158
- 2015: 182

+ 2.000 ARTIGOS PUBLICADOS EN REVISTAS CADA ANO

+ 300 TESES DEFENDIDAS EN 2015

Para os efectos de avaliar o rendemento continuado e a evolución da Producción Científica, no ano 2015 analizouse a actividade investigadora da USC para o período 2005-2014 a partir das súas publicacións nas bases de datos bibliográficas, de carácter internacional, Web of Science (WoS). Neste estudo realizado por Elías Sanz Casado destácase que na década analizada publicáronse 14.765 documentos en revistas recollidos na base de datos Web of Science (WoS); aportando un 3,75% produción total do SUE moi por diante do resto das universidades do SUG.

Na produción científica da USC observáse un claro predominio das Ciencias Experimentais e no período 2005-2014 recibíronse un total de 189.785 citas, situándose así na sétima posición do Sistema Universitario Español. No tocante a visibilidade da produción, a USC publicou un total de 7.230 documentos no primeiro cuartil. As publicacións da USC tamén destacan polo seu nivel de colaboración internacional, especialmente elevado nas áreas de Ciencias Experimentais, chegando ao 51% os documentos publicados en colaboración con institucións doutros países.

“ Destacan os 14.765 documentos publicados na WoS na última década. 3,75% da produción científica do SUE. ”

**Producción científica: artigos publicados en revistas por área**




	13	14	15
CIENCIAS DA SAÚDE	456	657	646
CIENCIAS EXPERIMENTAIS	770	753	769
CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS	257	278	342
ENSINANZAS TÉCNICAS	161	186	168
HUMANIDADES	139	126	148

**Producción científica: artigos publicados en revistas JCR por área**



	13	14	15
CIENCIAS DA SAÚDE	758	654	643
CIENCIAS EXPERIMENTAIS	447	746	744
CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS	108	123	125
ENSINANZAS TÉCNICAS	144	175	166
HUMANIDADES	11	25	22

**Producción científica: teses de doutoramento defendidas por área**



	13	14	15
CIENCIAS DA SAÚDE	85	58	112
CIENCIAS EXPERIMENTAIS	83	71	105
CIENCIAS XURÍDICAS E SOCIAIS	59	54	87
ENSINANZAS TÉCNICAS	32	38	18
HUMANIDADES	34	20	53

**Emprendemento**

	13	14	15
Indicadores de actividade			
NOVOS E NOVAS EMPRENDEDORAS ATENDIDAS	62	72	58
NOVOS PROXECTOS ASESORADOS	46	64	34
Nº DE EMPRESAS PROMOVIDAS	11	18	5
NÚMERO DE EMPREGOS PROMOVIDOS	18	22	8

Indicadores de financiamento  
BUSCA DE NOVOS PATROCINIOS

(5) BANCAJA; XUNTA DE GALICIA; SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE (12) PROXECTO INNOVATIA 8.3 (13) EOI  
(5) BANCAJA; XUNTA DE GALICIA; SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE (12) PROXECTO INNOVATIA 8.3 (13) EOI  
(5) BANCAJA; XUNTA DE GALICIA; SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE (12) PROXECTO INNOVATIA 8.3 (13) EOI

**Principales indicadores. Fomento do emprendemento**

INDICADORES DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	13	14	15
Nº de accións de difusión da cultura emprendedora	12	8	14
Concurso de proxectos empresariais: nº de proxectos presentados	46	24	23
Concurso de ideas empresariais: nº de ideas presentadas	404	343	-
Presentación en Másters e cursos de Posgrao	5	5	-
Presentacións en aulas universitarias	12	16	-
Xornadas de Sensibilización e captación	4	3	-

INDICADORES DE FORMACIÓN: Nº DE ASISTENTES	13	14	15
Congreso internacional sobre emprendemento universitario	91	-	-
Financiación de Empresas de Base Tecnolóxica	36	-	-
Do coñecemento ao Mercado, Metodoloxía para o desenvolvemento dun plan de empresa con perspectiva de xénero	76	-	-
Encontro ATLANTA	-	-	98
Como desenvolver ideas de negocio a partir de resultados de investigación. Guía Práctica para personal de OTRIS	-	26	-
Como desenvolver ideas de negocio a partir de resultados de investigación. Guía Práctica para personal de OTRIS. II Edición	-	18	-
Contabilidade básica	-	13	-
Seminario de Planificación Empresarial. Construción e avaliación de modelos de negocio	-	24	-
XV Foro Galego de Educación para a Igualdade: Vías de igualdade para estimular o talento dende a escola-Ensinar a emprender, aprender a emprender	-	45	-
Protección da innovación: Patentes, marcas e dereitos de autor	-	23	-
Como utilizar a vixilancia tecnolóxica na transferencia de resultados de investigación	-	17	-
Colaboración e financiamento de proxectos de I+D+i	-	30	-
"Creación de EBT's nas universidades. Marco xurídico e claves para a súa constitución"	-	-	43
"Horizonte 2020. Introducción ao principal programa de I+D+i da UE. Estrutura, posibilidades de participación e mecanismos de xestión"	-	-	42
Curso on-line "Véndese. Guía práctica para a comercialización de resultados de investigación"	-	-	28
I Programa Formativo para profesionais no Asesoramento ao Emprendemento Feminino con enfoque de xénero	-	-	20
II Programa Formativo para profesionais no Asesoramento ao Emprendemento Feminino con enfoque de xénero	-	-	16
"DE LA IDEA A LA EMPRESA. Mis motivaciones para emprender".	-	-	20

## Proxectos promovidos por mulleres

EMPRESA (SECTOR)	PROMOTORES
13 Networking Psicoeducativo	2 mulleres e 1 home
Networking Psicoeducativo	3 mulleres e 1 home
14 Laboratorio Xurídico-Económico	2 mulleres
15 Networking Psicoeducativo	3 mulleres e 1 home



## PREMIOS RECIBIDOS E RÁNKINGS

Nas seguintes tablas recóllese a información máis relevante sobre os premios e distincións acadados no período 2013-14 e 2014-15:

### ANO 2013-14 EMPRESA ► PREMIO

Celtalga Extract ► Premio Base Tecnolóxica. XIV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC  
 MD.USE! ► Premio Empresa Xove. XIV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC  
 CHEMANTEC, Técnicas Analíticas Galicia S.L. ► Premio Muller Emprendedora. XIV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC  
 Buy and Return ► Premio idea empresarial innovadora. XIV Concurso de Ideas Empresarias Innovadoras da USC  
 galiciagarden.com ► Premio idea empresarial innovadora. XIV Concurso de Ideas Empresarias Innovadoras da USC  
 Versabotic ► Premio idea empresarial innovadora. XIV Concurso de Ideas Empresarias Innovadoras da USC  
 Contactúa. Do conto ao teatro ► Premio idea empresarial innovadora. XIV Concurso de Ideas Empresarias Innovadoras da USC  
 Células solares híbridas orgánico-plasmónicas ► Premio idea empresarial innovadora. XIV Concurso de Ideas Empresarias Innovadoras da USC


### ANO 2014-15 EMPRESA ► PREMIO

ADICA ► Premio Muller Emprendedora. XV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC  
 SITUM TECHNOLOGIES, S.L ► Premio Base Tecnolóxica. XV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC  
 Qubiotech, Health Intelligence, S.L. ► Premio Empresa Xove. XV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC  
 NOSTRACKER ► Premio Promoción da Lingua Galega. XV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC

## Premios e distincións recibidos por persoas vinculadas á USC


### PREMIOS 2014

Premio Maurice Marie Janot 2014  
 Universia 2014  
 Mellor póster de investigación na Reunión Anual da Sociedade Española de Periodoncia  
 XVIII Premio Novoa Santos  
 Premios Luis Peña Novo  
 Premio Estudos Financeiros 2014  
 Ciencia en Acción



### PREMIOS 2015

Premio de Investigación Real Academia Galega de Ciencias  
 Premio Nacional Literario Lingua Nai de Italia  
 XXI Premio Nacional de Periodismo Gastronómico 'Álvaro Cunqueiro' Española de Periodoncia  
 Premio Anual da Fundación Down Compostela  
 Sociedade Española de Cirurxía Bucal. Mellor artigo de investigación sobre Cirurxía Bucal en revistas de impacto estranxeiras  
 FECYT  
 III Premios MIR da Fundación Uniteco Profesional  
 Asociación de Antigos Alumnos de Farmacia  
 Teatro  
 CIBEROBN  
 II Premio 'La Caixa' de Comunicación Científica  
 Ciencia en Acción  
 I Premio Manuel de Terán Álvarez á mellor tese de doutoramento da Asociación de Xeógrafos Españois  
 Rede Iberoamericana de Pedagogía  
 XVIII Premios Nacionais de Edición Universitaria  
 Asociación Internacional de Investigación sobre o Libro de Texto e Material Didáctico  
 European Doctoral Award da Sociedade Europea de Biomateriais  
 Premio Nacional de Poesía Xove 'Miguel Hernández'  
 Diario Médico  
 Cátedra de Emprendedores da Universidade de Salamanca  
 Real Academia Galega de Belas de Artes da Nosa Señora do Rosario





## Doutores Honoris da USC

### RAMÓN VILLARES PAZ

Investido doutor honoris causa pola Universidade de Minho (Portugal) a proposta do seu Instituto de Ciencias Sociais (2015).

### JUAN LEMA RODICIO

Doutor honoris causa pola Pontificia Universidade Católica de Valparaíso de Chile (2015).

A través dos ránkings que analizan o impacto da produción científica universitaria, avalíanse os resultados de investigación. A USC traballa para mellorar a valoración que obtén nos ránkings máis relevantes e comunmente manexados.

## Academic Ranking of World Universities (ARWU, Shanghai Ranking)



	13	14	15
RÁNKING INSTITUCIONAL	-	401-500	401-500
RÁNKING POR GRANDES ÁREAS: CIENCIAS NATURALES E MATEMÁTICAS (SCI)	-	151-200	151-200
RÁNKING POR ÁREA: MATEMÁTICAS	151-200	51-75	76-100

## Ranking Web de Universidades

### RANKING WEB DE UNIVERSIDADES

	13	14	15*
	DATOS XANEIRO 2013	D. JULIO 2013	
RÁNKING MUNDIAL	386	414	355
RÁNKING EUROPA	157	171	141
RÁNKING ESPAÑA	17	19	16

\*\*DATOS XANEIRO 2016

## Ranking QS World



	12-13	13-14	14-15
RÁNKING MUNDIAL	451-500	501-550	551-600
ARTES E HUMANIDADES	254	295	317
CIENCIAS DA VIDA E MEDICINA	397	297	367
CIENCIAS AMBIENTAIS	-	-	251-300
CIENCIAS NATURALES	-	395	-
CIENCIAS SOCIAIS E XESTIÓN	-	386	-
CIENCIAS DOS MATERIAIS	-	-	-
LINGUAS MODERNAS	-	-	201-250
LINGUA E LITERATURA INGLESA	-	-	251-300
LINGÜÍSTICA	176	-	-
MATEMÁTICAS	-	-	301-400
MEDICINA	-	-	301-400

## NTU Ranking (antigo HEEACT)



	13	14	15
RÁNKING MUNDIAL	378	368	374
RÁNKING EUROPA	160	156	159
RÁNKING EUROPA	8	8	9
AGRICULTURA	218/91/7	239/104/8	264/110/10
CIENCIAS NATURAIS	292/130/10	289/129/9	284/126/8
CIENCIAS AGRÍCOLAS	129/52/12	148/65/15	154/67/15
MEDIO AMBIENTE E ECOLOXÍA	242/89/4	259/99/5	262/102/5
CIENCIA VEXETAL E ANIMAL	234/104/7	290/133/11	299/139/12
QUÍMICA	201/77/7	219/91/9	236/95/10
MATEMÁTICAS	65/14/1	57/13/1	78/22/4
CIENCIAS DA COMPUTACIÓN	267/102/15	-	-
ENXEÑARÍA QUÍMICA	244/78/9	281/91/12	248/79/9
ENXEÑARÍA CIVIL	195/65/6	229/78/9	224/76/11
FARMACOLOXÍA E TOXICOLOXÍA	217/85/4	189/78/4	212/80/5

**CWTS Leiden Ranking (segundo impacto científico-citaci3es)**

		13	14	15
COUNTRY RANKING	PROPORCI3O N3O 10% DAS PUBLICA3O NS DE MAIOR IMPACTO	3	11	12
	N3MERO DE PUBLICA3O NS	11	11	12
	PUNTAU3O N M3DIA EN CITA3O NS	5	10	15
	PUNTAU3O N M3DIA EN CITA3O NS NORMALIZADA	4	9	10
WORLD RANKING	PROPORCI3O N3O 10% DAS PUBLICA3O NS DE MAIOR IMPACTO	317	441	334
	N3MERO DE PUBLICA3O NS	304	319	455
	PUNTAU3O N M3DIA EN CITA3O NS	306	376	470
	PUNTAU3O N M3DIA EN CITA3O NS NORMALIZADA	309	421	391

		12-13	13-14	14-15
WORLD RANKING	ENXE3N3R3A, COMPUTA3O N E TECNOLOX3A	448	-	545
	CIENCIAS AGR3COLAS E AMBIENTAIS	179	-	-
	MEDICINA CL3NICA	421	-	-
	CIENCIAS DA VIDA	350	-	-
	CIENCIAS NATURAIS	293	-	-
	CIENCIAS SOCIAIS	466	-	-
	CIENCIAS MATEM3TICAS	-	234	241
	CIENCIAS F3SICAS	-	343	363
	CIENCIAS QU3MICAS	-	267	274
	CIENCIAS AMBIENTAIS	-	178	227
	CIENCIAS BIOL3GICAS	-	346	327
	CIENCIAS AGR3COLAS E VETERINARIAS	-	209	229
	DERECHO Y ESTUDIOS JUR3DICOS	-	-	14
	INFORM3TICA	-	512	544
	ENXE3N3R3A	-	358	378
	TECNOLOX3A	-	269	371
	MEDICINA E CIENCIAS DA SA3UDE	-	400	432
	PSICOLOX3A E CIENCIAS COGNITIVAS	-	511	514
	MULTIDISCIPLINAR	-	403	383



## 4.3 Outros servizos ●●●

### BIBLIOTECA E ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO

A biblioteca da USC (BUSC) cumpre unha función esencial como complemento das actividades docentes e de investigación. Cumprindo co dobre obxectivo de servir de ferramenta de traballo do persoal do centro e de complemento á actividade docente e investigadora das persoas usuarias. Este servizo pode impartir formación en competencias informacionais e conta co Repositorio Institucional MINERVA, que ofrece acceso aberto á produción documental resultante da actividade académica, investigadora e de xestión corporativa da comunidade universitaria. En MINERVA xa están aloxadas case catro mil obras pertencentes ao fondo histórico da BUSC e parte das revistas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.

O CALENDARIO  
DE APERTURA  
DAS BIBLIOTECAS | 246 días/ano  
67h/semana 

INCREMENTÁRONSE AS PRAZAS DE ESTUDO DISPOÑIBLES 24 HORAS

Co obxectivo de implantar os novos recursos tecnolóxicos e os avances no eido do tratamento da información bibliográfica, os fondos da biblioteca están sendo sometidos a un exhaustivo proceso de informatización e actualización mediante a catalogación retrospectiva e a integración dos novos ingresos no catálogo colectivo Iacobus da Biblioteca Universitaria.

### Evolución dos indicadores de actividade bibliotecaria



“ A USC abre catro das súas bibliotecas en horario extraordinario nos períodos de exame: A Biblioteca Concepción Arenal e as das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e Filosofía en Santiago e a Intercentros en Lugo. ”

### Evolución da actividade do Arquivo Histórico en cifras

	<b>CONSULTAS REALIZADAS</b> • 2013: 568.280 • 2014: 247.345 • 2015: 223.291		<b>IMAXES CONSULTADAS</b> • 2013: 469.902 • 2014: 191.415 • 2015: 155.776
	<b>CAIXAS / "LEGAXOS"</b> • 2013: 51.453 • 2014: 52.482 • 2015: 53.295		<b>LIBROS</b> • 2013: 11.833 • 2014: 11.850 • 2015: 11.850
	<b>PERGAMEOS</b> • 2013: 1.762 • 2014: 1.785 • 2015: 1.785		<b>MAPAS E PLANOS</b> • 2013: 5.159 • 2014: 5.159 • 2015: 5.159
	<b>EXPEDIENTES</b> • 2013: 295.840 • 2014: 296.049 • 2015: 296.223		<b>MICROFILMES</b> • 2013: 2.917 • 2014: 2.917 • 2015: 2.917
	<b>DVD</b> • 2013: 230 • 2014: 230 • 2015: 230		<b>IMAXES DIXITAIS</b> • 2013: 2.700.965 • 2014: 2.809.517 • 2015: 2.871.337
	<b>CINTAS E DVD DE SEGURIDADE</b> • 2013: 462 • 2014: 471 • 2015: 702		<b>CD-ROM</b> • 2013: 31 • 2014: 31 • 2015: 31

FONDOS

## SERVIZO DE PUBLICACIÓN E INTERCAMBIO CIENTÍFICO

O Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC) da USC, ante o aumento da demanda de recursos bibliográficos electrónicos, pon en marcha no 2012 unha política de edición dixital. Co obxectivo de alcanzar unha maior visibilidade e comercialización, o SPIC aposta pola publicación e difusión de obras en formato electrónico. Entre as accións levadas a cabo destaca a migración dixital das revistas da USC á Rev(USC) e a posta en funcionamento, no ano 2014, do portal de xestión de edición dixital de libros Lib(USC). Das 41 monografías publicadas no 2014, 33 mantiveron o formato impreso e 8 publicáronse en formato dixital; estas cifras supéranse no 2015 con 16 monografías dixitais das 50 publicadas no ano. O SPIC mantén o selo USC Editora contando con seis series: Académica, Ensaio, Manuais, Cuadernos de Español como Lengua Extranjera, Textos e Clave, baseado na avaliación por pares e que conta dende 2014 coa certificación ISO 9001 (AENOR) de sistemas de xestión de calidade.

### Evolución da actividade do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico: documentos publicados

	<b>TESES</b> • 2013: 239 • 2014: 220 • 2015: 225		<b>REVISTAS</b> • 2013: 27 • 2014: 23 • 2015: 23		<b>MONOGRAFÍAS</b> • 2013: 36 • 2014: 41 • 2015: 50
---	---	---	---	---	--

## **TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS**

As Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) consolídanse como un axente fundamental no desenvolvemento da docencia, a investigación, a xestión e os servizos. A Área TIC xunto co Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA) e a Oficina de Software Libre (OSL), baixo o III Plan Estratéxico das TIC, son as unidades encargadas de liderar a mellora da USC neste ámbito. Existen tres aspectos esenciais dos que se ocupa a Área TIC:

### **1. A WEB INSTITUCIONAL DA USC É A NOSA PRINCIPAL VÍA DE DIFUSIÓN CARA A SOCIEDADE.**

Máis de catro millóns de usuarios diferentes que rexistran arredor de 11 millóns de visitas ao ano.



#### **PÁXINAS VISITADAS**

- 2013: 96.145.526
- 2014: 87.254.125
- 2015: 78.132.154



#### **VISITAS**

- 2013: 11.714.481
- 2014: 11.871.094
- 2015: 10.941.821



#### **VISITANTES DISTINTOS**

- 2013: 4.291.744
- 2014: 4.396.881
- 2015: 4.244.571

### **2. AFÍANZASE O EMPREGO DAS TIC NA XESTIÓN ACADÉMICA.**

Nos cursos 2013-14 e 2014-15 rexistráronse un total de 49.187 matrículas a través de internet e enviáronse ao alumnado cerca de medio millón de SMS coas notificacións das súas calificacións.

### **3. A REDE DE DATOS, DAS AULAS DE INFORMÁTICA E DA REDE SEN FÍOS SON INFRAESTRUCTURAS AO SERVIZO DA COMUNIDADE USUARIA.**

A rede sen fíos amplía o número de puntos de acceso instalados ata os 903 e acada as 42.991 persoas usuarias no ano 2015.





## SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Dende o ano 2014 a USC a través do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) potencia a implicación da comunidade universitaria no uso do galego, a través de iniciativas entre as que destacan os Premios á calidade lingüística dos traballos académicos e de fin de grao e máster, o certame “Somos a curta” e o foro “Proxéctate en galego”.

### SERVIZOS

- Axudas a traballos de investigación
- Resolución de consultas lingüísticas
- Tradución e corrección de documentos
- Cursos de lingua
- Premios á calidade lingüística dos traballos académicos
- Apoio ás comisións de normalización lingüística dos centros da USC
- Información sobre dicionarios e vocabularios técnicos en galego
- Debates e consultas sobre terminoloxía galega (USC-Lexitem)

### ACTUACIÓNS

- BUSCatermos: banco de terminoloxía multilingüe
- Correctores e tradutores automáticos
- Os documentos administrativos máis utilizados na USC
- Os Celga (certificados de lingua galega)
- Próximos cursos do SNL
- Vés de fóra? Información xeral sobre a USC e o galego.
- Lexislación e dereitos lingüísticos na USC
- O galego na docencia: datos, obxectivos, incentivos.
- Criterios para a redacción administrativa na USC
- Vocabularios e léxicos do SNL
- Un idioma preciso: a opinión do SNL sobre termos dúbidosos

## XESTIÓN DE CALIDADE DOS SERVIZOS

O compromiso da USC coa xestión de calidade observáse nas actuacións levadas a cabo e orientadas á mellora da calidade dos seus servizos, no avance na implantación da administración electrónica, e na mellora da transparencia e da eficiencia na xestión económica da institución, no apoio a docencia e á investigación. Algúns exemplos destacados da materialización da aposta realizada na USC pola calidade dos servizos administrativos, e de apoio á docencia e á investigación son a obtención dos seguintes recoñecementos:



**Certificación ISO 9001** do Selo Editorial USC Editora, que tamén obtivo a Estación de bioloxía mariña de A Graña.



Renovación da acreditación por parte da **Entidade Nacional de Acreditación (ENAC)**, e do laboratorio de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos (Lhica) da facultade de Veterinaria da USC para a realización de análises de beta-agonistas en urina, retina e fígado de vacún. Esta acreditación garante os traballos e as análises feitas por este laboratorio.



Acreditación oficial ENAC para a calibración en radioterapia obtida polo **Laboratorio de Radiofísica** o que permite un mellor cumprimento dos programas de garantía de calidade nos hospitais e maior exactitude na dose de radioterapia impartida nos tratamentos oncolóxicos.

## **SATISFACCIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN ACADÉMICA**

Co obxectivo de mellorar os servizos de xestión académica ofrecidos, a USC avalía o índice de satisfacción das persoas usuarias. Como amosa a seguinte táboa o conxunto das áreas avaliadas obteñen unha puntuación superior ao 3, chegando ao 4 (escala de 1 a 5) no tocante á satisfacción no proceso de matrícula por internet.

### **Indicadores de satisfacción dos usuarios/as dos ítems de Xestión Académica**

TITULACIÓNS DE 1º E 2º CICLO E GRAOS			
	13	14	15
Matrícula (presencial)	3,24	3,31	3,48
Matrícula por Internet	3,98	4,09	4,13
Matrícula (presencial + Internet)	-	3,82	3,91
Créditos por equivalencia	3,61	3,14	3,28
Adaptacións e validacións	3,37	3,14	3,28
Certificacións	3,69	3,14	3,28
Títulos	4,12	3,24	3,28
Xestión e reclamacións	2,81	2,74	3,04
Valoración media global	3,7	3,18	3,34

MÁSTERES*			
	14	15	
Matrícula (presencial)	3,39	3,66	
Matrícula por Internet	3,63	3,92	
Matrícula (presencial + Internet)	3,57	3,85	
Créditos por equivalencia	3,07	3,31	
Adaptacións e validacións	3,07	3,31	
Certificacións	3,07	3,31	
Títulos	3,07	3,31	
Xestión e reclamacións	2,76	3,04	
Valoración media global	3,06	3,41	

\* (non se dispón de datos anteriores a 2014)



# 5. Extensión e voluntariado

FORMACIÓN EN VALORES . . .

VOLUNTARIADO . . .

CULTURA . . .

DEPORTE . . .

G4-SO

6

G4-EC

7



## Dende 1495 marcando o camiño a seguir

As actividades de extensión e voluntariado reflicten o compromiso da USC coa creación de valor social e cultural no marco da súa responsabilidade social. O Servizo de Participación e Integración Universtaria (SEPIU) é o encargado de implicar á comunidade universitaria nas accións de voluntariado social e de colaborar con outras entidades para organizar e levar a cabo as campañas de sensibilización dirixidas á poboación e ao alumnado sobre a problemática ambiental e social.

**“As actividades de voluntariado son parte fundamental da formación das persoas para integrarse na realidade social.”**

No marco do Plan Estratéxico da USC 2011-2020 refórzase o compromiso da USC coa responsabilidade social a través das liñas estratéxicas que afectan á relación coa contorna, establecendo obxectivos relacionados coa implicación da comunidade universitaria no compromiso coa mellora do medio ambiente, co voluntariado, coa participación social e a cooperación ao desenvolvemento. Ademais, a USC busca incrementar e diversificar a súa formación cultural e proxección exterior mediante as actividades escénicas, musicais, exposicións, programas de formación e cursos de verán, e ofrecendo á sociedade a posibilidade de coñecer e gozar do patrimonio histórico e natural da universidade.

Estes obxectivos estrutúranse na liña estratéxica establecida pola USC para o ámbito Relación coa Contorna referente ao voluntariado:

**PE**

**AE4LE2** - Compromiso e Implicación coa Sociedade.





## Formación en valores ●●●

A USC outorga un recoñecemento académico (Créditos ECTS) e un certificado oficial ao estudiantado que participa en actividades de voluntariado e participación social, deporte, sostibilidade, igualdade, reforzo do tecido social e cultura.

► Oferta de actividades cuxo valor formativo é recoñecido academicamente.

É salientable o labor docente desenvolto polo observatorio astronómico Ramón M<sup>o</sup> Aller e o seu Programa de Extensión Cultural de Astronomía (PECAS). Tamén resalta a gran participación e outorgamento de créditos nos cursos de fotografía, teatro, danza, etc.

► Servizo de Participación e Integración Universitaria

Cada ano celébranse cursos e xornadas dirixidas ás persoas voluntarias que permiten mellorar os servizos prestados na organización na que colaboren, e un maior aproveitamento das súas actividades. Destacan:

■ III CURSO DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO EN SAÚDE MENTAL

■ XI CURSO DE FORMACIÓN BÁSICA EN VOLUNTARIADO

■ IX CURSO DE CINE E VALORES: CINE E XÉNERO

■ IX CUSO EN LIÑA DE FORMACIÓN BÁSICA EN VOLUNTARIADO

■ X CURSO EN LIÑA DE FORMACIÓN BÁSICA EN VOLUNTARIADO

► Oficina de Desenvolvemento Sostible

Organiza e participa en diversas actividades de educación ambiental, cursos xornadas formales e seminarios, roteiros, visitas ou exposicións informales.





## Voluntariado ●●●

A través dos programas de voluntariado, participación e cooperación internacional a USC impulsa a participación activa do alumnado en proxectos ambientais, sociais e de integración.

Dentro das áreas de traballo do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) destacan distintos grupos de accións que complementan os traballos desenvolvidos nos cursos 2013-14 e 2014-15.

**I**

A área de voluntariado, participación e cooperación veuse completada pola posta en marcha da **Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)**, conformada polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, grazas ao financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, ten como finalidade promover o traballo en rede entre as Universidades galegas nos eidos da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD), e a Educación para o desenvolvemento (EpD).

A RGCUD pon a disposición de universidades e da sociedade, unha base de datos de accións de CUD e EpD executadas coa participación universitaria. Esta ferramenta pretende facilitar a procura de experiencias e de grupos de traballo cos que poder xerar sinerxias nestas áreas. Identifícanse 9 grupos e 11 proxectos de investigación que traballan en temas relacionados coa cooperación e a educación para o desenvolvemento.

Ademais elabórase un plan de formación anual destinado á comunidade universitaria galega, facilitando información sobre a oferta formativa existente en cooperación e educación para o desenvolvemento en Galicia e nas universidades españolas, informando sobre as convocatorias existentes en CUD e EpD.

Dentro das actividades formativas vinculadas ao plan de formación celebráronse catro obradoiros para o PDI dentro do PFID nos que participaron case un cento de docentes (98 persoas) de todas as áreas de coñecemento.

O plan formativo tamén incluía accións co estudantado, recoñecidas con créditos ECTS para todas as titulacións. Compreendendo que o traballo en rede xera maiores e mellores impactos na transformación cara a un mundo xusto e equitativo, a RGCUD constitúese como a resposta da comunidade universitaria galega para afrontar este reto, e pretende converterse no referente galego da investigación, da educación e da cooperación universitaria ao desenvolvemento.

**“ Case un cento de docentes de todas as áreas de coñecemento participaron nos obradoiros para o PDI dentro do PFID. ”**

# 2

De entre os traballos desenvolvidos pola Área de Integración Universitaria destaca a renovación do convenio coa Fundación ONCE e a Fundación Universia, este último co Banco de Produtos da Fundación, o cal facilita os materiais tiflotécnicos que necesitan o alumnado con altas discapacidades para a

normalización da súa estancia na USC: ratos e ordenadores adaptados, receptores de FM, etc.

Estes anos foron atendidos 58 estudantes de xeito personalizado (contratación de intérpretes de lingua de signos española, asistentes persoais, adaptacións curriculares, intermediación con docentes,...). As tipoloxías das súas discapacidades son tanto de mobilidade como visuais ou sensoriais.

A contratación de asistentes persoais e intérpretes de lingua de signos faise a cargo do orzamento vinculado ao convenio asinado entre a Fundación José Otero – Carmela Martínez, que ten por finalidade “a posta en marcha de Axudas para a Inclusión Universitaria, para favorecer a normalización da participación na vida académica das persoas con necesidades educativas específicas (NEE) derivadas dunha condición de discapacidade”.

Vinculados aos obxectivos do convenio coa Fundación Down Galicia para a realización de prácticas dentro do programa de emprego con apoio, cinco estudantes desta fundación fixeron as súas prácticas coa Brigada de Xardíns da USC no campus de Santiago de Compostela.

## PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO




Ámbito hospitalario



Saúde Mental



Traballo con minorías étnicas



Apoio a persoas maiores ou menores



Patrimonio



Cooperación



Medio Ambiente



Sensibilización



Incorporación sociolaboral



Integración social e de estudantado novo



Educación



Igualdade e Equidade entre os membros da comunidade universitaria

## 3

Dende a área de formación e investigación, seguindo as recomendacións da comisión de sostibilidade da CRUE no seu Documento Técnico, aprobado polo Comité Executivo e o Plenario da Comisión de Sostibilidade (Grupo CADEP), celebrado en León o 29 de maio de 2015, e xuntamente co Plan de Formación e Innovación Docente e o Grupo de Investigación ESCULCA, realizáronse tres obradoiros sobre a metodoloxía da Aprendizaxe-Servizo como estratexia docente, dentro do marco da Responsabilidade Social Universitaria.

Estes obradoiros viñan a sumarse a outros pasos xa iniciados pola USC de cara á paulatina institucionalización da aprendizaxe-servizo para así "impulsar a sostibilidade curricular, contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade máis xusta e mellorar as aprendizaxes académicas e sociais que favorecen o desenvolvemento competencial do alumnado" tal e como recolle o documento da CRUE.

## PROGRAMAS DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA


### Olimpíadas Solidarias de Estudo

Acción de educación para o desenvolvemento e de sensibilización, que se desenvolve baixo o lema "Se estudas, cooperas" por cada hora de estudo, os patrocinadores destinarán 1 € para apoiar proxectos educativos en países do Sur.

No ano académico 2013-14 colaboraron 17 centros e houbo unha participación de **2.363 estudantes** (765 homes e 1.598 mulleres) e unha recadación de **50.436 €/horas**. A Universidade de Santiago de Compostela foi a terceira entidade do Estado español que máis cartos recadou nesa edición. No ano académico 2014-15 colaboraron 19 centros e houbo unha participación de **3.033 estudantes** (909 homes e 2.124 mulleres) e unha recadación de **33.977 €/horas**.

► **A Universidade de Santiago de Compostela foi a terceira entidade do Estado español que máis cartos recadou nestas dúas edicións.**

## Resumo da actividade da Oficina de Voluntariado: Programas desenvolvidos



preto de **5.000** persoas voluntarias  
nos anos 2014 e 2015

**“ A USC fomenta os valores de cidadanía como a solidariedade, a convivencia, a tolerancia e o respecto á diversidade, coa finalidade de contribuír á construción dunha sociedade máis xusta, unha cultura de paz e unha ética baseada na cooperación e na corresponsabilidade. ”**

#### Actuacións nos diferentes programas (Campus de Santiago e Lugo)

	2012-13		2013-14		2014-15	
	PA	V	PA	V	PA	V
Programa de apoio a persoas con necesidades especiais	420	58	314	31	404	30
Programas de apoio a menores	205	58	204	56	225	32
Actuacións no ámbito da saúde**	220	52	350	35	420	69
Asistencia de persoas maiores	200	28	230	12	250	6
Minorías étnicas	25	17	80	17	95	8
Cooperación e desenvolvemento	-	3	80	5	65	4
Educación***	96	5	96	9	343	8
Igualdade***	31	2	-	8	-	3
Inclusión social	-	115	234	36	356	55
Voluntariado Cultural	-	-	650	75	875	37
Apoio a estudantes de intercambio / nova incorporación	-	-	1150	25	1812	10
Sensibilización	-	-	-	1975	-	2363
Medio Ambiente****	-	-	-	-	-	3
<b>Total</b>	<b>1.197</b>	<b>338</b>	<b>3.388</b>	<b>2.284</b>	<b>4.845</b>	<b>2.628</b>

PA: Persoas Asistidas (estimación) V: Voluntarios/as

\*\*En 2012-13, 2013-14 inclúe: Hospitalario e da saúde e Saúde Mental

\*\*\*En 2012-13 Campus de Lugo

\*\*\*\*En 2013-14 Campus de Lugo

## Cultura ●●●

Cumprindo coa liña estratéxica de compromiso coa sociedade na creación e difusión da cultura, a Área de Cultura da USC desenvolveu ao longo do bienio 2014-15 unha intensa actividade nos ámbitos da música, do teatro, da danza, das artes visuais e das exposicións, sempre aberta a toda a cidadanía, e da que destaca:

- Festivais Internacionais e Mostras de teatro universitario
- Encontros de danza universitaria
- Ciclo de charlas-conferencias "Nerd Nites"
- Encontros orquestrais e concertos do Espazo de Cámara Ciclo "Trios de Beethoven"
- Programas "Misa Criolla" e "El Centenario da morte do arcebispo Monroy" do Coro Universitario
- Estrea da coprodución entre a Aula de teatro e a Orquestra do Espazo de Cámara "A historia de Sweeney Todd o barbeiro diabólico da rúa Fleet"
- Ciclos "Músicas a Carón da Mosqueira" e "Lubicán" do Campus de Lugo
- Maratóns Fotográficos do Campus de Lugo
- Programa "sONScREATIVOS: Arte sonora e electroacústica" no Campus de Lugo

A parte destas actividades de produción propia, a Área de Cultura desenvolveu un importante labor de colaboración institucional en acción conxunta con entidades e organizacións de Compostela e Lugo: Asociación Galega da Lírica "Teresa Berganza", Conservatorio Profesional de Música de Santiago, Escola de Altos Estudos Musicais, Amigos da Ópera de Santiago, Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo, Festival de Jazz de Lugo, Sociedade Filharmónica de Lugo, Ateneo de Santiago, Xornadas de Música Contemporánea, Festival de Músicas Contemplativas, Festival Via Stellae, CSIC-INCIPIT, entre outras.

- Exposicións
  - "O Asorey descoñecido"
  - "Reinterpretando o Quixote. IV Centenario do Quixote"
  - "En (Re)torno á paisaxe. Doce olladas contemporáneas sobre o(s) territorio(s)",
  - "Marxes. Fotografías de Manuel Soares"
  - "Felipe Criado. Último capítulo. Cadaquén que pense o que queira"
  - "Elipsis. Fotografías de Rafael Navarro".

Finalmente, neste mesmo ámbito de colaboracións, caben destacar pola súa relevancia o convenio Lugo Cultural entre a USC, o Concello de Lugo e a Deputación de Lugo, que acolle o groso de actividades culturais desenvolvidas no Campus de Lugo; a colaboración co programa CampUSCulturae nas exposicións "Palabras Pintadas", "Imprimatur", "Un mar... 50 miradas", "Arredor de Hergé en 80 idiomas", "Para que o seu latexo chegue a Occidente (fotoxornalismo a prol da inclusión e da visibilidade)", "E necesitamos tanto. Se só soubesemos que é", "150 anos de atención á diversidade (1864 Colexio Rexional de Xordomudos e Cegos)" e no ciclo de música "son[UT]opías"; e os actos conmemorativos con motivo do centenario da morte de Eugenio Montero Ríos -incluída a exposición "Eugenio Montero Ríos. O xurisconsulto e o político na Compostela do seu tempo" que se celebrou no Colexio de Fonseca- que se organizaron conxuntamente entre a USC, o Ateneo de Santiago, a Sociedade Económica de Amigos do País, a Cámara de Comercio de Santiago e o Colexio de Avogados de Santiago.



## Actividade Cultural

13	14	15	
102	114	92	Concertos de música e danza
23	22	23	Exposicións
2	3	2	Ciclos de cine
11	38	20	Filmes proxectados
35	30	34	Representacións teatrais
31	52	60	Cursos de verán

Por último, pola súa especial relación co compromiso social, merecen mención aparte as seguintes actividades: as exposicións "As persoas con discapacidade na vida cotiá" e "First Ladies", en colaboración con Down Galicia; a exposición "Arte e Solidariedade", en colaboración con Manos Unidas; e as intervencións do Espazo de Danza da USC no Festival de Mulleres de Compostela, na semana "Santiago sen fronteiras" en colaboración con Médicos sen Fronteiras, no Día Internacional contra a Violencia de Xénero e no Día Internacional do Voluntariado.

No relativo ao obxectivo de contribuír á formación integral do estudentado transformando os servizos non académicos en ferramentas de apoio, a Área de Cultura da USC ofreceu neste período un programa de cursos, seminarios e obradoiros nos ámbitos do teatro, da danza, da música e da fotografía.


**+ 100**  
cursos de verán

---

**52** CURSOS 2014  
**60** CURSOS 2015

O Programa de Extensión Cultural de Astronomía (PECAS) destaca como actividade desenvolvida polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller, en colaboración coa Área de Cultura, co obxectivo de dar a coñecer o mundo da Astronomía, así como as funcións do Observatorio. Tamén se programaron máis de 100 cursos na Universidade de Verán, 52 no ano 2014 e 60 no ano 2015, que abordaron temáticas correspondentes a todas as áreas de coñecemento.

## Número de persoas matriculadas nos cursos de verán





O Programa Universidade Viva pon a disposición da cidadanía o patrimonio histórico da USC a través de visitas ao Museo de Historia Natural Luís Iglesias que obtivo unha cifra record de 21.322 persoas visitantes no curso 2014-15 superando as 8.731 persoas visitantes do 2013-14, ás coleccións botánicas, zoolóxicas, xeolóxicas e obxectos de valor histórico-científico.

Como servizo singular dependente da Área de Cultura a Fonoteca segue a manter a súa actividade coa celebración no ano 2014-15 de 11 proxeccións musicais e 87 préstamos de CD, cifras inferiores ás do curso 2013-14, que celebráronse 2 audicións, 34 proxeccións musicais e fixéronse 171 préstamos de CD.

13	14	15	
11.667	11.667	11.667	Nº Discos Analóxicos
219	219	596	Nº Casetes
7.647	7.650	7.651	Nº Discos Compactos
19.533	19.536	19.914	Total gravación sonoras
393	393	393	Gráficos proxectables

## ACTIVIDADES DA FONOTECA



1.608	1.609	1.611
13	14	15



784	831	1.240
13	14	15



35	34	11
13	14	15



27	2	0
13	14	15



110	171	87
13	14	15

## Deporte ●●●

A USC dispón dunha completa oferta en actividades deportivas e de lecer, dirixida tanto aos membros da comunidade universitaria como a sociedade. Dende o Servizo de Deportes a USC mantén un compromiso activo coa promoción de hábitos saudables e o fomento da práctica de actividades físico deportivas, en atención ao seu valor educativo, recoñecido academicamente, e á súa contribución á mellora da calidade de vida. Cumprindo co mandato institucional, o Servizo de Deportes ten desenvolvido ao longo dos cursos académicos 2013-14 e 2014-15 unha intensa actividade, tanto no Campus de Compostela coma no de Lugo, ofertando un amplo catálogo de servizos deportivos.

**“Compromiso coa promoción do deporte e hábitos de vida saudable para contribuír coa mellora da calidade de vida de toda a comunidade.”**

A síntese das actividades máis relevantes levadas a cabo durante os anos de referencia exponse en torno a dúas grandes áreas de traballo: a Área Académica e a Área de Rendemento.

### ÁREA ACADÉMICA

A Área Académica caracterízase polos obxectivos primordiais de transferir coñecemento e de inculcar hábitos de vida saudables que permitan acadar beneficios en termos de benestar e calidade de vida, as nosas Escolas de actividades físico deportivas son a prestación máis demandada dentro do Servizo de Deportes.

Entre os Campus de Santiago e Lugo, rexistráronse no curso 2013-14, 5.151 matrículas en 34 escolas diferentes para unha oferta que se aproximou ás 600 actividades (entre cursos e rutas de sendeirismo). As cifras foron similares no curso 2014-15, en que se contabilizan 5.027 matrículas en 36 escolas diferentes, novamente cunha oferta próxima ás 600 actividades.

Durante os cursos analizados o Servizo de Deportes ten continuado o seu labor de colaboración co Prácticum de Psicoloxía e segue desenvolvendo o programa de recoñecemento académico de créditos nas actividades. No curso 2013-14, un total de 76 estudantes obtiveron o recoñecemento de créditos solicitado (55 alumnas e 21 alumnos, pertencendo ao campus de Lugo 21 alumnas e 1 alumno). A cifra incrementou notablemente no curso 2014-15, no que foron 207 persoas as que obtiveron os créditos solicitados (162 en Santiago e 45 en Lugo).

CAMPUS DE SANTIAGO E LUGO	
2013-14	2014-15
<b>5.151 matrículas</b> 34 escolas diferentes 600 actividades	<b>5.027 matrículas</b> 36 escolas diferentes 600 actividades

Tamén as persoas maiores tiveron o seu oco específico nos cursos da escola de Natación durante os anos analizados, facéndose especial fincapé na protección da saúde coa Natación Terapéutica (con 4 grupos de 6 persoas) e a escola de Ximnasia Terapéutica.

En canto á proxección cara á cidadanía, e pensando no futuro, vaia de exemplo a vinculación en exclusiva á escola de Natación da USC de 11 Centros Escolares da nosa contorna.

## Dende 1495 marcando o camiño a seguir

Nos anos reportados observáse un incremento continuado de persoas asistentes ás actividades na natureza (roteiros, rutas de sendeirismo e saídas especiais de Semana Santa e verán), no curso 2014-15, inscribíronse nun total de **31 actividades 897 persoas**, das que 307 foron homes e 590 mulleres.

Como novidade do curso 2014-15, engadiuse a escola de autodefensa feminina coa participación de 29 mulleres.

O Servizo de Deportes realiza un labor salientable no eido da diversidade funcional, do que son exemplo a atención en Natación Especial a tres persoas con dedicación exclusiva, os grupos de traballo desenvolvidos coa ONCE na propia escola de Natación ou a integración na escola de Atletismo de rapaces e rapazas autistas.

### ÁREA DE RENDEMENTO

No tocante á Área de Rendemento, no curso 2013-14, a falta de orzamentos impediu que a USC acudise aos Campionatos de España Universitarios. No obstante, en 2013-14, 2 alumnos e 6 alumnas foron recoñecidas como Deportistas de Alto Nivel na USC. Unha cifra que ascendeu a 6 alumnas e 6 alumnos durante o curso 2014-15. No que atinxe aos resultados obtidos a nivel galego, nos anos 2014 e 2015 a USC consolidouse como Campións de Deportes Colectivos e de Xadrez.

Entre Campionatos Galegos, Campionatos propios da USC, torneos e outros eventos, celebráronse 18 competicións no curso 2013-14 e 14 no curso 2014-15. Nun e noutro ano académico participaron máis de 800 deportistas da USC, na súa maior parte alumnado, entre os que se facilitou a inclusión das persoas con diversidade funcional.

800 DEPORTISTAS DA USC



18 COMPETICIÓN NO CURSO 2013-14

14 COMPETICIÓN NO CURSO 2014-15

Xa no que concirne ás Ligas internas, desenvóléronse en ambos cursos 10 modalidades diferentes, con 3.632 inscricións no curso 2013-14 e 2.873 no 2014-15, novamente pertencentes na súa maior parte ao sector do alumnado. De entre elas, cómpre salientar as modalidades de balonmán e de voleibol, por razón do carácter mixto das súas ligas.

### Uso de escolas universitarias e deporte federado

PERSOAS USUARIAS DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS CON CARNÉ

2012-13 10.341 | 2013-14 9.777 | 2014-15 9.386

PERSOAS MATRICULADAS EN ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE LECER

2012-13 5.935 | 2013-14 5.151 | 2014-15 5.027

FEDERACIÓN DE DEPORTISTAS

2012-13 402 | 2013-14 328 | 2014-15 367

No ámbito da competición federada a USC contou con 328 deportistas no curso 2013-14 e 367 deportistas no curso 2014-15 nas 9 seccións que constitúen o Club USC, parte integrante desta casa. Todas elas son mixtas en canto ao xénero, agás o fútbol dos veteranos, e nalgúns casos, como a natación, o karate e o taekwondo, as seccións teñen unha composición paritaria entre mulleres e homes.

Os resultados máis salientables do curso 2013-14 foron:

- ▶ Campionato do Mundo de veteranas en campo a través:  
Esther Pedrosa Carrete, subcampiona
- ▶ Campionato do Mundo de veteranas en pista cuberta:  
Esther Pedrosa Carrete, 3º posto en 3.000 m.l.

Os resultados máis salientables do curso 2014-15 foron:

- ▶ XXVI Campionato de España de veteranos en pista cuberta:  
Esther Pedrosa, subcampiona en 3000 m. l. W50.
- ▶ Campionato Ibérico 2015 de Orientación:  
Pilar Veiga, campiona en media distancia e subcampiona en longa distancia D40.  
Rosa María Pernas, campiona en longa distancia e subcampiona e media D50.

## Competición universitaria, comparativa dos últimos tres anos



### NÚMERO DE PARTICIPANTES EN LIGAS UNIVERSITARIAS

2012-13	3.718	2013-14	3.632	2014-15	2.873
---------	-------	---------	-------	---------	-------



### NÚMERO DE PARTIDOS DISPUTADOS

2012-13	913	2013-14	926	2014-15	876
---------	-----	---------	-----	---------	-----



### NÚMERO DE PARTICIPANTES EN CAMPIONATOS UNIV., TORNEOS E OUTROS EVENTOS PROPIOS

2012-13	981	2013-14	1.146	2014-15	1.177
---------	-----	---------	-------	---------	-------



### CAMPIONATOS DE GALICIA

2012-13	186	2013-14	218	2014-15	248
---------	-----	---------	-----	---------	-----



### XOGOS GALAICO- DURIENSES

2012/13	-	2013/14	30	2014/15	28
---------	---	---------	----	---------	----



### CAMPIONATOS DA USC

2012/13	269	2013/14	236	2014/15	126
---------	-----	---------	-----	---------	-----



### OUTROS TORNEOS E EVENTOS PROPIOS

2012/13	526	2013/14	662	2014/15	775
---------	-----	---------	-----	---------	-----



# 6. Relaciones con organizaciones

A ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN . . .

RELACIONES CON ADMINISTRACIONES PÚBLICAS . . .

RELACIONES CON PROVEDORES . . .

PROGRAMA "A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC" . . .

RELACIONES CON EMPRESAS E OUTRAS INSTITUCIONES . . .

		G4-SO
	10	9
		G4-HR
11	10	4
		G4-EN
	33	32
		G4-EC
		8
		G4
		12

## Relacións con organizacións •••

Na actualidade, as organizacións son coñecedoras da importancia da coordinación entre os sistemas e estruturas que apoian o benestar social e a competitividade económica, polo que resulta fundamental crear vínculos de colaboración con entidades da contorna local, nacional e internacional.

A USC mantén o seu compromiso co desenvolvemento de actuacións que contribúan ao seu posicionamento na contorna académica global, colaborando tanto con empresas privadas, como con institucións académicas ou Administracións Públicas. A universidade mantén relacións de carácter comercial, financeiro e de colaboración na xeración e transferencia de coñecemento tanto na docencia coma na investigación (cátedras institucionais, contratos de investigación, prácticas profesionais, etc.).

No Plan Estratéxico 2011-2020 da USC establécese, para o Ámbito da **Xestión Institucional** así como para o Ámbito da **Relación coa Contorna** unha serie de liñas estratéxicas que marcan o camiño a seguir no referente á súa relación con outras organizacións:

**PE**

**AE3LE1** - Unha universidade de recoñecido prestixio internacional.

**PE**

**AE3LE2** - Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos.

**PE**

**AE4LE1** - Transferencia efectiva de coñecemento.

**PE**

**AE4LE2** - O compromiso e a implicación coa sociedade.



## A estratexia de internacionalización ●●●

A USC fomenta a mobilidade internacional do seu persoal e do estudiantado a través dunha estratexia de internacionalización que tamén procura a captación de alumnado estranxeiro.

O Servizo de Relacións Exteriores (SRE) encárgase da xestión dos programas de mobilidade nacional e internacional, da firma de convenios de cooperación no ámbito académico, cultural e de investigación e promove a colaboración con distintos programas de cooperación e desenvolvemento.

“ A USC aposta pola internacionalización como estratexia fundamental para o desenvolvemento nos próximos anos. ”

A información sobre a proxección exterior da USC pode consultarse no **Portal Internacional**, un espazo que canaliza e permite coñecer todos os programas de mobilidade e cooperación internacional da USC ofrecendo asesoramento. Esta estratexia de internacionalización tamén contempla o desenvolvemento de competencias lingüísticas tanto do estudiantado propio e estranxeiro como do persoal da propia USC, que se operalizan a través de diferentes servizos entre os que destaca o Cen-

tro de Linguas Modernas que, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e co Instituto Cervantes, oferta arredor de 40 cursos de idiomas e acolle máis de 600 matrículas anuais en cursos para o alumnado estranxeiro.

### Número de alumnado matriculado en cursos regulares, preparación DELE e cursos intensivos de verán no Centro de Linguas Modernas e Centro de Recursos de Idiomas

IDIOMA ▶ Español MODALIDADE ▶ Cursos regulares

**hola!** 2012-13 857 | 2013-14 589 | 2014-15 594

IDIOMA ▶ Inglés MODALIDADE ▶ Cursos regulares

**hello!** 2012-13 626 | 2013-14 615 | 2014-15 581

IDIOMA ▶ Alemán MODALIDADE ▶ Cursos regulares

**hallo!** 2012-13 194 | 2013-14 178 | 2014-15 139

bonjour! IDIOMA ▶ Francés MODALIDADE ▶ Cursos regulares

2012-13 143 | 2013-14 132 | 2014-15 138

aloha!  
ciao! olá! IDIOMA ▶ Outros MODALIDADE ▶ Cursos regulares

2012-13 581 | 2013-14 590 | 2014-15 697

OUTROS CURSOS MODALIDADE ▶ Preparación DELE\*

2012-13 16 | 2013-14 9 | 2014-15 5

OUTROS CURSOS MODALIDADE ▶ Cursos intensivos de verán

2012-13 293 | 2013-14 247 | 2014-15 229

TOTAL MATRÍCULA

2012-13 2.710 | 2013-14 2.360 | 2014-15 2.383

(\*) DIPLOMAS DE ESPAÑOL COMO LINGUA ESTRANXEIRA DO INSTITUTO CERVANTES



## Relacións con administracións públicas ●●●

As administracións públicas destacan como un dos principais grupos de interese da universidade. Posto que non só establecen o marco xurídico do seu goberno e actividade, supervisando o seu desempeño, senón que tamén son responsables de garantir o acceso da poboación á educación universitaria así, como da calidade do servizo prestado pola universidade a través do financiamento.

“

**O traballo conxunto de Universidade e Administracións públicas é fundamental para dar resposta ás necesidades da sociedade.**

”

A USC ten subscrito convenios con diferentes administracións, de entre os que salientan os programas no eido da investigación e a transferencia mediante as convocatorias competitivas de proxectos de investigación e de recursos humanos destinados á I+D+I.

O Programa Campus  
**DE EXCELENCIA  
INTERNACIONAL**  
posibilita

a construción de  
**ECOSISTEMAS DE COÑECEMENTO**  
que favorecen o emprego,  
a cohesión social e o  
desenvolvemento económico territorial

As seguintes unidades son o froito dos convenios da USC coas administracións públicas:

- CENTRO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL, GOBERNO CORPORATIVO E PROTECCIÓN DO INVESTIDOR (CERGI)
- INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL (IBADER)
- INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES "LUÍS CONCHEIRO" (INCIFOR)
- INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA DE ALTAS ENERXÍAS E CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS (CECOOP)
- CAMPUS VIDA OU O CENTRO DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓNS TURÍSTICAS (CETUR) ALIANZA PÚBLICO-PRIVADA

A USC tamén ten convenios de colaboración con entidades privadas:

- INSTITUTO DE CERÁMICA
- INSTITUTO DE CIENCIAS NEUROLÓXICAS "PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA"



## Relacións con provedores ●●●

A USC precisa adquirir e contratar os produtos e os servizos necesarios para o desenvolvemento das súas actividades. As principais áreas para as que é necesario contar con diferentes provedores son:

### Áreas de aprovisionamento de bens e servizos

ARRENDAMENTO	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS
REPARACIÓN DE EDIFICIOS	INFORMACIÓN E DIVULGACIÓN
REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS	XURÍDICOS
REPARACIÓNS E MANTEMENTO DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	PRÁCTICAS DE CAMPO
REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO	LIMPEZA
MATERIAL DE OFICINA	SEGURIDADE
SUBMINISTRACIÓNS DE ENERXÍA E AUGA	COMUNICACIÓNS
ESTUDIOS, ASISTENCIAS, TRABALLOS TÉCNICOS	TRANSPORTES
CURSOS, CONFERENCIAS, CONGRESOS	SEGUROS
INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO	EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

As principais áreas de gasto de bens correntes e servizos da USC están relacionadas cos servizos de limpeza e as subministracións de auga e enerxía:

### Proporción do gasto: principais áreas de gasto de bens correntes e servizos



Seguindo unha estratexia de racionalización a USC licita todos os contratos e implanta a xestión informatizada. Da revisión posta en marcha xurdiu un novo plan de contratacións que permite unificar nun contrato os mesmos servizos ou subministracións tratando de acadar aforros significativos, así como de dar transparencia e promover a concorrencia das empresas e a interlocución no seu seguimento e control.

**“ A USC basea as súas relacións cos diferentes axentes económicos e sociais no respecto e a transparencia, perseguindo a xeración de valor compartido. ”**

Existe un marco de lexislación xeral que regula a contratación administrativa da USC, no que se establecen os distintos tipos de procedementos de contratación (abertos, negociados) que poden realizarse. Na USC á figura do reitor ou reitora outórgaselle a condición de órgano de contratación, polo que pode asinar contratos administrativos, no seu nome.

Cóntase con un Portal de Provedores no que os provedores poden revisar e informarse sobre pedimentos electrónicos e as facturas que os vinculan coa universidade e o estado no que se atopan.



## Programa “A ponte entre o ensino e a USC” ●●●

As institucións de educación secundaria son a antesala da educación universitaria e xogan un papel destacado na preparación do paso á universidade, que resulta especialmente relevante no desenvolvemento das capacidades e competencias e na orientación cara a elección dos estudos universitarios nas distintas ramas do coñecemento.

“

**A colaboración coas institucións de educación secundaria é fundamental, xa que, en boa medida, depende delas a misión docente das universidades.**

”

O programa “A Ponte” canaliza de xeito formal o labor de cooperación entre as institucións de ensino e a USC. Entre as súas actividades destacan os “Encontros entre o Ensino Medio e a USC” nos que se visitan os centros, institutos de investigación achegando a oferta formativa da USC ao seu futuro estudiantado, superándose as 16.000 visitas nos últimos dous anos repartidos entre 132 centros no 2013-14 e 129 no 2014-15. Este programa tamén ten actuacións nos Campus Científicos de Verán, onde se imparten charlas para os familiares do alumnado, organiza actos de recoñecemento ao mellor estudiantado de bacharelato e de información para persoas maiores de 25 anos que aproban o exame específico de ingreso na Universidade.



### ESTUDANTADO VISITANTE

• 2013: 6.920 • 2014: 8.448 • 2015: 7.860



### CENTROS VISITANTES

• 2013: 116 • 2014: 132 • 2015: 129



### XUNTANZAS CO PERSOAL DIRECTIVO E ORIENTADOR

• 2013: 114 • 2014: 97 • 2015: 88



### CHARLAS DE PAIS E NAIS

• 2013: 9 • 2014: 6 • 2015: 13



### ACTOS HOMENAXE MELLORES ESTUDANTES

• 2013: 342 • 2014: 434 • 2015: 534



### ACTOS HOMENAXE MAIORES 25 ANOS

• 2013: 24 • 2014: 35 • 2015: 17

## Relacións con empresas e outras institucións •••

A USC establece como obxectivo prioritario manter unha axeitada relación coas empresas e institucións, creando unha rede de colaboración que permita contribuír positivamente ao desenvolvemento económico e social da súa contorna.

A relación entre as  
**EMPRESAS e INSTITUCIÓNS**  
da contorna da USC | É un dos principais factores  
**DE DESENVOLVEMENTO  
ECONÓMICO  
E SOCIAL.**

Máis aló da súa misión comercial as empresas e institucións tamén actúan como receptoras dos servizos de investigación prestados pola universidade e participan no proceso de formación do estudantado.

A USC conta co Campus Vida como referencia da colaboración entre a universidade e as organizacións. Co obxectivo de actuar como motor económico e promover a proxección e competencia internacional da comunidade, a Agrupación Estratéxica do Campus Vida está formada por institucións e empresas que garanten o desenvolvemento dun proxecto para conformar un biocluster competitivo, baixo as premisas da excelencia académica, científica e empresarial, no sector biotecnolóxico e biosanitario.

“  
**O Campus Vida destaca como referente na colaboración da USC con outras institucións e empresas.**  
”

### Convenio con empresas para o desenvolvemento de prácticas curriculares

#### TITULADOS/AS

2012-13	231	2013-14	353	2014-15	440
---------	-----	---------	-----	---------	-----

#### ESTUDANTES

2012-13	76	2013-14	124	2014-15	123
---------	----	---------	-----	---------	-----

### Consello Social

	13	14	15
INSCRICIÓN	729	268	87
PRÁCTICAS REALIZADAS	665	248	84
CRÉDITOS VALIDADOS	6.290	2.397	824

### Europrácticum

	INSCRICIÓN	PERSONAS APTAS	BOLSAS
EUROPRÁCTICUM VI NOV. 2011 - XUL. 2013	685	901	901
EUROPRÁCTICUM VII SET. 2013 - XUL. 2015	283	650	650
EUROPRÁCTICUM VIII SET. 2013 - XAN. 2016	44	78	69



## Relacións co terceiro sector

	13/14	14/15
CONVENIOS NOVOS ASINADOS	12	8

## Convenios con entidades do terceiro sector

ANO 2013-14

- ASOCIACIÓN ALDEAS INFANTILES
- ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN GITANA DE LUGO
- CONCELLO DE LUGO
- FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR
- FUNDACIÓN MADRESELVA
- MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS RÍA DE AROUSA NORTE
- ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE ESCLEROSE MÚLTIPLE
- ASOCIACIÓN DE NENOS CON ALTAS CAPACIDADES DE OURENSE
- FUNDACIÓN ENTRECULTURAS
- MÉDICOS SEN FRONTEIRAS
- SOS-ANIMALIA
- UNICEF

ANO 2014-15

- FUNDACIÓN BATA
- FUNDACIÓN ONCE
- FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ
- ASOCIACIÓN ACCIÓN POR EL MUNDO SALVAJE
- ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL - SOCIAL JUAN XXIII
- FEDERACIÓN GALEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS
- ASOCIACIÓN REIKI-COMPOSTELA
- ASOCIACIÓN BENÉFICA VIDA DIGNA

**INVESTIGACIÓN.** A USC impulsa a transferencia do coñecemento cara as empresas e institucións mediante a firma de contratos de investigación, a organización de cursos e congresos, e a través da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT) e as actividades de formación para a implantación das TICs da Aula TIC-PEMEs.

**INTERCAMBIO.** A USC é consciente da importancia do intercambio de información coas empresas e institucións, posto que permite adecuar e orientar as actividades de docencia e investigación para dar resposta ás necesidades do mercado laboral e da sociedade, axeitándose aos desafíos técnicos e de xestión aos que se enfrontan as organizacións e as persoas no seu día a día.


**FORMACIÓN PRÁCTICA.** A colaboración coas empresas e institucións canalízase primordialmente a través da Área de Orientación Laboral da USC e dos programas de prácticas nos que participaron 353 titulados e 124 estudantes no curso 2013-14 chegando ás 440 persoas tituladas e 123 estudantes no 2014-15, cifras moi superiores ao ano académico 2012-13. A Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) da USC é a entidade sen ánimo de lucro e de dereito privado, especializada na transferencia de coñecemento, innovación e tecnoloxía que dirixe a súa oferta de bolsas de prácticas en empresas ao estudiantado das universidades galegas recién egresado e menores de 30 anos. O proxecto FARO GLOBAL do Programa Leonardo Da Vinci permite o desenvolvemento de prácticas en empresas de países da Unión Europea; e o programa Europracticum promove as prácticas profesionais remuneradas para titulados/as da USC en empresas e organizacións europeas, na súa VII convocatoria concedéronse 147 bolsas superándose as 900 solicitudes.




**A solicitude e realización de prácticas mediante FEUGA, trazou unha tendencia ascendente que se mantivo ao longo dos últimos 10 anos.**



## FEUGA: Persoas tituladas



## FEUGA: Estudantes





## CÁTEDRAS USC

Da colaboración da universidade coas empresas, organizacións privadas e institucións públicas tamén surden as Cátedras propias da USC, co obxectivo de desenvolver actividades complementarias no ámbito da docencia e no ámbito da investigación, servindo de espazo para a reflexión, o debate, o estudo e a investigación, contando ademais con financiamento externo.

**“O labor das Cátedras ten unha enorme transcendencia de cara á proxección exterior da USC.”**

- ✓ CÁTEDRA “ASTRAZENECA” DE CALIDADE ASISTENCIAL EN PATOLOXÍA CARDIOVASCULAR
- ✓ CÁTEDRA “BOLÍVAR”
- ✓ CÁTEDRA DE HIDROLOXÍA MÉDICA, USC-BALNEARIOS DE GALICIA
- ✓ CÁTEDRA “DR. JAIME VERA” DE EMPRENDEMENTO SOCIAL
- ✓ CÁTEDRA “JEAN MONNET” “A CULTURA DA INTEGRACIÓN EUROPEA”
- ✓ CÁTEDRA “JEAN MONNET” DE DEREITO CONSTITUCIONAL EUROPEO
- ✓ CÁTEDRA “JEAN MONNET” DE DEREITO DA INTEGRACIÓN EUROPEA
- ✓ CÁTEDRA “JOSÉ ÁNGEL VALENTE”
- ✓ CÁTEDRA “JUANA DE VEGA” DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN
- ✓ CÁTEDRA “VALLE-INCLÁN”
- ✓ CÁTEDRA INSTITUCIONAL PASTORA CAMPOS GOLDNER PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- ✓ CÁTEDRA BANCAJA PARA MOCIDADE EMPRENDEDORA
- ✓ CÁTEDRA DE CULTURA CUBANA “ALEJO CARPENTIER”
- ✓ CÁTEDRA DE EMPRESA FAMILIAR
- ✓ CÁTEDRA JONHSON&JONHSON DE PROMOCIÓN DA SAÚDE ORAL
- ✓ CÁTEDRA DE EDUCACIÓN MÉDICA
- ✓ CÁTEDRA UNESCO 226 SOBRE MIGRACIÓNS
- ✓ CÁTEDRA UNESCO DE INNOVACIÓN E XESTIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA
- ✓ CÁTEDRA UNESCO DE CULTURA DE PAZ E DEREITOS HUMANOS





# 7. Ecoloxía Interna

ECOLOXÍA INTERNA . . .

XESTIÓN ENERXÉTICA . . .

XESTIÓN DA AUGA . . .

XESTIÓN DE RESIDUOS . . .

MOBILIDADE SOSTIBLE . . .

XESTIÓN E AVALIACIÓN AMBIENTAL . . .

CERTIFICACIÓNS E ACREDITACIÓNS . . .

G4-PR

5

G4-EC

7 2

G4-EN

31 30 27 25 23 19 18 17 16 15 8 6 5 3 2 1

## Ecología Interna ●●●

A USC adquire o compromiso de impulsar comportamentos de protección e conservación do medio natural, promover a sostibilidade e contribuir á creación dunha conciencia ecolóxica colectiva, tal e como recolle o Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS). Este obxectivo trata de acadarse a través de diferentes accións entre as que destacan a xestión dos impactos medioambientais relacionados co consumo de recursos e a xeración de residuos que derivan das actividades propias da universidade, a sostibilización curricular que consiste na inserción dentro das diversas materias deste enfoque e mediante o fomento da investigación nas áreas medioambientais. O Plan Estratégico 2011-2020 da USC vén a reafirmar os compromisos adquiridos no PDS, polo que se establecen para o Ámbito de Xestión Institucional así como para o Ámbito da **Relación coa Contorna**, dúas liñas estratéxicas, que marcan o camiño a seguir no referente á sostibilidade, á súa promoción e difusión.

**PE**

**AE3LE2** - Xestión Simple, eficaz e transparente dos recursos

**PE**

**AE4LE2** - Compromiso e Implicación coa Sociedade.

“

**Polo seu compromiso coa sostibilidade a USC é a única universidade Galega e a 9ª de España recoñecida no GreenMetric of World University Ranking.**

”

O marcado compromiso coa sostibilidade vese recoñecido sendo a USC a única universidade galega inserida no GreenMetric of World University Ranking, primeira e única clasificación do mundo que mide o compromiso das universidades coa sostibilidade e a xestión medioambiental. Para a clasificación do ano 2014 comparáronse os esforzos de máis de 360 universidades de 62 países situando á Universidade de Santiago no posto 149. Nesta listaxe figuran un total de 21 universidades españolas, de entre elas a de Santiago é a única galega e a novena de España.

GreenMetric Ranking of World Universities 2015, publicado en xaneiro do 2016, sinalou a USC como a 210 do mundo entre 407 universidades de 65 países, e no posto 14 de entre as 22 españolas presentes.



“ **A USC atópase entre as 210 universidades do mundo que realizan un maior esforzo en políticas de sustentabilidade e unha xestión universitaria favorable ao medio ambiente.** ”

Ademais, a USC forma parte da comisión sectorial da Conferencia de Rectores de Universidades Españolas CRUE - Sostibilidade, onde se integran as áreas de sostibilidade e riscos laborais.

## A OFICINA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A Coordinación do PDS aséntase na Oficina de Desenvolvemento Sostible (ODS), dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social. Dende esta oficina impúlsanse e desenvólvense os contidos abarcados no Plan, que xiran en torno a tres eixes:

EIXE 1. Xeración de Coñecemento e Educación Ambiental.

EIXE 2. Planificación, Xestión e Avaliación Medio Ambiental.

EIXE 3. Divulgación, Participación e Sensibilización.

A ODS promove prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuír os riscos ambientais da actividade universitaria. Tradicionalmente os proxectos desenvolvidos no eido da ecoloxía interna, baixo o segundo eixe do Plan, agrúpanse en seis ámbitos de actuación: xestión enerxética, xestión da auga, xestión de residuos, mobilidade sostible, xestión e avaliación ambiental e certificacións e acreditacións. No 2015 en colaboración coa Unidade de Cooperación ao Desenvolvemento do SEPIU comeza a traballarse sobre unha nova liña, o consumo responsable.



XESTIÓN DE RESIDUOS



MOBILIDADE SOSTIBLE



XESTIÓN DA AUGA



XESTIÓN E AVALIACIÓN AMBIENTAL



XESTIÓN ENERXÉTICA



CERTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN

A ODS tamén realiza actividades de promoción e fomento de hábitos sostibles entre os seus grupos de interese. O alumnado, xunto a poboación en xeral, son os principais obxectivos do eixe 3.

“ No ano 2015ponse en marcha o primeiro curso recoñecido polo Servizo de Planificación e Programación de PAS “O papel do persoal de administración e servizos na sustentabilidade ambiental universitaria.” ”

O persoal da USC, o PDI, o persoal contratado a cargo de actividades de I+D e o PAS reciben especial atención dende o eixe 2. As actividades de formación dirixidas ao persoal docente e investigador teñen unha maior tradición e relevancia en colaboración co Plan de Formación e Innovación Docente (PFID).

### Evolución de Actividades de educación ambiental nas que participou a ODS

13	14	15	
4	2	1	Actividades de educación formal
21	17	80	Actividades de educación non formal

A ODS elabora informes anuais sobre diferentes aspectos relacionados co seu ámbito de xestión, cabe destacar os informes sobre a mobilidade da USC, sobre o consumo de papel e sobre a pegada ecolóxica. No eido da comunicación, a actividade desenvolta por esta oficina goza dunha boa cobertura nos medios de comunicación, acadando nos anos 2014 e 2015 un total de 50 impactos no xornal da USC, e 33 noutros xornais. Nesta mesma liña, a ODS é a responsable da xestión de redes sociais relacionadas coa sostibilidade na USC, mediante a xestión de 2 contas de Facebook e 1 conta de Twitter, que aglutinan un total de cerca de 1.000 persoas seguidoras durante os anos 2014 e 2015.

# Xestión Enerxética ●●●


A través da Unidade de Enerxía e Sustentabilidade e a ODS, a USC establece como obxectivo primordial a xestión respectuosa co medio ambiente e optimizada dos sistemas de control e subministro enerxético. Para conseguilo apóiase na aplicación de novas tecnoloxías de telesupervisión e telexestión.

A USC produce electricidade e enerxía calorífica para auga quente sanitaria e calefacción a través do seu sistema de coxeración o que permite reducir a achega externa de electricidade, gasóleo e gas natural co conseguinte beneficio económico e ambiental.

## Evolución de Datos do consumo eléctrico (kWh)

13	14	15	
22.627.889	21.055.082	19.625.759	Compañía Distribuidora
3.534.000	4.801.222	5.131.359	Coxeración
26.161.889	25.856.304	24.757.118	Total Consumo

## Evolución da Distribución modal da enerxía consumida



A alta eficiencia enerxética do sistema de coxeración da USC é o que permite reducir os custos e as emisións de gases contaminantes. O sistema de coxeración está formado no campus de Santiago por 7 plantas onde están instalados 11 motores que empregan gas natural para a produción simultánea de enerxía eléctrica e térmica.

## RELACIÓN DE INSTALACIÓNS DO SISTEMA DE COXERACIÓN

Planta de Coxeración	Centros con sala de caldeiras conectada
Estadio de Atletismo	Colexio Maior Fonseca Colexio Maior Rodríguez Cadarso Colexio Maior San Clemente Escola Infantil Breogán Estadio de Atletismo Facultade de Farmacia
Facultade de Ciencias Políticas	Ampliación da Facultade de Ciencias Políticas Centro de Orientación e Información Estudiantil Facultade de Ciencias Políticas Facultade de Dereito
Facultade de Filoloxía	Facultade de Ciencias da Comunicación Facultade de Filoloxía Residencia Universitaria Burgo das Nacións
Facultade de Psicoloxía	Facultade de Ciencias da Educación Sur Facultade de Psicoloxía
Imprenta Universitaria	Facultade de Bioloxía Facultade de Matemáticas
Residencia Universitaria Monte da Condesa	Facultade de Física Residencia Universitaria Monte da Condesa

Entre os anos 2014 e 2015 ponse en marcha un proxecto de reforma da xeración térmica do edificio da residencia Monte da Condosa, mellorando a recuperación de enerxía térmica da coxeración que engadiu o cambio de combustible. Este proxecto é executado dentro do proxecto Life+Opere e é financiado parcialmente pola USC. Opere é un proxecto europeo sobre a Xestión Eficiente de Redes de Enerxía, liderado pola USC en cooperación con EnergyLab e con financiamento do programa LIFE da área medioambiental. Life+Opere pretende optimizar a xestión enerxética dun conxunto de instalacións técnicas da USC situadas no Campus Vida, mediante o deseño, desenvolvemento de estratexias de aforro e eficiencia enerxética, a implantación dun plan demostrativo e a avaliación dos resultados obtidos coa planta piloto para analizar retornos de inversión das diversas estratexias.






As obras da residencia universitaria supuxeron a reforma da acometida de auga fría, así coma do colector de distribución de entrada, o cambio de

**“A USC financia parcialmente o proxecto Life+Opere, sobre Xestión Eficiente de Redes de Enerxía, iniciativa que pretende optimizar a xestión enerxética dun conxunto de instalacións técnicas da USC situadas no Campus Vida.”**

combustible empregado, o cambio das caldeiras de gasóleo a caldeiras de condensación de gas natural, a integración de acumuladores de inercia e de produción de auga quente instantánea, a mellora da recuperación da enerxía térmica do proceso de coxeración existente, a instalación de novos colectores e válvulas, así como a bomba de alta eficiencia e contabilización de consumos de enerxía e auga de cada zona por separado, unha instalación de gas natural nova, e a regulación e autónoma de toda a instalación.

Como se pode observar na táboa, nestes dous anos conseguíuse unha redución significativa no tocante ao consumo de gasóleo e gas natural.

### Evolución de Datos do sistema de coxeración da USC

					
	Xeración de electricidade (consumida máis vendida) (kWh)	Enerxía eléctrica producida e consumida na USC (kWh)	Porcentaxe sobre o total de consumo eléctrico	Enerxía excedente vendida (kWh)	Aproveitamento da coxeración en enerxía calorífica (Gasóleo-litros)
13	4.547.000	3.534.000	11,51	993.000	456.000
14	5.916.724	4.801.222	18,57	1.115.502	390.838
15	6.474.100	5.131.359	20,73	1.342.741	486.751




### Evolución de consumos de gasóleo e gas natural



A USC realizou un importante investimento na substitución das caldeiras de gasóleo por novas caldeiras de gas natural que teñen un menor impacto ambiental.

O consumo enerxético leva asociado unhas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). Para estimalas empréganse factores de emisión proporcionados polo INEGA e o IPCC. No ano 2014 as emisións foron de 14.408 toneladas, reducíndose ata as 12.320 toneladas no ano 2015.

### Emisións de CO2 asociadas ao consumo enerxético\* (toneladas)




\*Factores de emisión variables proporcionados polo INEGA[1] e o IPCC[2].  
 [1] Instituto Enerxético de Galicia. [2] Intergovernmental Panel on ClimateChange.

O respecto ao medio ambiente e o aforro económico son os motivos que levan a ODS a pór en marcha a campaña "O teu xesto conta". Ao abeiro desta campaña difúndense e promóvense entre os principais grupos de interese, estudantes, PDI e PAS, información sobre os comportamentos sostibles que poden adoptar para seguir a liña de comportamento socialmente responsable da USC.


Con esta campaña a ODS tenta reducir o consumo enerxético combinando actuacións encamiñadas á mellora nas infraestruturas e nos sistemas de medición do consumo e á promoción de hábitos máis responsables por parte dos membros da comunidade universitaria.

### Distribución modal das emisións de GEI asociadas ao consumo enerxético




# Xestión da Auga ●●●

Os concellos de Santiago de Compostela e Lugo, a través das súas redes de abastecemento urbano, son os encargados tanto da subministración de auga coma do tratamento das augas residuais dos centros e instalación da USC. A ODS trata de reducir o consumo a través de campañas informativas que promoven e impulsan o seu consumo racional.



Consumo de auga na USC (m3)



# Xestión de Residuos ●●●

Nos centros docentes e edificios administrativos da USC xéranse, principalmente, residuos non perigosos. A ODS desenvolve un importante labor para concienciar ás persoas membros da comunidade universitaria da necesidade dunha correcta xestión dos residuos que se xeran nas dependencias universitarias e trata de crear o hábito da recollida selectiva nos edificios universitarios ofrecendo información sobre a correcta separación. Para facilitar a separación selectiva créanse puntos limpos onde depositar os residuos en colectores específicos e dende a ODS dótase anualmente aos edificios universitarios da infraestrutura necesaria para o seu mantemento.











Os concellos de Santiago de Compostela e Lugo proporcionan os colectores de residuos non perigosos emprazados no exterior dos edificios universitarios, anualmente revísanse o número e a localización, que pode

consultarse na web USC Responsable, identificándose novas necesidades e trasladando unha petición formal aos concellos, ademais a USC colabora con eles compartindo os datos para estimar a cantidade de residuos sólidos xerados.

## Colectores externos distribuídos nos Campus da USC polos concellos de Lugo e de Santiago de Compostela

13		14		15		
10	14	13	14	13	16	Envases lixeiros
11	28	12	28	12	30	Papel e cartón
4	13	4	13	4	13	Vidro
14	88	14	88	14	90	Xenéricos
CAMPUS LUGO	CAMPUS SANTIAGO	CAMPUS LUGO	CAMPUS SANTIAGO	CAMPUS LUGO	CAMPUS SANTIAGO	

## Colectores internos distribuídos pola ODS (Valores acumulativos)


										
	Papeleiras	Papel	Pilas	Tinta e tónor	Móviles (colector)	Móviles (bolsas)	CD e DVD	Disquetes	Composteiros	Envases lixeiros
13	4.433	300	80	98	9	45	78	38	8	84
14	4.509	307	82	100	9	45	80	39	10	92
15	4.569	315	82	102	9	46	80	39	6	95






A Unidade de Xestión de Residuos Perigosos dependente do Servizo de Prevención de Riscos encárgase da xestión dos residuos perigosos e tóxicos xerados polos centros e laboratorios de investigación da universidade. A xestión de residuos eléctricos e electrónicos (RAEE) realízana xestores autorizados contratados pola USC.

### Evolución Xeración de residuos non perigosos (kg) Campus de Lugo e Santiago



\* Datos non actualizados polo Concello de Lugo





### Evolución Xeración de residuos perigosos (kg) para ambos campus





# Mobilidade Sostible ●●●

Dende a ODS “en relación á promoción da mobilidade sostible” desenvólvese cun bo acollemento o programa de préstamo de bicicletas. No ano 2015 o programa contou con 250 participantes entre estudantes, PDI e PAS, como pode verse na enquisa de satisfacción das persoas usuarias do programa, estas valoran como positivo o uso da bicicleta que resulta beneficioso para a saúde, a calidade de vida urbana e na rapidez de desprazamento, etc.

## Datos do Programa de Préstamo de Bicicletas

	
<b>ESTUDANTES</b>	<b>PDI</b>
13 14 15	13 14 15
CAMPUS DE SANTIAGO	CAMPUS DE SANTIAGO
223 202 170	4 1 1
CAMPUS DE LUGO	CAMPUS DE LUGO
93 86 115	4 4 3
<b>= 316 288 285</b>	<b>= 8 5 4</b>
	
<b>PAS</b>	<b>TOTAL</b>
13 14 15	13 14 15
CAMPUS DE SANTIAGO	CAMPUS DE SANTIAGO
3 4 5	230 207 176
CAMPUS DE LUGO	CAMPUS DE LUGO
3 4 3	100 94 121
<b>= 6 8 8</b>	<b>= 330 311 297</b>

SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

			
<b>ESTUDANTES</b>			
13 14 15			
CAMPUS DE SANTIAGO	141	162	158
CAMPUS DE LUGO	78	86	82
	<b>= 219</b>	<b>248</b>	<b>240</b>
			
<b>PAS</b>			
13 14 15			
CAMPUS DE SANTIAGO	3	3	1
CAMPUS DE LUGO	3	4	2
	<b>= 6</b>	<b>7</b>	<b>3</b>

			
<b>PDI</b>			
13 14 15			
CAMPUS DE SANTIAGO	4	0	5
CAMPUS DE LUGO	4	4	2
	<b>= 8</b>	<b>4</b>	<b>7</b>
			
<b>TOTAL</b>			
13 14 15			
CAMPUS DE SANTIAGO	148	165	164
CAMPUS DE LUGO	85	94	86
	<b>= 233</b>	<b>259</b>	<b>250</b>

ADJUDICACIONES

É preciso destacar que os puntos negativos sinalados polas persoas usuarias deste servizo refírense a condicións externas ao programa e relacionadas coa xestión do tráfico urbano nas cidades e a falta de infraestruturas que faciliten o desprazamento en bicicleta.

Co fin de realizar o seguimento e a avaliación do programa, de cara a mellorar o servizo e adecualo ás necesidades dos distintos grupos de interese, a USC leva a cabo un estudo sobre a Valoración das persoas que se acollen ao préstamo de bicicletas. Os resultados desta valoración, tal e como reflicte a táboa seguinte, son positivos para os distintos ítems expostos, superando en todo caso a puntuación 2,5 (sobre un máximo de 5) agás no caso da variable “meteoroloxía”.



**Evolución Valoración das persoas participantes no Programa de préstamo de bicicletas (2014/2015)**  
(Satisfacción mínima = 1 máxima = 5)

14		15			14		15	
3,86	4,06	3,91	4,13		Rapidez de desprazamento	3,91	4,13	
3	2,95	3,33	2,98	Seguridade	3,33	2,98		
3,48	3,85	3,78	3,83	Esfuerzo físico	3,78	3,83		
2,35	2,34	2,16	2,35	Meteoroloxía	2,16	2,35		
3,47	3,6	3,64	3,78	Comodidade da persoa usuaria	3,64	3,78		
3,10	2,85	3,14	3,08	Tráfico Urbano	3,14	3,08		
3,96	3,85	3,85	3,97	Calidade de vida urbana	3,85	3,97		
4,61	4,42	4,42	4,57	Saúde da persoa usuaria	4,42	4,57		

CAMPUS DE SANTIAGO


CAMPUS DE LUGO

A ODS realiza o “Estudo de hábitos de mobilidade na USC” onde se recollen as preferencias das persoas membros da comunidade universitaria, co obxectivo de obter datos reais sobre as pautas de desprazamento de estudantes, PDI e PAS e para poder deseñar de forma máis eficiente as campañas de promoción da mobilidade sostible nos campus universitarios.

No período reportado o desprazamento a pé segue a ser o máis empregado entre o estudiantado e o desprazamento en automóbil continúa sendo o máis escollido entre PDI e PAS.

Neste eido, tamén se desenvolve o programa “Comparte Coche na USC” para fomentar o uso compartido dos vehículos particulares en traxectos longos e frecuentes, poñendo a disposición das persoas usuarias unha plataforma web que facilite e regule o contacto.

**Evolución hábitos de mobilidade na USC: % de uso de medios de transporte**



Lenda: 2013 2014 2015

## Xestión e avaliación ambiental ●●●

A USC realiza un estudo anual sobre o impacto ambiental que ten como principal indicador a pegada ecolóxica, a valoración dos custes ambientais do modelo de vida, e que mide a superficie produtiva necesaria para adaptar o seu cálculo ás actividades da universidade. A pegada calcúlase empregando diferentes factores de fixación. A continuación reflíctese os datos obtidos tomando como referencia a fixación media de carbono para un terreo medio forestal galego de 6,27 tonCO<sub>2</sub>/ha/ano (Merino, A.; 2005[1]).

### Pegada ecolóxica (PE) na USC (empregando como capacidade de absorción de CO<sub>2</sub> da masa forestal galega 6,27 tonCO<sub>2</sub>/ha/ano\*)

	2013		2014		2015	
	(1)	(2)	(1)	(2)	(1)	(2)
Construcción	901,63	0,030	920,00	0,031	920,60	0,032
Consumo eléctrico	1.043,05	0,035	970,11	0,033	907,73	0,032
Consumo gasóleo	630,93	0,021	467,37	0,016	467,06	0,016
Consumo gas natural	675,87	0,023	853,55	0,029	590,08	0,021
Consumo papel	65,01	0,002	59,16	0,002	56,99	0,002
Consumo auga	8,94	0,000	8,12	0,000	8,12	0,000
Xeración residuos	91,57	0,003	92,77	0,003	73,24	0,003
Mobilidade	1.016,48	0,034	968,03	0,032	1.211,46	0,042
Superficie ocupada	54,36	0,002	55,47	0,002	55,50	0,002
PE TOTAL	4.487,85	0,151	4.394,57	0,155	4.290,78	0,150

(1): PE (ha/ano) (2): PE (ha/persoa/ano)

\*Merino, A.; Producción de gases con efecto invernadoiro derivados da actividade agroforestal. Secuestro de carbono; VII Avances en Ciencia e Tecnoloxía: Obxectivos Enerxéticos da UE co Protocolo de Kyoto; Novembro 2000

PE  
2015

sitúase **4.29** tonCO<sub>2</sub>/ha/ano\*  
por debaixo da fixación media  
de Galicia

Máis recentemente, unha tese lida na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC actualizou este dato a 4,33 tonCO<sub>2</sub>/ha/ano (Herva, M.; 2011[2]). Polo que tamén se reflícten os datos obtidos tomando esta nova referencia.

### Pegada ecolóxica (PE) na USC (empregando como capacidade de absorción de CO<sub>2</sub> da masa forestal galega 4,33 tonCO<sub>2</sub>/ha/ano\*)

	2013		2014		2015	
	(1)	(2)	(1)	(2)	(1)	(2)
Construcción	1.305,59	0,044	1.332,20	0,047	1.333,06	0,047
Consumo eléctrico	1.510,37	0,051	1.404,75	0,049	1.314,43	0,046
Consumo gasóleo	906,94	0,030	676,76	0,024	676,33	0,024
Consumo gas natural	978,69	0,033	1.235,97	0,043	854,46	0,030
Consumo papel	94,14	0,003	85,67	0,003	82,53	0,003
Consumo auga	12,94	0,000	11,76	0,000	11,76	0,000
Xeración residuos	132,59	0,004	134,33	0,005	106,05	0,004
Mobilidade	1.471,90	0,049	1.401,75	0,002	1.754,24	0,061
Superficie ocupada	54,36	0,002	55,47	0,002	55,47	0,002
PE TOTAL	6.467,54	0,22	6.338,66	0,22	6.188,35	0,22

(1): PE (ha/ano) (2): PE (ha/persoa/ano)

\* Herva Iglesias, M.; Development and integration of environmental evaluation tools for the ecodesign of sustainable processes and products, Universidade de Santiago de Compostela, 2.011

## Dende 1495 marcando o camiño a seguir

A pegada individual véñse mantendo estable dende hai varios anos. Porén, a pegada global da institución diminúe, é dicir, o impacto ambiental da USC decrece. A razón de que a pegada por persoa se manteña ten que ver coa caída anual progresiva do alumnado.

Entre as actividades relacionadas coa xestión ambiental a ODS promove iniciativas para introducir criterios de sostibilidade nos pregos de cláusulas técnicas de contratos de servizos da USC.

**Móvete**  
*contra o cambio climático*



*Na USC mellor na bici*

Programa de préstamo de bicicletas

Dirixido á comunidade universitaria da USC

**Solicitudes: 19-23 de setembro**

Infórmate xa:

[bicispds@usc.es](mailto:bicispds@usc.es) ou [www.usc.es/plands](http://www.usc.es/plands)



A ODS tamén promoveu a aplicación da ferramenta AISHE (Ferramenta para a Avaliación da Sostibilidade na Educación Superior) na Facultade de Ciencias, a Escola Politécnica Superior, a Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, a ETSE e o Colexio Maior Fonseca, en Santiago.

Esta ferramenta analiza cualitativamente un total de 30 criterios nas áreas de funcionalidade, investigación e xestión con entidades externas; o resultado é unha panorámica completa da situación do centro e permite elaborar escenarios futuros e planificar as políticas e tarefas concretas de mellora e desenvolvemento da sostibilidade.

## Certificacións e acreditacións ●●●

Dentro das accións realizadas dende a ODS destaca a colaboración cos diversos centros e unidades da USC no proceso de certificación e acreditación ambiental.



O COMPROMISO DA USC:  
REDUCIR O NOSO  
IMPACTO AMBIENTAL  
ANO A ANO

De entre as accións realizadas neste eido e recollidas no apartado 1 desta memoria destaca que contan con certificación (norma UNEEN-ISO 14001) certos procesos do Servizo de Prevención de Riscos. O Instituto de Cerámica conta con actividades certificadas segundo a UNE-EN-ISO 14001:1996; este centro ten implantado o Sistema de Xestión Medioambiental que da cumprimento aos requisitos do Esquema Europeo de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS). O gasto realizado pola USC asociado a acción de certificacións ambientais superou os 30.000 euros nestes dous anos.

# 8. Desenvolvemento sostible

GERACIÓN DE COÑECEMENTO, EDUCACIÓN AMBIENTAL E DIVULGACIÓN,  
PARTICIPACIÓN E SENSIBILIZACIÓN. USC EN TRANSICIÓN • • •  
COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO • • •

G4-SO

1

G4-EC

7 2

G4-EN

27

# Xeración de coñecemento, educación ambiental e divulgación, participación e sensibilización. USC en trasição •••

Un dos aspectos fundamentais do Plan Estratégico da USC fai referencia ao medio ambiente e a sostibilidade, que aparecen recollidos a través do eixo acción pola paz e o progreso, sendo este un binomio indisoluble da sostibilidade. A USC, como pioneira na implantación dun sistema de xestión eficiente da enerxía, avanzou na creación dunha unidade de Xestión de Residuos perigosos e na sinatura de diversos convenios con empresas para a recollida de papel e cartonaxe. A través do Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS), a universidade pon a súa ciencia, tecnoloxía, recursos didácticos e de investigadores a disposición da sociedade, para contribuír á creación dun modelo de desenvolvemento sostible.

O PDS nace cunha vocación de transversalidade que fai necesaria a definición dun funcionamento que permita a participación de toda a comunidade universitaria e asigne a cada servizo a xestión técnica dos campos nos que incide. As actuacións desenvolvidas neste eido teñen como fin sensibilizar, cooperar, implicar e formar á comunidade universitaria e á sociedade no seu conxunto en formas de vida máis respectuosas co benestar e o ambiente.

O primeiro eixo do PDS fai referencia á Xeración de Coñecemento e á Educación Ambiental. Promove o respecto ao medio ambiente e á sostibilidade, incrementando a oferta de estudos nesta materia e levando a cabo labores de divulgación, investigación e acción formativas concretas. Neste eido destacan as seguintes liñas:

LIÑA 1: programa de Bolsas de sostibilidade, participación e integración universitaria.

LIÑA 2: actividades formativas.


LIÑA 3: grupos de traballo no seo da CADEP, Comisión Sectorial da CRUE sobre avaliación da sostibilidade universitaria e sostibilización curricular.

O segundo eixo referido a planificación, xestión e avaliación ambiental, promove e desenvolve prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuír os riscos ambientais da actividade universitaria. Tendo en conta que a cuestión ambiental ten un importante sesgo educativo, procurouse incorporar este aspecto, valorando a súa transcendencia máis alá da comunidade universitaria.



Por outra banda, o terceiro eixe do PDS atende á Divulgación, Participación e Sensibilización, e procura a creación dunha conciencia ecolóxica para favorecer a mellora ambiental da universidade e da comunidade no seu conxunto.


**Evolución do programa de bolsas SEPIU: Nº persoas bolseiras**



Como se recolle no apartado de Ecoloxía Interna, nos anos 2014 e 2015 a ODS desenvolveu un intenso labor de divulgación e sensibilización realizando actividades relacionadas coa formación e xerando espazos para a divulgación. Dentro deste labor de concienciación destaca o proxecto “USC en Transición”, que ten vocación de transcender o ámbito universitario, dinamizando á comunidade universitaria e á contorna das cidades de Santiago e de Lugo. A súa fin é fomentar procesos de transición a pequena escala que favorezan estilos de vida máis sustentables e ecolóxicos facendo fronte ao dobre desafío do cambio climático e das limitacións no acceso aos recursos enerxéticos.

“**As craves do apoio á sostibilidade: xeración de coñecemento, educación ambiental e divulgación, participación e sensibilización.**”

**ORGANIGRAMA PROXECTO “USC EN TRANSICIÓN”**



A continuación detállanse as actividades concretas realizadas ao longo dos cursos reportados.

## Actividades de divulgación e sensibilización

	 DATA	 ACTIVIDADE
ACTIVIDADES DO CURSO 2013-14	5 de xuño de 2014	Xornada Avaliativa dos Bolseiros SPIU e USC: Visita ao Museo Natural da USC
	8 e 9 de maio de 2014	I Xornadas. A Sostibilidade Ambiental Universitaria a Debate
	24 de abril de 2014	Obradoiro de reciclaxe (Lugo)
	24 de abril de 2014	Mercado ecolóxico e mercado de troco na USC (Santiago)
	23 de abril de 2014	Seminario sobre planificación de cultivos (Santiago e Lugo)
	1-15 de abril de 2014	Participación no estudo "Gestión Medioambiental en la Universidad Pública Española" da Universidade de Vigo
	8 e 9 de abril 2014	Promoción da reciclaxe de aceite vexetal usado. Entrega de funis-filtro (Santiago e Lugo)
	abril de 2014	Promoción dos novos aparcamentos de bicicletas do CIBUS e do Aulario Novoa Santos (Santiago)
	17 de marzo ao 11 de abril de 2014	Realización das propostas de actuación dos bolseiros SPIU en cada un dos centros docentes da USC (Santiago e Lugo)
	marzo de 2014	Promoción dos novos aparcamentos de bicicletas do CIBUS e do Aulario Novoa Santos (Santiago)
	27 de marzo de 2014	Obradoiro de reciclaxe (Lugo)
	25 de marzo de 2014	Coloquio e roteiro para a Celebración da Hora do Planeta (Santiago)
	25-26 de marzo de 2014	Obradoiro de cosmética natural (Santiago e Lugo)
	20 de marzo de 2014	Presentación da Ruta botánica polo campus de Lugo
	20 de marzo de 2014	Participación na Xornada de presentación do proxecto OPERE-Life (Santiago)
	20 de marzo de 2014	Pon unha alga na túa mesa (Santiago)

	 DATA	 ACTIVIDADE
ACTIVIDADES DO CURSO 2013-14	14 de marzo de 2014	Visita guiada ao complexo medio ambiental de tratamento de RSU e asimilables de Lousame
	7 de marzo de 2014	Visita guiada ás instalacións enerxéticas da USC. Celebración do Día Internacional da Eficiencia Enerxética (Santiago)
	27 de febreiro de 2014	Obradoiro de reciclaxe (Lugo)
	20 e 21 de febreiro de 2014	Participación nas I Xornadas Internacionais de Responsabilidade Social Universitaria (Cádiz)
	18 de febreiro de 2014	Seminario sobre plantas que coidan plantas (Santiago e Lugo)
	28-29 de xaneiro de 2014	Obradoiro de cociña ecolóxica de inverno (Santiago e Lugo)
	10-11 de xaneiro de 2014	Participación en Copernicus Alliance Conference (Cheltenham, UK)
	10 de xaneiro de 2014	Xuntanza inicial das Bolsas SPIU
	12 de decembro de 2013	Mercado ecolóxico na USC (Santiago)
	10 de decembro de 2013	Seminario sobre remedios ecolóxicos (Santiago e Lugo)
	2 de decembro de 2013	Xuntanza inicial das Bolsas USCT
	12-14 de novembro 2013	Obradoiro de elaboración de queixo en ecolóxico (Santiago e Lugo)
	31 de outubro de 2013	Participación en UI GreenMetric World University Ranking
	8 de outubro de 2013	X Convocatoria das Bolsas SPIU
	8 de outubro de 2013	Seminario sobre Permacultura (Santiago e Lugo)
	4 de outubro de 2013	Curso básico de formación en voluntariado. Santiago
2 de outubro de 2013	Presentación da Memoria de Responsabilidade Social da USC 2012	
24-25 de setembro 2013	Obradoiro de conservación de sementes (Santiago e Lugo)	
18 de setembro de 2013	VIII Edición do programa de préstamo de bicicletas da USC	
16 a 22 de setembro de 2013	Celebración da Semana Europea da Mobilidade. Presentación do Mapa peonil de Santiago de Compostela	
9 de setembro de 2013	III Convocatoria das Bolsas de colaboración no proxecto USC en transición	

## ACTIVIDADES DO CURSO 2014-15



DATA



ACTIVIDADE

30 de xuño de 2015	Creación do horto ecolóxico na ETSE. Elaboración e degustación dun "café solar"
15-17 de xuño de 2015	Relatorio: Desenvolvemento sostible dende as institucións académicas. Curso de verán da USC, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e a Fundación Juana de Vega Calidade agroalimentaria e desenvolvemento rural: un enfoque agroecolóxico
29 de maio, 5 e 10 de xuño de 2015	Recollida das bicicletas do programa de préstamo
27 e 28 de maio de 2015	Participación nas xornadas da emisión sectorial da CRUE para a Calidade ambiental, o Desenvolvemento Sostible e a Prevención de riscos (CADEP) en León
25 de maio de 2015	Obradoiro de Contrapublicidade no C.M. Rodríguez Cadarso
22, 23 e 24 de maio de 2015	IX Seminario de Investigación en EDUCACIÓN AMBIENTAL (EA) y EDUCACIÓN PARA EL DESARROLLO SOSTENIBLE (EDS) Valsain (Segovia), CENEAM. Centro Nacional de Educación Ambiental
12 de maio de 2015	Home: Historia dunha viaxe. Proxección e debate no C.M Rodríguez Cadarso
12 de maio de 2015	Sesión de formación Hortos USC: Os preparados fitosanitarios ecolóxicos, pragas e enfermidades (Lugo)
7 de maio de 2015	Xogo de rol no C.M. Rodríguez Cadarso. Coñece e valora o cambio climático
7 de maio de 2015	Sesión de formación Hortos USC: Os preparados fitosanitarios ecolóxicos, pragas e enfermidades (Santiago)
6 de maio de 2015	Proxección e debate: A terra vista desde o ceo no C.M San Clemente
6 de maio de 2015	Programa de radio 12: Planeta azul
5 de maio de 2015	O tesouro de Corcoesto: Proxección e debate
2 de outubro de 2013	Xuntanza inicial das Bolsas USCT
30 de abril de 2015	Alimentos transxénicos: Videofórum e debate
29 de abril de 2015	Debate: Análise de etiquetas de alimentos. O ciclo de vida dos alimentos e reflexións sobre o despilfarro alimenticio.
29 de abril de 2015	Programa de radio 11: Planeta azul



DATA



ACTIVIDADE

29 de abril de 2015	Obradoiro: Coñece a túa factura eléctrica e aprende a reduci-la
29 de abril de 2015	Charla-coloquio: Banca ética galega
29 de abril de 2015	Obradoiro: Educación ambiental e claves para a transición comunitaria.
28 de abril de 2015	Xornada: Educación para o desenvolvemento
27 de abril de 2015	Descubrinto o ceo con Salvador Bará na R.U. Monte da Condese
22 de abril de 2015	Videoforum: Manduca Cadude
22 de abril de 2015	Debate na R.U. Monte da Condese: Teñen ou non dereitos os animais?
22 de abril de 2015	Programa de radio 10: Planeta azul
22 de abril de 2015	Charla e videoforum: O consumo enerxético
21 de abril de 2015	Cine forum e debate: Refuxiados climáticos
20 de abril de 2015	Xornada: Empresas sostibles no ámbito galego
16 de abril de 2015	Sesión de formación Hortos USC: A xestión dos residuos orgánico. A compostaxe e a biofertilización ( Santiago)
15 de abril de 2015	Obradoiro de reciclaxe de botellas de plástico II no C. M Rodríguez Cadarso
15 de abril de 2015	Programa de radio 9: Planeta azul
14 de abril de 2015	Home: Historia dunha viaxe. Proxección e debate no C.M San Clemente
14 de abril de 2015	Charla: O furtivismo no marisqueo
13-17 de abril de 2015	Semana Verde na Facultade de Relacións Laborais
16 de abril de 2015	Realización dun mural de ecoloxía na R.U. Monte da Condese
12 de abril de 2015	Roteiro o Monte Pedroso co C.M. Rodríguez Cadarso
12 de abril de 2015	Cine forum e debate sobre a enerxía nuclear: Unha alternativa limpa e sostible fronte ao cambio climático?
10 de abril de 2015	III Convocatoria das Bolsas de colaboración no proxecto USC en transición
9 de abril de 2015	Conferencia: Contaminación lumínica

## ACTIVIDADES DO CURSO 2014-15



DATA



ACTIVIDADE

ACTIVIDADES DO CURSO 2014-15

8 de abril de 2015	Ecoauditoría centrada nos produtos das máquinas expendedoras
8 de abril de 2015	Programa de radio 8: Planeta azul
2 de abril de 2015	Entrega de premios do concurso de fotografía no C.M. San Clemente
16-31 de marzo de 2015	Concurso de fotografía no C.M. San Clemente
26 de marzo de 2015	Sesión de formación Hortos USC: A asociación e rotación de cultivos. A planificación dun horto, os sementeiros e o laboreo da terra (Santiago)
25 de marzo de 2015	Obradoiro de reciclaxe e cosmética I na R.U. Monte da Condese
25 de marzo de 2015	Xornada de recollida de roupa, calzado e material escolar no C.M. Rodríguez Cadarso
23 de marzo de 2015	Programa de radio 7: Planeta azul
23 de marzo de 2015	Sesión de formación Hortos USC: A asociación e rotación de cultivos. A planificación dun horto, os sementeiros e o laboreo da terra (Lugo)
20 de marzo de 2015	Documental e posterior debate no C.M Rodríguez Cadarso: Cal e a verdade sobre a auga embotellada
16 de marzo de 2015	Charla: Consumo pantasma. O gran descoñecido
14 de marzo de 2015	Roteiro da auga: Taramundi
11 de marzo de 2015	Documental e posterior debate na R.U. Monte da Condese: Diamante de Sangre
11 de marzo de 2015	Documental e posterior debate no C.M. Rodríguez Cadarso: A pegada ecolóxica
11 de marzo de 2015	Programa de radio 6: Planeta azul
11 de marzo de 2015	Manualidades para animais: Accesorios para cans
10 de marzo de 2015	Cine forum na R.U. Bal y Gay: Coltan, comercio de sangue
5 de marzo de 2015	Obradoiro de Cervexa Ecolóxica III na R.U. Bal y Gay
4 de marzo de 2015	Programa de radio 5: Planeta azul
4 de marzo de 2015	1ª Sesión de formación Hortos USC 2015 (Santiago)



DATA



ACTIVIDADE

ACTIVIDADES DO CURSO 2014-15

4 de marzo de 2015	Manualidades para animais: Accesorios para gatos
2-9 de marzo de 2015	Mercado de troco na R.U. Monte da Condese
25 de febreiro de 2015	Videoforum na R.U. Monte da Condese: Tirar, comprar, tirar
25 de febreiro de 2015	Obradoiro de reciclaxe de botellas de plástico I no C. M Rodríguez Cadarso
25 de febreiro de 2015	Programa de radio 4: Planeta azul
19 de febreiro de 2015	Concurso de comidas ecolóxicas no C.M. Rodríguez Cadarso
18 de febreiro de 2015	Obradoiro de Cervexa Ecolóxica II na R.U Bal y Gay
18 de febreiro de 2015	Programa de radio 3: Planeta azul
11 de febreiro de 2015	Cine forum en R.U. Bal y Gay: La guerra de la soja
11 de febreiro de 2015	Obradoiro no C.M Rodríguez Cadarso: Como reciclar?
11 de febreiro de 2015	Programa de radio 2: Planeta azul
9 de febreiro de 2015	Cine forum en R.U. Bal y Gay: The Road
6 de febreiro de 2015	Conferencia: Solos sans para unha vida sa
4 de febreiro de 2015	Obradoiro de Cervexa Ecolóxica I na R.U. Bal y Gay
4 de febreiro de 2015	Programa de radio 1: Planeta azul
13 de xaneiro de 2014	Entrega de credenciais Bolsas SPIU
15 de decembro de 2014	Xuntanza inicial dos bolseiros e bolseiras SPIU
11-12 de decembro 2014	Participación no seminario Internacional Resclima I: Investigar el cambio climático en la interfaz entre la cultura científica y la cultura común.
25-26 de novembro de 2014	Presenza da ODS co proxecto Life-OPERE nas III Xornadas Técnicas Smart Cities & Communities en Vigo
30-31 de outubro de 2014	Participación nas xornadas da emisión sectorial da CRUE para a Calidade ambiental, o Desenvolvemento Sostible e a Prevención de riscos (CADEP) en Bilbao
29,30 e 31 de outubro e 14 de novembro de 2014	Entrega das bicicletas do programa de préstamo
16-17 de outubro de 2014	Participación no II Congreso de Cidades que Camiñan en Pontevedra



## HORTOS USC

O proxecto de hortos urbáns nace coa pretensión de promover a creación de grupos de membros da comunidade comprometidos na xestión dalgún dos hortos existentes nos campus da USC. A produción de alimentos nos hortos comunitarios favorece a cohesión social e permiten reducir a pegada de carbono reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro que resultan da produción e transporte dos alimentos que se consomen.

A USC quere que este proxecto sexa tamén un espazo para a formación, recoñecida a través de créditos de libre elección, onde se compatibilicen as sesións e actividades teóricas e prácticas.



**HORTOS Ecolóxicos USC 2015**

Información e inscrición:  
 Oficina de Desenvolvemento Sostible  
[www.usc.es/plands/](http://www.usc.es/plands/)  
[plands@usc.es](mailto:plands@usc.es)  
 Tlfno.: 881811359

1ª sesión de formación:  
 4 de marzo  
 17h. CM Fonseca

Posibilidade de recoñecemento académico

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL  
 ODS  
 ENTRANSICIÓN USC



## **Cooperación ao desenvolvemento •••**

As universidades son un axente de cambio e transformación social fundamental, sendo unha das súas responsabilidades a promoción dunha cidadanía global xeradora dunha cultura da solidariedade comprometida co desenvolvemento humano sostible.

A USC mantén unha liña de actuación específica nesta materia que promove a participación en Programas Internacionais de Cooperación e na creación de programas propios con outras institucións, empresas e axentes sociais. Dentro desta área a USC ten un especial compromiso coa Educación para o Desenvolvemento (ED).

A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento -RGCUD- é unha iniciativa posta en marcha no ano 2014 polas universidades galegas. Está conformada polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, grazas ao financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e que ten como finalidade promover o traballo en rede entre as Universidades galegas nos eidos da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD), e da Educación para o Desenvolvemento (EpD). O seu obxectivo é potenciar e visibilizar o traballo da comunidade universitaria galega en materia de Cooperación e Educación para o Desenvolvemento. A partir desta iniciativa a USC crea a Unidade de Cooperación Internacional e Axuda ao Desenvolvemento, integrada no Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU).

Dende o momento da creación desta nova área, a Oficina de Desenvolvemento Sostible (ODS) vén colaborando activamente nas súas iniciativas e propostas. A RGCUD pon a disposición das universidades e da sociedade, unha base de datos de accións de CUD e de EpD executadas coa participación universitaria. Esta ferramenta pretende facilitar a procura de experiencias e de grupos de traballo cos que poder xerar sinerxias nestas áreas. Púidose identificar así a existencia de 9 grupos e 11 proxectos de investigación que traballaron en temas relacionados coa cooperación e a educación para o desenvolvemento neste período. Por outra banda, a elaboración dun plan de formación anual destinado á comunidade universitaria galega, facilitando información sobre a oferta formativa existente en cooperación e educación para o desenvolvemento en Galicia e nas universidades españolas, e informa sobre as convocatorias existentes en CUD e EpD.

“

**A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, contribúe a xerar maiores e mellores impactos na transformación cara a un mundo xusto e equitativo.** ”

Dentro das actividades formativas vinculadas ao plan de formación celebráronse catro obradoiros para o PDI dentro do PFID nos que participaron case un cento de docentes (98 persoas) de todas as áreas de coñecemento. O plan formativo tamén incluía accións co estudiantado, recoñecidas con créditos ECTS para todas as titulacións.

Comprendendo que o traballo en rede xera maiores e mellores impactos na transformación cara a un mundo xusto e equitativo, a RGCUD constitúese como a resposta da comunidade universitaria galega para afrontar este reto, e pretende converterse no referente galego da investigación, da educación e da cooperación universitaria ao desenvolvemento en Galicia.

Na USC apostamos polo traballo interdisciplinar e interdepartamental e entendemos que, aínda sendo necesario o desenvolvemento de estruturas que fagan viable o traballo e definan áreas de intervención e responsabilidade, o traballo cooperativo entre os servizos é a única vía de xerar intervencións coherentes e con maior impacto na comunidade universitaria e na contorna.



Obxectivos de desarrollo sostenible da ONU

A vinculación entre cooperación, educación para o desenvolvemento e desenvolvemento sostible queda amplamente xustificada nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aprobados pola UNESCO a finais do 2015 dentro da "Axenda 2030" de Desenvolvemento Sostible. Neste marco encádrase tamén o novo acordo mundial sobre o cambio climático. Dous fitos históricos que recordan a situación de emerxencia actual e inspiran o compromiso e a actuación das institucións con especial implicación das educativas.

A USC é membro da CRUE, e como tal, asume o Código de Conduta das Universidades en materia de Cooperación ao Desenvolvemento. No Grupo de Cooperación da USC desenvolven o labor de coordinación de todas as accións, dando apoio ás persoas que queiran participar e establecendo estratexias de información e asesoramento a todas as iniciativas en materia de cooperación e desenvolvemento.

## II Xornada

# Educación para o Desenvolvemento

**19 de abril**

**Facultade de Ciencias da Educación-Campus Vida**

**Inscripción: [plandf@usc.es](mailto:plandf@usc.es)**

**PROGRAMA:**

- 15:00 h. **Benvida**
- 15:30 h. **A ED hoxe.** Solidariedade Internacional de Galicia
- 17:00 h. **Mesa redonda:** Solidariedade Internacional de Galicia, GTD, IDOTolas, Asamblea de Cooperación pola Paz, Renée DePalma (investigadora da UOC).
- 19:00 h. Descanso
- 19:30 h. **Enfoque do Marco Lóxico (EML).** Carlota Lodeiro. Técnica de USC. Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)



SECRETARÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL



SECRETARÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA



RGCUD

# 9. Economía

GESTIÓN ECONÓMICA . . .

## Xestión económica ●●●

A USC é unha institución da Administración Pública e polo tanto financia as súas actividades mediante os fondos que recibe nas distintas partidas orzamentarias relacionadas coa Compra de Bens e Gastos de Funcionamento, Persoal e Gastos Financeiros, entre outras. A través dos orzamentos anuais a USC organiza a súa actividade económico-financeira, procurando en todo momento a eficiencia e o equilibrio orzamentario, mantendo o principio de sostibilidade. Tendo en conta o contexto actual de redución do financiamento público a USC, a través da súa xestión económica, procura acadar unha maior autonomía de ingresos a través da diversificación das súas fontes de financiamento.

Dentro do Plan Estratéxico 2011-2020 da USC, establécese para o Ámbito de Xestión Institucional unha liña estratéxica que serve de guía no referente á xestión económica:

**PE**

AE3LE2 - Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos.

A USC, no cumprimento do seu compromiso férreo coa transparencia, pon a disposición da cidadanía e grupos de interese a información da súa xestión económica.

“

**Unha boa xestión económica é un dos principais actos de responsabilidade social que unha institución pode e debe realizar con respecto aos seus grupos de interese.** ”

### **A DINÁMICA ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DA USC NOS EXERCICIOS 2014-2015**

**“Existe a necesidade dun Plan Económico Financeiro de reequilibrio para a programación plurianual da USC”**

Con esta frase, poñendo de relevo a necesidade dun Plan Económico Financeiro, comezaba o documento de programación plurianual para o período 2015-2018 cando se presentou para a súa aprobación en decembro de 2014.

Tras tres anos en que a USC non aprobou orzamentos, operando con prórrogas sucesivas do orzamento de 2011, e coa aplicación simultánea do Plan de Financiamento do SUG para o período 2011-2015, que resultou especialmente daniño para a universidade, a USC padecía en 2014 unha grave situación económico-financeira que se traducía nun déficit orzamentario estrutural e nun resultado de tesourería moi desequilibrado. A 31-12-2014 o déficit acumulado era de 14.57.120,24 €, ao que se lle engadía unha débeda orzamentaria a longo prazo de 42 millóns de euros.

## A USC CONTA CUN

# PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DE REEQUILIBRIO

para a programación plurianual

O Plan Financeiro de Reequilibrio, aprobado en 2014, combinou un axuste dos gastos estruturais e renegociación da débeda coa orzamentación prudente e accións de mellora dos ingresos a través da negociación do novo Plan Galego de Financiamento Universitario e a captación de recursos non afectados de I+D+I. Estas accións permitiron encadrar as actividades propias e específicas da universidade no período programado (2015-2016) e para as que a sociedade prové de recursos, docencia, investigación, desenvolvemento, innovación, xeración e transmisión de coñecemento nun marco de estabilidade e normalidade financeira e orzamentaria. Entre os obxectivos e accións previstas no Plan destacan:

**1** A disposición de orzamentos anuais con resultados de execución equilibrados. Este obxectivo básico conseguiuse en 2015 e o avance dos datos de 2016 permiten asegurar que tamén se acadará neste exercicio.

**2** A implementación de técnicas contables e accións de supervisión da actividade económica que aseguran un control efectivo e responsable da institución respecto ao seu desempeño financeiro e orzamentario.

Tal obxectivo concretouse coa implantación normalizada, xa nos exercicios de 2014 e 2015, da contabilidade analítica, consolidada coa financeira e a orzamentaria, e que forma parte da Conta Xeral de cada exercicio; así como co establecemento da obriga de que no mes de outubro se presente diante da comisión mixta de Claustro, Consello de Goberno e Consello Social para o seguimento do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, un informe do estado de execución de orzamento anual e das previsións de ingresos para o exercicio seguinte e o avance da previsible evolución dos fondos estruturais e de resultados do Plan Galego de Financiamento Universitario para o exercicio posterior ao seguinte. Esta mecánica foi executada en 2015, coa análise dun informe datado o 14 de outubro.

Tamén é salientable a incorporación, como forma de elaboración do orzamento, da separación entre ingresos e gastos afectados, aqueles que proceden de financiadores que aportan recursos para finalidades específicas, e dos non afectados, que son aqueles sobre os que a Universidade ten plena dispoñibilidade e que serven para atender ao seu funcionamento estrutural.

**3**

A previsión de destinar en cada orzamento recursos especificamente dirixidos á minoración do déficit acumulado pola institución. Neste eido, o resultado acadado no exercicio de 2015 permitiu unha evolución máis satisfactoria desa redución sobre a inicialmente prevista, que se concreta nestes datos.

### EXERCICIO 2015

DÉFICIT INICIAL EJERCICIO

14.567.120,24€

RESULTADO

2.137.794,17 €

DÉFICIT FINAL

12.429.326,07 €



A senda de redución do déficit vai progresar tamén en 2016, de forma que pode considerarse viable que no horizonte do que resta de programación plurianual, é dicir, en 2018, o déficit da Universidade se sitúe na orde dos 9 millóns de Euros, o que suporía reducir o déficit existente a 31 de decembro de 2014, en 6,5 millóns de Euros, mellorando a previsión ao respecto da actualización do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, analizada no Claustro do 3 de decembro de 2015, no que se estimaba a diminución do déficit ata 2020 en 7,1 millóns de Euros.

## 4

Asegurar unha dinámica orzamentaria que permita facer fronte ás obrigas de pagamento de débedas orzamentarias tras os dous anos de carencia na amortización de préstamos negociada para os exercicios 2015 e 2016.

Tal dinámica, conxugando melloras de ingresos e contención de gastos, é resultado da formulación do proxecto de orzamento para 2017 e coas previsións, que máis adiante se considerarán, en relación co orzamento de 2018. Así, a USC pode facer fronte ao incremento anual de gastos de amortización no período de programación, de forma que nos dous anos que restan para a conclusión da mesma, a minoración da débeda será a que se concreta no seguinte cadro:

16	Exercicio	18	TOTAL	
41.921.742,96 €		30.554.059,31 €	11.367.683,65 €	DÉBEDA TOTAL
16.018.152,80 €		12.344.828,27 €	3.673.324,53 €	ANTICIPOS REINTEGRABLES
25.903.590,16 €		18.209.231,04 €	7.694.359,12 €	DÉBEDA BANCARIA

## 5

Dispoñer dun marco financeiro estable derivado do financiamento público autonómico.

Tal marco, malia as carencias cuantitativas que se poden considerar, provén do novo Plan Galego de Financiamento Autonómico (PGFU), con vixencia ata 2020. Os resultados do Plan, no cuantitativo, poden estimarse nun incremento anual promedio do 1,15% dos recursos para o financiamento non afectado da universidade, e unha deriva de mellora de financiamento para a USC debido ao maior peso que terá no futuro o fondo por resultados sobre o fondo estrutural, o que permite prever un incremento dos recursos da USC dada a súa maior cota de participación no fondo de resultados que no estrutural. Pola súa parte, no cualitativo, o Plan mellora a formulación técnica da provisión dos fondos, de forma que acrece a fiabilidade, previsibilidade e certeza dos recursos a obter pola universidade, permitindo unha mellora moi significativa nas posibilidades de programación financeira a medio prazo.

## 6

Activar a totalidade das posibilidades dispoñibles para a obtención de recursos adicionais ou extraordinarios.

No contexto do período da programación, este feito concretouse no peche do convenio de patrocinio do Banco de Santander, que achegou 1,8 millóns anuais (7,2 millóns no período), na solución dos litixios coa Axencia Tributaria respecto ao IVE de investigación, acadada en 2016, e coa posta en mercado do edificio coñecido como vello Hospital de Galeras, aínda non exitosa, pero na que cómpre perseverar.

**Evolución do déficit: obxectivos do PEFR aprobado**


Exercicio	DÉFICIT INICIAL	Resultado orzamentario previsto	DÉFICIT RESULTANTE
2014	-	-	14.567.120,24 €
2015	14.567.120,24 €	67.000,74 €	14.500.119,50 €
2016	14.500.119,50 €	586.185,78 €	13.913.933,72 €
2017	13.913.933,72 €	278.442,80 €	13.635.490,92 €
2018	13.635.490,92 €	601.005,16 €	13.034.485,76 €
2019	13.034.485,76 €	177.979,17 €	12.856.506,59 €
2020	12.856.506,59 €	5.486.933,12 €	7.369.573,47 €
2021	7.369.573,47 €	10.032.567,54 €	<b>-2.662.994,07 €</b>

**Amortización de débeda: obxectivos do PEFR aprobado**

Exercicio	AMORTIZACIÓN	ANTICIPOS REINTEGRABLES	DÉBEDA BANCARIA
2014	-	-	-
2016	2.386.443,95 €	2.386.443,95 €	
2017	4.650.088,56 €	802.909,00 €	3.847.179,56 €
2018	6.717.595,09 €	2.870.415,53 €	3.847.179,56 €
2019	9.230.756,91 €	5.383.577,35 €	3.847.179,56 €
2020	6.761.552,00 €	2.914.372,44 €	3.847.179,56 €
TOTAL	29.746.436,51 €	14.357.718,27 €	15.388.718,24 €

**GASTOS PROGRAMADOS NO ORZAMENTO**

Pese á obrigada contención de gasto nas políticas de xestión de persoas á que se veñen sometendo as Administracións Públicas ao longo da crise económica, a principal fonte de gasto da USC segue sendo o seu persoal. O documento sobre as Liñas Xerais do Orzamento de 2014 (Claustro do 26 de febreiro de 2014) e no documento Orzamentos da Universidade de Santiago para o ano 2015 (aprobado na sesión do Consello Social do 22 de decembro de 2014) amosan unha liña de contención pero tamén reflicten as accións de aforro nas que se persiste e entre as que destacan a diminución dos gastos fiscais correspondentes ao IBI dos edificios universitarios de Santiago de Compostela en aplicación do convenio subscrito co Concello e no que se fixou unha exención do imposto e un pagamento aprazado da débeda por liquidación das anualidades anteriores á data de subscrición do citado convenio.



Entre as funcións da USC no seu servizo á sociedade destacan a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ó servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico e da difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida. No cumprimento destes servizos a principal partida de gasto da USC é o seu persoal que representa a súa fonte fundamental para a creación de valor, así o gasto en persoal supuxo o 66,9% do orzamento da USC en 2014 e do 69,2% no ano 2015. Tamén destacan as partidas de investimentos reais que representan o 16,3% do gasto no ano 2014 e o 15,9% do gasto no ano 2015, e as partidas de gastos en bens correntes e servizos que supuxeron un 11,4% no ano 2014 e o 12,5% no ano 2015.

“  
**A USC, pese ás políticas de contención do gasto, segue a apostar polo seu persoal como fonte fundamental para a creación de valor.**”

## PRINCIPAIS INDICADORES ECONÓMICO – FINANCIEROS

A USC calcula os indicadores económicos e financeiros que lle permiten obter unha visión xeral da súa situación actual así como da súa evolución respecto dos pasados exercicios. Os indicadores calculados reportan de xeito efectivo e eficaz a situación económica da USC e o valor xerado aos seus principais grupos de interese e a sociedade no seu conxunto.

Principais indicadores económico –financeiros. Evolución 2013, 2014 e 2015 e a Diferenza bianual.

	2013	2014	2015
Liquidez inmediata	11,74%	2,99%	6,86%
Liquidez a curto prazo	100,23%	96,92%	91,79%
Liquidez xeral	100,95%	96,92%	91,79%
Endebedamento	27,03%	26,86%	26,89%
Relación de endebedamento	79,38%	77,37%	78,23%
Gastos/Ingresos de xestión ordinaria	104,05%	101,78%	100,45%
Ingresos tributarios/Ingresos xestión ordinaria	0,04%	0,06%	0,07%
Transferencias/Ingresos xestión ordinaria	83,82%	82,64%	83,42%
Vendas netas e prestación de servizos/Ingresos xestión ordinaria	15,44%	16,78%	15,91%
Resto ingresos xestión ordinaria/Ingresos xestión ordinaria	0,69%	0,52%	0,61%
Gastos de persoal/Gastos xestión ordinaria	71,27%	71,12%	72,26%
Transferencias/Gastos xestión ordinaria	2,90%	3,18%	2,82%
Resto gastos xestión ordinaria/Gastos xestión ordinaria	25,83%	25,70%	24,92%



**“ A comunidade universitaria, nestes últimos anos, realiza un importante esforzo para adaptarse á situación actual de contracción do orzamento universitario. ”**

Malia as restricións económicas que afectan a ámbitos como o da xestión financeira, a USC afianza o seu compromiso coa tripla misión universitaria que inclúe a docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento, xunto coa responsabilidade social.

## O SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA

O Servizo de Xestión Económica é a unidade administrativa encargada da coordinación, xestión, seguimento e asesoramento nos procedementos de contratación pública e privada e na xestión patrimonial.

Esta unidade conta con dúas seccións, a Sección de Xestión e Contratación e a Sección de Patrimonio, dependendo dela a xestión dos asuntos económicos dos servizos centrais que corresponden aos centros de gasto emprazados no "Pazo de San Xerome" e na "Casa da Balconada".

### SECCIÓN DE XESTIÓN E CONTRATACIÓN

